


# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA PARA O 2º DE CICLO DA ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL



1.-INTRODUCCIÓN E CONTEXTUAIZACIÓN

2.- CARACTERIZACIÓN DO CICLO.

3.- A PROGRAMACIÓN E A SÚA RELACIÓN CO CURRÍCULO

3.1- CONTRIBUCIÓN O DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

3.1.1- DESCRIPCIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE.

3.1.2- PAUTAS DE TRABALLO NA AULA PARA O DESENVOLVEMENTO DE CADA UNHA DAS COMPETENCIAS CLAVE.

3.2.OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN INFANTIL

3.3- CONTIDOS

3.4.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN

4.- METODOLOXÍA DIDÁCTICA

4.1-ORGANIZACIÓN ESCOLAR

4.1.1-ORGANIZACIÓN DO TEMPO

MODELO DE XORNADA ESCOLAR

4.12- ORGANIZACIÓN DO ESPAZO

ZONAS COMUNES

AULA CLASE

4.1.3.- AGRUPAMENTOS

4.1..4- MATERIAIS E RECURSOS

4.1.5- TIPOS DE ACTIVIDADES A DESENVOLVER

4.2.- METODOLOXÍA LECTOESCRITORA

4.3 –AVALIACIÓN

4.3.1AVALIACIÓN DOS ALUMNOS/AS

- TIPOS DE AVALIACIÓN
- TÉCNICAS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

4.3.2.-PROCEDEMENTO PARA O SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DA PROPIA PROGRAMACIÓN.

4.4- TEMPORALIZACIÓN

5.- PERÍODO DE ADAPTACIÓN

6. - MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

7.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

8.- CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

8.1.- ACERCAMENTO E INCORPORACIÓN DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN NO TRABALLO NA AULA.

8.2- CONCRECIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.

8.3.3- ACCIÓNS PREVISTAS EN RELACIÓN CO PROXECTO LECTOR.

8.4- EDUCACION EN VALORES.

8.5- ACCIÓNS PREVISTAS PARA INFANTIL EN RELACIÓN CO PLAN DE IGUALDADE DO CENTRO.

9.- CONCLUSIÓN

ANEXOS

- ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL
- PROGRAMACIÓN DE PSICOMOTRICIDADE
- PROGRAMACIÓN DE LINGUAXE MÚSICAL
- PROGRAMACIÓN DE LINGUA EXTRANXEIRA

## 1.-INTRODUCCIÓN E CONTEXTUAIZACIÓN

A presente programación foi elaborado polo equipo de Educación Infantil, do C.E.I.P Plurilingüe Manuel Bermúdez Couso, para o curso escolar 2021/2022 có fin de adaptar o noso plan de traballo a lexislación vixente así como a situación social que estamos vivindo derivada da pandemia provocada polo covid-19( que nos provocou, modificacións na planificación de actividades e espazos a nivel de centro e aulas ;planificar medidas para actividade lectiva non presencial en caso de que fose necesario por mor de unha situación de cuarentena xa sexa colectiva ou individual, adaptándonos ao establecido no protocolo covid-19 e plan de continxencia do noso colexio). Con esta programación pretendemos presentar a educación como o medio para contribuír o desenvolvemento constante e equilibrado de tódalas posibilidades dos nosos alumnos e alumnas no que respecta a súa formación física, cognitiva e afectiva.

A importancia da Educación Infantil na actualidade é incuestionable, xa que a sociedade de hoxe (pais e nais) así o demandan como complemento da súa tarefa educativa. As aulas de infantil deben ofrecerlle aos nenos e nenas a afectividade, seguridade, xogo, actividades imprescindibles para o seu correcto desenvolvemento.

Lexislación que tivemos en conta:

- Decreto 330/2009 do 4 de xuño, polo que se establece o currículo de educación infantil na comunidade autónoma de Galicia.

- Orde do 25 de xuño de 2020 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na comunidade autónoma de Galicia.

- Lei Orgánica 2/2006, 3 de maio, de educación.(LOE).

- Orde do 19 de maio do 2021 pola que se regula o calendario escolar para o curso 2020/2021, nos centros docentes sostidos con fondos públicos na comunidade autónoma de Galicia.

A partir desta lexislación, nun nivel de maior concreción, concretámolo en función das características e peculiaridades do alumnado que asiste ó noso centro educativo, ó entorno que nos rodea e á realidade sociocultural das familias e as localidades que se engloban dentro do noso centro.

Nesta programación didáctica establécense os propósitos, decisións e acordos tomados polo equipo docente da Educación Infantil, para poder impartir con coherencia e interrelación cada unha das áreas do currículo.

A LOE, incorporou as competencias básicas para o desenvolvemento integral dos alumnos e alumnas, as cales, están estritamente ligadas ó curso da vida e da experiencia. Na elaboración desta programación estiveron presentes como eixe vertebrador sobre o que se apoia o proceso de ensino e aprendizaxe dos nosos alumnos e alumnas.

Dentro deste marco, o equipo do segundo ciclo de Educación Infantil deste centro, elaboramos esta programación didáctica, incluíndo a áreas: Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal, Coñecemento do contorno, e Linguaxes: Comunicación e representación, ademais das áreas de Inglés, Relixión Católica, Música e Psicomotricidade.

Consideramos que esta programación, como elemento flexible e práctico que é, está suxeito a tódalas modificacións que sexan necesarias a partir da posta en práctica e dos resultados obtidos no proceso de ensino- aprendizaxe.

Polo tanto, necesita unha revisión periódica que garanta a súa mellora e a adaptación constante a unha realidade educativa cambiante .

### **a) Medio Físico**

O Concello de Pobra de Trivés sitúase nas estribacións occidentais da Serra de Queixa. O seu terreo baixa cara ó oeste e as ribeiras do río Bibeí formando vales estreitos e encaixados con grandes desniveis.

O colexio no que imos levar a cabo esta programación é o CEIP Manuel Bermúdez Couso; un centro semiurbano da alta montaña do oriente ourensán situado no concello de Pobra de Trivés

O centro: Formado por 2 edificios. No primeiro deles, na planta baixa, sitúanse 3 aulas de Infantil, un aseo mixto, unha titoría, o ximnasio, a conserxería,, o departamento de orientación, 2 aulas máis (as de 1º e 2º de Primaria), a sala de mestres/as, dirección, e secretaría. No primeiro andar están os aseos a ambos lados do corredor, as clases de 3º, 4º, 5º e 6º de Primaria, a clase de inglés, a aula de apoio e a de informática. No segundo andar atópanse uns baños, a biblioteca, a radio escorar e a aula de plástica..

No segundo edificio ubícanse o comedor e a cociña, a aula de música, uns aseos e o salón de actos.

## **b) Medio Humano**

### **O Concello**

Posúe unha poboación duns 2000 habitantes e unha extensión de 84 km. cadrados sendo o seu principal núcleo de poboación A Pobra de Trivés cuns 300 habitantes, rodeada de 21 parroquias que dependen desta.

A poboación está moi espallada, a pesar de que unha grande parte vive na vila de Pobra de Trivés.

A actividade económica do municipio baséase principalmente no sector servizos (turismo rural e de montaña), na agricultura e gandaría e no comercio e a hostalería.

### **Turismo rural e de montaña-**

Neste ámbito é de destacar o complexo hoteleiro de Cabeza Grande de Manzaneda e a súa estación invernal, a única da Comunidade Autónoma de Galicia. Abundan os bares/restaurantes, casas de turismo rural (antigos pazos e casas grandes) e existen dous campings. Orografía, beleza paisaxística, clima e vexetación fan da comarca un lugar perfecto para o descanso e o disfrute da natureza.

### **Agricultura e gandaría.**

O sector primario (agrícola e gandeiro) é outro dos principais pilares

económicos da comarca. Entre os cultivos destaca o da castaña e o do mel. En canto á produción gandeira destaca a ovina/caprina, vacuna e porcina. Practicamente todas as familias crían porcos para o consumo propio (matanza). Esta produción propia de cerdo xunto coas pequenas hortas familiares fan que con un pequeno soldo e/ou pensión poida unha familia vivir.

## **Comercio e hostalería**

Entre os comercios destacan as confitarías/panaderías que venden o famoso produto típico gastronómico desta localidade: a bica. En canto ó sector hostaleiro, a localidade conta con numerosos bares/restaurantes en proporción ós habitantes cos que conta. A creación de postos de traballo na comarca é baixa. Entre as empresas privadas que crean traballo destaca unha das principais eléctricas do país que explota varios centros de produción eléctrica (abundantes encoros/pantanos na comarca) dando traballo a un número importante de persoas da comarca. Durante os meses de xullo, agosto e setembro a poboación incrementa considerablemente o seu número de habitantes posto que veñen de vacacións fillos e netos de triveses repartidos por todo o mundo. Senón fose por este motivo varios comercios e negocios de hostalaría veríanse obrigados a pechar.

## **O alumnado**

O alumnado (102 rapaces e rapazas) procede na súa grande maioría deste Concello, pero ademais están escolarizados no Centro algúns rapaces/as de orixe estranxeiro (búlgaros/as, rumanos/as ).

## **Persoal docente**

No centro imparten docencia un total de 14 mestres/as distribuídos da seguinte maneira:

Educación Infantil:

- 3 titores

En primaria:

- 6 titores en primaria e os especialistas de Educación Física, Inglés, Música, Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe e relixión(compartidos I.E.S.Germán Ancochea e o C.P.I de Castro Caldelas), e Orientación (compartido co colexio de Manzaneda).

### **Os órganos de goberno están estruturados do seguinte xeito:**

- **Unipersoais**: Directora, Xefa de Estudos e Secretario.
- **Colexiados**: Claustro (formado por todos os profesores do centro) e Consello Escolar (formado por directora, xefa de estudos, secretario, un representante do Concello, un representante do persoal de administración e servizos, 5 mestres, 1 representante da AMPA e 4 pais/nais)

### **Órganos de Coordinación docente**

- Equipo de Ciclo de E.I.
- Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Equipo de Normalización Lingüística
- Equipo de Actividades Extraescolares e Complementarias
- Departamento de Orientación
- Equipo das Tics-
- Comisión de Convivencia.
- Equipo de biblioteca

### **Persoal non docente**

Formado por un conserxe e 2 limpadoras, dependentes todos do Concello, un cociñeiro/a e unha axudante de cociña, dependentes da Consellería de Educación.

## **2.- CARACTERIZACIÓN DO CICLO.**



O segundo ciclo da Educación Infantil comprende nenos e nenas de 3 a 6 anos, cunhas características evolutivas e de desenvolvemento particulares que condicionan os procesos de aprendizaxe que poden levar a cabo e que hai que ter presentes á hora de programar o currículo.

### **O alumnado**

Esta programación vai dirixida a un total de 25 alumnos/as de entre 3 e 5 anos matriculados actualmente no 2º ciclo de Educación Infantil distribuídos en 3 aulas de infantil.

- 4º de educación infantil con 10 alumnos/as (mandilón vermello).
- 5º de educación infantil con 9 alumnos/as (mandilón amarelo).
- 6º de educación infantil con 6 alumnos/as (mandilón verde).

### **CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL**

As características psicoevolutivas dos nenos/as destas idades son:

#### **A) Características do neno/a de Educación Infantil de 3/4 anos.**

Ata este período o neno/a vai avanzando considerablemente na coordinación motora e perceptiva, que lle permite unha observación progresivamente mais detallada de todo o que o rodea, feito que se relaciona cunha curiosidade crecente.

A súa enorme fantasía non lles permite diferenciar entre o real e o imaxinario.

Ten unha maior discriminación visual, perceptiva e verbal.

Xa ten adquirida a capacidade para comprender e utilizar símbolos para representar e evocar cousas sen telas presentes. Isto fará aumentar con rapidez a súa intelixencia e linguaxe.

O desenvolvemento da súa linguaxe será unha das variables máis importantes para o desenvolvemento da súa intelixencia.

Gústalle falar e que o escoiten, deste xeito aumenta o seu vocabulario, mellora a súa articulación e a súa capacidade de comprensión e expresión.

Afán por descubrir, explorar, e investigar.

Ten fortes desexos de agradar.

O seu desenvolvemento psicomotor faille ser máis autosuficiente e independente do adulto.

Mediante a imitación e xogo simbólico, progresa no coñecemento da realidade facéndoa súa, axustándoa os seus desexos. O xogo é unha actividade fundamental para o seu desenvolvemento intelectual e afectivo.

Utiliza e interpreta símbolos diversos. Aumenta a capacidade de comunicar as propias vivencias mediante o debuxo e a linguaxe.

Consigue un dominio do aparato fonador e articula con máis precisión tódolos sons. Aumenta considerablemente o seu vocabulario, e mellora na adquisición das estruturas básicas da linguaxe.

Progresa na capacidade de establecer relacións cuantitativas de causa-efecto, de orde, etc, entre diferentes obxectos e fenómenos.

Avanza na conciencia de grupo e iniciase na relación con grupos reducidos. Ten amigos máis estables e desfruta nas actividades dirixidas, e notable o seu progreso de socialización,

## **B) Características do neno/a da Educación Infantil de 4/5 anos**

Consegue tamén un avance tanto no coñecemento e no control do seu corpo como na orientación espazo-temporal.

Avanza considerablemente na capacidade de simbolización. Mediante a imitación e o xogo simbólico progresa no coñecemento da realidade facéndoa súa, axustándoa os seus desexos, así como o xogo é unha actividade fundamental para o seu desenvolvemento intelectual e afectivo.

Utiliza e interpreta símbolos diversos. Aumenta a capacidade de comunicar as propias vivencias mediante o debuxo e a linguaxe.

Consegue un dominio do aparato fonador e articula con máis precisión tódolos sons. Aumenta considerablemente o seu vocabulario.

Progresa na capacidade de establecer relacións cuantitativas da causa-efecto, de orde, etc. entre diferentes obxectos e fenómenos.

Avanza na conciencia de grupo e inicia a relación con grupos reducidos. Ten amigos máis estables e desfruta nas actividades dirixidas. É notable o progreso no seu proceso de socialización.

### **C) Características do neno/a de Educación Infantil de 5/6 anos**

Nesta etapa prodúcense logros importante : os nenos e nenas realizarán as primeiras abstraccións, serán capaces de operar coas imaxes mentais dos obxectos sen necesidade de telos diante, poderán interiorizar obxectos e accións e manipularlos mentalmente.

O pensamento é máis lóxico, polo que conseguirán realizar seriacións e clasificacións seguindo criterios máis complexos que aos 4 anos. Os nenos e nenas de 5 anos poderán resolver por si mesmos os problemas que se lles plantexen na súa vida cotiá, xa que, progresivamente, van necesitando menos do adulto para solucionar os seus conflitos. Aínda son realistas e egocéntricos e están suxeitos á experiencia directa. Aínda non diferencian os feitos obxectivos da percepción subxectiva dos mesmos e creen que os demais pensan coma eles.

Ós nenos e nenas gústalles saber por que ocorren determinados feitos e cales son as causas das cousas, aínda lles costa captar a temporalidade dos acontecementos.

Seguirán progresando na adquisición das nocións espaciais e temporais. Emitirán xuízos prácticos sobre algúns conceptos.

Continuarán avanzando no coñecemento de eles mesmos, tanto no que se refire a súa personalidade, as súas cualidades, e os seus defectos, coma nas súas emocións, desexos e necesidades. Son máis críticos con eles mesmos e isto fai que , as veces, baixe a súa autoestima.

No ámbito psicomotor alcanzarán un gran sentido do equilibrio e do ritmo; moveranse con gran soltura. Sentiranse máis seguros; saltarán alternando os pes; subiranse a distintos sitios, subirán e baixarán as escaleiras correndo, bailarán seguindo diferentes ritmos. Progresivamente alcanzarán maior madurez e isto permitiralles poder pasar máis tempo sentado.

O maior grado de coordinación permitiralles aprender a practicar a natación, montar en bicicleta, patinar..... Os movementos finos gañarán na precisión, poderán recortar con tesoiras e cos dedos con gran soltura.

Debuxarán diferentes obxectos e pintarán utilizando, con criterio, os cores primarios e secundarios. O debuxo da figura humana será mais completo e aparecerán os detalles.

A lateralidade quedará definida ós 5 anos, manifestándose a dominancia zurda ou destra, aspecto que favorecerá a orientación espacial e consolidará a estruturación do esquema corporal.

A linguaxe adquire niveis maiores de corrección. Os nenos e nenas empezan a comprender algunhas regras que rexen o intercambio lingüístico. O vocabulario seguirá aumentando progresivamente, manexarán unhas 2500 palabras. Continúan sendo curiosos e inquietos, as preguntas que formulan teñen mais sentido que as dos nenos e nenas de 4 anos. Preguntan porque teñen verdadeiros desexos de saber, e non por xogar como facían aos 4 anos

Na expresión oral continuarán mellorando. Progresivamente pronunciarán as palabras case correctamente e, aínda que confundirán algúns fonemas e sons, producirán frases mellor estruturadas, comprenderán algunhas formas pasivas cos verbos de acción, aprenderán estruturas sintácticas máis complexas e as distintas modalidades funcionais do discurso (afirmativas, negativas, interrogativas e exclamativas). Así aprenderán a definir obxectos pola utilidade que teñen. Ós nenos e nenas gústalles contar contos, e que llos conten. Respecto a isto último, si se lles narra unha historia longa poden seguila ata o final, e extraer o que lles resulta mais chamativo.

Ós 5 anos comezarán a formar unha conduta verbal que se consolidará ós 6 anos. Aumentarán gradualmente o dominio de estruturas semánticas e as

súas comunicacións irán adquirindo maior intencionalidade. Empregarán a linguaxe como medio de comunicación adaptándoa as diferentes situacións e interlocutores.

No plano social e afectivo son máis seguros e independentes. Poden realizar actividades sen necesidade de pedir permiso ou de requirir a atención do adulto. As súas amizades son máis sólidas e permanentes, e poden volverse protectores dos nenos e nenas máis pequenos. Son máis conformistas, máis naturais e sinxelos. Necesitan a aprobación das súas condutas, intentan colaborar e facer o que se lles pide e aceptan e respectan as normas que rexen a vida familiar e escolar.

Por outra parte, gústalles escoller aos seus compañeiros e compañeiras de xogo, e aínda que coñecen as regras dos mesmos, cámbianas se lles convén.

## **Mestres**

No curso 2021/2022 o equipo de ciclo de Educación está composto por:

- D<sup>a</sup> Mari Luz Rodríguez González. Titora da Aula de 4<sup>o</sup> de educación infantil.
- D<sup>a</sup> María José Rodríguez Martínez. Titora da Aula de 5<sup>o</sup> de educación Infantil e coordinadora do ciclo.
- D<sup>a</sup> María Elena González Pérez . Titora da aula de 6<sup>o</sup> de educación infantil.

E dous Mestre colaboradores do ciclo:

- .D<sup>a</sup> Monse Méndez Pérez
- D<sup>o</sup> Amador Ares ares

Mestres que tamén dan clase no ciclo:

- D<sup>o</sup> Amador Ares Ares (Relixión).
- D<sup>a</sup> María Pérez Álvarez (Inglés).
- D<sup>a</sup> Ana Rodríguez Dosouto (Mestra de música).
- D<sup>a</sup> Monse Méndez Pérez (A.L.).

- Dº Jose Schez Pico(Psicomotricidade).

### **3.- A PROGRAMACIÓN E A SÚA RELACIÓN CO CURRÍCULO**

#### **3.1- CONTRIBUCIÓN O DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.**

##### **3.1.1- DESCRIPCIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE.**

A Educación Infantil ademais de sentar as bases para o desenvolvemento persoal a social do neno ou da nena, ten un peso importante na construción e integración de aprendizaxes funcionais (competencias, destrezas, hábitos e actitudes) que serán o pilar do posterior desenvolvemento das competencias básicas e facilitarán a súa posterior adaptación à Educación Primaria.

As competencias básicas son un concepto que se introduce coa Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación no currículo. Defínense nela como aquelas **aprendizaxes imprescindibles** que se han de desenvolver para logra-la realización persoal, exercer a cidadanía activa, e incorporarse á vida adulta de maneira satisfactoria e desenvolver un aprendizaxe permanente ao longo da vida. O seu traballo comezará dende a Educación Infantil e abarcará ó longo de toda a etapa de ensino obrigatorio.

A súa incorporación no noso currículo a través das 3 áreas supón o enriquecemento do mesmo e vai facilitar e condiciona-la nosa toma de decisións sobre a selección de obxectivos, contidos, criterios de avaliación e metodoloxía.

O enfoque por competencias modifica os puntos de vista convencionais que tiñamos sobre a forma de aprender e de ensinar, posto que o aspecto central deixa de ser a acumulación de coñecementos para pasar a ser o desenvolvemento da capacidade dos nenos e das nenas de pór en práctica de forma integrada, en contextos e situacións diferentes, tanto os coñecementos teóricos como as habilidades ou coñecementos prácticos, como as actitudes persoais adquiridas.

A UNESCO, identifica oito competencias básicas, as cales iremos introducindo ao longo deste curso, e son as seguintes:

- **COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA:** refírese á utilización da linguaxe como instrumento, tanto de comunicación oral e escrita, como de aprendizaxe e regulador de condutas. Iniciaremos ós nenos/as nos diferentes soportes da lingua (oral e escrita) e ás distintas formas de comunicación das distintas contornas. Levaranse a cabo actividades de escoita e comprensión, traballarase con xornais, revistas, folletos, etiquetas... Fomentarase nas asembleas, nos xogos de palabras e linguaxe, nas actividades que xiren entorno ó conto, nos diferentes recunchos.... Para contribuír à mellora da competencia fomentarase a participación, respectando a diversidade de respostas e ofrecendo un clima no que se anime a ler, escribir, conversar...

- **COMPETENCIA MATEMÁTICA:** refírese á habilidade de utiliza-los números, símbolos, operacións e razoamento matemático, para ter un coñecemento máis completo da realidade e estratexia para resolver problemas da vida diaria. Trataremos de fomentala nas actividades lóxico-matemáticas: os xogos coma o dominó, os bloques lóxicos, seriacións, nos xogos dos bolos, facendo estimacións e no conteo; en definitiva poñendo ó neno/a en situacións nas que se manexen elementos matemáticos básicos como distintos tipos de números, medidas, símbolos, figuras xeométricas,,

- **COMPETENCIA NO COÑECEMENTO E NA INTERACCIÓN CO MUNDO FÍSICO:** fai referencia á habilidade para interactuar co medio físico. Este é un aspecto que se traballa en numerosas actividades das diferentes unidades, no recuncho do xogo simbólico, na celebración das diversas festas, nas rutinas de entrada... Tratemos tamén de fomentar o espírito crítico na observación da realidade, de potenciar as habilidades de investigación (formular interrogantes, recoñecer evidencias, observar, verificar, predicir, dar solucións...)

- **TRATAMENTO DA INFORMACIÓN E COMPETENCIA DIXITAL:** refírese á habilidade para buscar, procesar e comunicar a información e transformala en coñecemento, para o que levaremos á aula as Novas Tecnoloxías para que sexan unha rutina máis. Para elo temos ó recuncho do ordenador, e traballaremos coa PDI. Favoreceremos a autonomía persoal en accións coma

acender e apagar o ordenador, manexar o rato, abrir e pechar xanelas, manexar programas sinxelos, recoñecer algunhas iconas...

- **COMPETENCIA SOCIAL E CIDADÁ:** permite vivir en sociedade, comprendendo e respectando a realidade social e exercer a cidadanía democrática. Ó longo do curso traballarámos cando respectemos as quendas de palabra, as opinións dos demais, cando fagamos eleccións democraticamente... Estarámos traballando tamén cando lles ensinemos a coñecerse e valorarse, a comunicarse en diferentes situacións, a expresar as súas ideas e a respecta-las alleas, a ser capaz de empatizar e de comprender o punto de vista dos demais, a participar nos diálogos, a respecta-las diferenzas e a recoñecer a igualdade de dereitos entre os diferentes colectivos, e en particular entre homes e mulleres.

- **COMPETENCIA CULTURAL E ARTÍSTICA:** Dita competencia fai referencia á capacidade de valorar de forma crítica as diferentes manifestacións culturais e artísticas. Para tratar de desenvolvela traballaremos con diferentes técnicas plásticas (colorear, recortar, pintar, estarcir, resgar... para estimular o gusto e o interese dos nenos e das nenas por experimentar con diversos materiais e gozar do pracer de observar as súas propias creacións e as dos demais.

- **COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER:** o que supón iniciarse na aprendizaxe e continuo de forma autónoma. Para el dotaremos ós pequenos de medios e recursos que lles permitan resolver situacións conflitivas por si sós. Desenvolveremos actividades encamiñadas a favorecer a comprensión, a expresión lingüística, a memoria, a motivación, a observación e o traballo cooperativo así como a resolución de problemas da vida cotiá.

- **AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSONAL:** refírese á posibilidade de optar con criterio propio e poñer en marcha as iniciativas necesarias. Nunha una línea similar á anterior, trataremos de que acaden unha autonomía acorde a idade.

### **3.1.2- PAUTAS DE TRABALLO NA AULA PARA O DESENVOLVEMENTO DE CADA UNHA DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.**



## **Competencia en comunicación lingüística**

Esta competencia está relacionada co desenvolvemento e o uso adecuado das destrezas básicas da linguaxe: escoitar, falar, ler e escribir. Ademais, integra aprendizaxes que son básicos para o desenvolvemento do resto de competencias básicas.

Os noso alumnos/as ao terminar o Segundo Ciclo da Educación Infantil serán capaces de :

- Expresarse de forma clara e coherente.
- Utilizar un vocabulario axeitado a súa idade.
- Describir persoas, obxectos e situacións.
- Comprender contos e relatos lidos ou contados por outros.
- Comprender e interpretar imaxes: viñetas, contos, fotografía, pictogramas, sinais de tráfico...
- Relatar e inventar pequenas historias a partir de vivencias, contos e imaxes.
- Comprender, memorizar, e recitar poesías, refráns e adiviñas.
- Ler e escribir palabras sinxelas relacionadas coas súas vivencias e o seu contorno

### **Pautas didácticas:**

1.-Realizar actividades en situacións e contextos habituais de:

- Comprensión de mensaxes orais emitidos por un adulto.
- Producción de mensaxes orais propios para expresar ideas, sentimento, necesidades e desexos.
- Narración de acontecementos relevantes da súa vida cotiá ordenados no tempo

- Construción de frases coa estrutura axeitada e progresivamente máis complexa.

2.- Poñer de forma habitual o alcance dos nenos e nenas textos orais de tradición cultural para:

Espertar o gusto polos distintos xéneros literarios (contos. Poemas...)

Traballar a entoación axeitada en función do xénero textual do que se trate: poesías, adiviñas, contos....

Favorecer o desenvolvemento da súa capacidade de memoria repetindo progresivamente textos máis longos. Por exemplo: versos, estrofas e poemas completos.

- Estimular de forma motivador os órganos que interveñen na articulación das palabra e afianzar a pronunciación de grupos consonánticos complexos con actividades a modo de xogos, como trabalinguas, retahílas..
- Utilizar outros códigos de comunicación extralingüísticos, como son a linguaxe corporal a expresión facial para reforzar o significado das mensaxes que se transmiten.

3.- Promover actividades grafomotrices motivadoras e axeitadas ao nivel para que os nenos poidan:

- Conseguir a progresiva coordinación visomanual necesaria na aprendizaxe da escritura.
- Exercitar a utilización dalgúns convencionalismos da lingua escrita como a linealidade, a direccionalidade dereita-esquerda a organización e posición do texto no papel.

- Descubran a diferenza entre símbolos propios da linguaxe escrita de outras formas de expresión gráfica como debuxos pictogramas, sinais..
- Identifiquen as palabras significativas do contorno habitual.
- Recoñezan a linguaxe escrita como instrumento de comunicación para representar a realidade
- Mostren interese por descifrar e escribir mensaxes sinxelos con unha intención comunicativa.
- Facilitar o contacto con libros variados (contos, periódicos, revistas..) para que os nenos e nenas poidan: deducir o seu contido a partir da lectura dos debuxos, ilustracións e fotografías que os acompañan.

### **Competencia Matemática**

Esta competencia inicia os alumnos/as nas habilidades matemáticas básicas, que lles permitirán construír o seu pensamento lóxico necesario para o desenvolvemento progresivo desta competencia.

Aínda que os obxectivos e contidos vinculados coa adquisición da competencia matemática trabállanse de xeitos globalizado en tódalas áreas, desenvólvense e concrétanse especialmente na área de Coñecemento do contorno coo un medios de coñecer, manipular, transformar e vivenciar as relacións que se establecen entre os do medio físico.

Coa construción do pensamento lóxico póllense as bases para que os neno/a utilice el mesmo de forma automatizada na resolución dos problemas que se lles poden plantexar , xa sexa na aula ou en calquera dos outros ámbitos onde se desenvolve.

### **Pautas didácticas:**

1.- Aproveitar e suxerir actividades manipulativas no día a día da aula xa que a través delas o neno e nena chega a:

- ó conteo, o concepto e a representación do número
- Ó inicio das operacións básicas da suma como adición (xuntando) e da resta como sustracción (quitando)
- Ó concepto de formas e tamaños
- Ó uso de cuantificadores
- Inicio no manexo e comprensión do calendario, as estacións, os días da semana e os meses do ano.
- Identificación, manipulación, e representación das formas xeométricas básicas(círculo, cadrado..), así como a algúns corpos xeométricos sinxelos como a esfera e o cubo.

2.- Fomentar e sacar proveito a tódalas situacións cotiás que se producen na aula como entrar, saír, sentarse.. para que os nenos e nenas aprendan e interioricen de forma motivadora:

- Situarse no espazo e representar distintas situacións:dentro/fora; a un lado/a outro lado...
- Reforzar estruturas e conceptos temporais.
- Promover situacións na aula que impliquen un problema matemático para que os nenos e nenas o resolvan e aprendan

mecanismos que poderán utilizar noutras situacións da súa vida cotiá.

- Estimación intuitiva do tempo( agora, antes, pola mañá, pola tarde, pola noite..)

### **Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico e natural**

Esta competencia pretende que os alumnos/as amplíen o seu coñecemento das persoas, os obxectos, e outros elementos que conforman o mundo que os rodea, desenvolvendo as habilidades e destrezas necesarias para interpretar a realidade.

Na etapa da educación infantil o neno e nena sinte unha gran curiosidade polo seu contorno, aproveitando esta circunstancia e desde pequenas investigacións, con situacións e actividades ( xogos, manipulación, experimentación, e interactuando co mundo cos rodea) iniciáremos na adquisición desta competencia que lles permitirá desenvolver habilidades necesarias para:

- Orientarse nos espazos cotiás.
- Situar no tempo e localizar acontecementos relevantes.
- Identificar elementos representativos da súa realidade máis cercana como: grupos sociais e profesionais, elementos urbanos e naturais, animais, medios de comunicación e transporte, manifestacións artísticas e culturais.

### **Pautas didácticas:**

- Promover actividades que fomenten a orientación dos nenos e nenas nos espazos cotiás e que lles permitan desprazarse neles con seguridade.
- Aproveitar o día a día na aula para que os nenos/as se sitúen de forma progresiva no tempo (agora, logo, antes, onte, hoxe, mañá, un día....)
- Realizar propostas que permitan os nenos/as recoñecer os grupos sociais dos que forman parte, como pode ser a familia, os compañeiros da aula....
- Poñer ao alcance dos nenos/as espazos onde poidan observar animais e plantas so seu contorno próximo.
- Realizar pequenas investigacións.
- Buscar información.
- Facilitar saídas a contornos próximos para que os nenos/as comprendan os efectos da súas actuacións sobre o medio, desenvolvendo actitudes de respecto as plantas , animais e obxectos.
- Aproveitar eventos e festividades no contorno co fin de que os alumnos/as comecen a coñecer e valorar as manifestacións culturais e artísticas propias da súa comunidade.

### **Competencia dixital e tratamento da información**

Esta competencia fai referencia o inicio das habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar a información e transformala en coñecemento.

Dun xeito natural, a través do xogo o neno e a nena interiorizan e aprenden o código informático coa un elemento máis do seu universo cognitivo, o que lles permitirá ir desenvolvendo a competencia suficiente para o uso progresivamente máis autónomo do ordenador coma un recurso máis de coñecementos que complementan os y xa existentes na aula.

O ordenador, os programas multimedia e o resto de medios audiovisuais son un medio máis, habitual e imprescindible dentro da aula de Educación Infantil. Polo seu carácter interactivo e lúdico espertan a curiosidade natural dos nenos/as e o seu interese por explorar, axudándolles a xeneralizar habilidades e coñecementos

### **Pautas didácticas:**

- Promover actividades que exercitan as destrezas necesarias para que os nenos e nenas busquen e seleccionen información tanto en fontes tradicionais (libros , revistas,..) como en aplicacións multimedia.
- Reforzar con actividades manipulativas a motricidade fina implicada en tarefas do anexo do ordenador.
- Iniciar con actividades que inviten aos nenos/as á reflexión e o razoamento e a unha actitude crítica cando busquen información e a seleccionen.
- Invitar aos nenos/as ó uso do ordenador para que aprendan aspectos básico da súa utilización como: apagar e encender, moverse dentro do rato , identificar iconos... con certa autonomía.

### **Competencia social e cidadá**

Na etapa de Educación Infantil prodúcese o proceso de socialización do neno/a, que constitúe toda unha revolución na súa forma de pensar e o concepto que ten de si mesmo, tendo que adaptarse a un mundo no que él non é o centro.

Este proceso, ademais, condiciona a construción do seu autoconcepto, que se irá formando en gran medida a partir das valoracións que os demais fagan del, tanto sobre as súas capacidades como sobre o seu comportamento.

Por tanto, un correcto aprendizaxe e desenvolvemento de habilidades sociais resulta fundamental para que o neno/nena poida:

- Relacionarse cos demais de forma positiva.
- Sentirse apreciado e ben valorado polos seus iguais e polos adultos.
- Construír un autoconcepto positivo que reforce a súa autoestima a partir da visión que os demais lle devolven sobre si mesmo.

A nosa proposta é traballar de xeito globalizado o desenvolvemento de habilidades sociais que son básicas para a adquisición da competencia social, aportándolle ao neno/a mecanismos para a resolución de conflitos como son:

- A incorporación progresiva de pautas de comportamento adecuadas e fórmulas de cortesía.
- A disposición para compartir e facer un uso respectuoso dos obxectos e materiais.
- A capacidade para relacionarse con tódolos compañeiros e compañeiras, sen excluír a ninguén, aprendendo a pedir e prestar axuda.
- A utilización do diálogo como medio para resolver de xeito progresivamente autónomo os pequenos conflitos cotiás.



### **Pautas didácticas:**

- Contribuír a enriquecer as relacións sociais dos nenos/as aproveitando situación da vida na aula, ensinado a saudar, presentarse, pedir as cousas por favor e dar as grazas pedir permiso antes de facer algo, recoñecer os erros e pedir perdón.
- Promover actividades de xogo simbólico, dramatización..., para fomentar de xeito lúdico habilidades sociais.
- Utilizar as actividades cotiás para reforzar habilidades que permitan o desenvolver o respecto e o cumprimento das normas, facendo que os nenos/as participen na elaboración destas últimas de xeito cada vez máis activo, gradual e progresivo.
- Favorecer situacións de diálogo e intercambio de opinións que permitan os nenos/as aprender e interiorizar unhas normas básicas que faciliten as conversacións: non falar todos ao mesmo tempo, levantar a man e gardar o quenda para falar, estar atentos ao que din os outros mantendo unha actitude e unha postura corporal axeitada.
- Coeducar evitando os estereotipos baseados nas diferencias físicas ou no sexo.

### **Competencia cultural e artística**

Na etapa de Educación Infantil a adquisición da competencia cultural e artística debe de ser entendida nunha dobre dimensión: por un lado para acercar aos nenos e nenas ao mundo que os rodea; e por outro lado, para desenvolver as súas capacidades creativas.

desenvolvemento da competencia cultural e artística axudara aos nenos/as a desenvolver todas as súas capacidades creativas.

O desenvolvemento da competencia cultural e artística axudará ós nenos/as a desenvolver as súas capacidades expresivas, valorando positivamente a súa propia creatividade e a dos demais, desfrutando con elas e desenvolvendo valores de esforzo persoal e solidario.

### **Pautas didácticas:**

- Propoñer actividades para coñecer, comprender e valorar as manifestacións culturais e artísticas da sociedade que nos rodea.
- Promover actividades artísticas con distintos materiais e técnicas plásticas para espertar a creatividade dos nenos/as.
- Fomentar e realizar actividades musicais diversas para desenvolver o sentido do ritmo.
- Utilizar o canto como elemento expresivo(sentimentos, emocións) e de relación social ( escoita activa dos outros nenos/as, valoración do traballo en grupo).

### **Competencia e actitude para seguir aprendendo de forma autónoma o longo da vida “APRENDE A APRENDER”**

A adquisición de esta competencia supón unha mellora na capacidade de aprender de forma autónoma, xa que permite apoiarse en aprendizaxes e

experiencias anteriores co fin de utilizar e aplicar os novos coñecementos e capacidades nos distintos contextos Para o desenvolvemento desta competencia o neno/a ten que iniciarse en tomar conciencia das súas propias capacidades intelectuais e das súas limitacións, sabendo que pode facer por si meso e que cousas son as que ten que facer con axuda de outra persoa.

O “aprender a aprender” dos nenos/as de Educación Infantil está marcado pola globalidade da etapa e atopase estreitamente relacionado co desenvolvemento do resto de competencias básicas, abarcando o desenvolvemento das habilidades necesarias para desenvolverse con soltura no manexo dos distintos recursos e ferramentas que necesitaran para aprender a pensar, a sentir, a convivir, a comprender o mundo no que viven e desenvolverse nel de forma axeitada, aplicando os coñecementos adquiridos e as habilidades, as destrezas e actitudes desenvoltas, non só para a resolución dos problemas, tamén para realizar e integrar as novas aprendizaxes.

### **Pautas didácticas:**

- Programar actividades cunha duración e dificultade axeitada ó nivel e as características dos nenos/as evitando xerar cansancio, aburrimiento, ou desinterese cara o obxecto de aprendizaxe.
- Crear un clima positivo no que se poidan establecer as necesarias relacións de confianza, para que o neno/a se sinta seguro, querido, aceptado, pois só así sentirá que pode expresarse, investigar, plantexar as súas dúbidas e pedir axuda.
- Procurar equilibrar a realización de actividades novas e variadas, que manteñan o interese a curiosidade, sen olvidar o

compoñente indispensable desta etapa, a reiteración e a rutina.

- Potenciar o traballo cooperativo plantexando actividades que posibiliten a interacción alumno-alumno.
- Promover a participación activa do neno/na na realización das actividades: contando as súas propias experiencias, compartindo os seus coñecementos e descubrimentos, expresado as súas opinións, manifestando as súas dúbidas.
- Programar actividades onde os alumnos/as poidan observar e experimentar, xa sexa dentro da aula ou mediante a realización de actividades complementarias e extraescolares.
- Favorecer a participación dos nenos/as no funcionamento e na organización das clases, asumindo pequenas responsabilidades de xeito progresivo e de acordo as súas posibilidades.

### **Autonomía e iniciativa persoal**

Esta competencia basease no coñecemento que o neno/a vai construíndo de si mesmo a través das súas interaccións co medio, cos iguais e cos adultos, e na capacidade para actuar por iniciativa propia. O seu desenvolvemento manifestase a través do uso cada vez máis eficaz do propio corpo en diferentes situacións e contextos da súa vida cotiá como son:

- O desenvolvemento das rutinas diarias

- O incremento da propia iniciativa na realización das rutinas.
- A seguridade que vai adquirindo ó realizar adecuadamente as actividades.
- A resolución dos problemas ou as dificultades que poida encontrar no xogo e na súa relación cos iguais e cos adultos.
- A súa responsabilidade para rematar as rutinas e as actividades dunha forma cada vez máis correcta.

A nena e o neno de Educación Infantil , a medida que coñece e controla o seu propio corpo, móstrase cada vez máis seguro da súa propia eficacia o manexo de diferentes útiles; da súa capacidade para realizar e rematar el só as rutinas persoais de alimentación, vestido, aseo e descanso; e de enfrontarse a novas situacións e actividades con iniciativa, asumindo aqueles resgos que se senten capaces de controlar.

### **Pautas didácticas:**

- Promover a realización de rutinas de aseo e hixiene persoal: poñerse o babi, colgar o abrigo na percha, lavar as mans..., facendo conscientes ós nenos/as de solicitar axuda cando a precisen.
- Realizar percorridos pola aula para darlle a coñecer os distintos espazos e moverse de forma autónoma por eles; dar a coñecer outros espazos patio, aula de psicomotricidade, biblioteca...,para conseguir

que os nenos/as se movan autónomamente por eles.

- Dedicar un tempo específico as rutinas diarias para promover hábitos relacionados co coidado, o orde e a limpeza nos xogos e actividades tanto na propia aula coma no patio.
- Suxerir actividades tanto dirixidas como libres para que os nenos/as adquiran eficacia no manexo dos diferentes útiles: lapis, tesoiras, punzón, pegamento..
- Promover actividades para desenvolver de xeito cada vez máis autónomo rutinas de hixiene e hábitos saudables: merenda de media mañá con froita, ir sos ó baño, lavar as mans sempre que sexa preciso, respectar os tempos de descanso....
- Fomentar actividades que axuden o neno/a a valorarse a si mesmo e a sentirse valorado polas súas cualidades, habilidades e recursos a través de xogos específicos e do día a día na aula.

### **3.2.OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN INFANTIL.**

Os obxectivos xerais que a continuación presentamos para cada unha das tres áreas do currículo desta etapa educativa foron seleccionados tendo en conta que estivesen encamiñados ó desenvolvemento das competencias básicas das que falamos no apartado anterior.

## **Coñecemento de si mesmo/a e autonomía persoal**

- 1.** Formarse unha imaxe axustada e positiva de si mesmo/a a través da interacción cos outros e da identificación gradual das propias características, posibilidades e limitacións, desenvolvendo sentimentos de autoestima e autonomía persoal.
- 2.** Vivir con pracer a actividade sensomotriz de forma que lle permita coñecer e representar o seu corpo, os seus elementos e algunhas das súas funcións básicas, comezando a descubrir as posibilidades de acción e de expresión e coordinando e controlando cada vez con maior precisión xestos e movementos.
- 3.** Afianzar as nocións básicas de orientación no espazo e no tempo e a propia lateralidade.
- 4.** Ter unha actitude de respecto cara ás características e calidades dos demais e valoralas sen actitudes de discriminación en relación con calquera trazo diferenciador e ir aceptando a diversidade como unha realidade enriquecedora.
- 5.** Progresar na coordinación e no control do seu corpo, descubriendo e desenvolvendo, cada vez con máis precisión, a súa percepción sensorial, habilidades manipulativas, estruturas fonadoras e coordinación visual, orientándose e adaptándose ás características do contexto.
- 6.** Iniciarse na identificación dos propios sentimentos, emocións, necesidades ou preferencias para, progresivamente, ser capaces de denominalos, expresalos e comunicarllelos aos demais, identificando e respectando, tamén, os dos outros.
- 7.** Desenvolver estratexias para satisfacer autonomamente as súas necesidades básicas de afecto, de individualización, físicas, de xogo, de exploración e de relación, manifestando satisfacción polos logros alcanzados.
- 8.** Realizar, de maneira progresivamente autónoma, actividades habituais e tarefas sinxelas para resolver problemas da vida cotiá, aumentando o sentimento de autoconfianza e a capacidade de iniciativa.

**9.** Iniciarse na adquisición de hábitos e actitudes relacionados coa seguridade, coa hixiene, coa alimentación e co fortalecemento da saúde, apreciando e gozando das situacións cotiás de equilibrio e benestar emocional.

**10.** Desenvolver actitudes e hábitos sociais para a convivencia como o respecto, o diálogo, a axuda, a negociación e a colaboración.

**11.** Participar en xogos colectivos respectando as regras establecidas e valorándoos como medios de relación social e recursos de lecer e tempo libre.

**12.** Mostrar interese polas diferentes actividades escolares e actuar con atención e responsabilidade.

### **Coñecemento do medio (Medio físico, natural, social e cultural)**

**1.** Observar e explorar o seu medio familiar, social e natural, para a planificación e a ordenación da súa acción en función da información recibida ou percibida.

**2.** Relacionarse cos compañeiros, compañeiras e cos adultos do seu medio próximo, interiorizando progresivamente as pautas de comportamento social e axustando a súa conduta a elas, e ser capaces de respectar a diversidade e desenvolver actitudes de axuda e colaboración.

**3.** Iniciarse no coñecemento de distintos grupos sociais próximos á súa experiencia, algunhas das súas características, producións culturais, valores e formas de vida, xerando actitudes de amizade, confianza, respecto e aprecio e valorando a importancia da vida en grupo.

**4.** Coñecer os roles e responsabilidades dos membros máis significativos dos seus grupos sociais de referencia.

**5.** Coñecer algúns animais e plantas, as súas características, hábitat e ciclo vital, e valorar os beneficios que lle proporcionan á saúde e ao benestar humano e ao medio.



- 6.** Ampliar a curiosidade e o afán por aprender, adquirir fundamentos de pensamento e ampliar o campo de coñecemento para comprender mellor o mundo que o rodea.
- 7.** Iniciarse nas habilidades matemáticas e na súa linguaxe a partir de situacións significativas, manipulando funcionalmente elementos e coleccións, identificando atributos e calidades e establecendo relacións de agrupamento, clasificación, comparación, seriación, secuenciación, orde, medición e cuantificación.
- 8.** Iniciarse no concepto de cantidade, na expresión matemática e nas operacións aritméticas (adición e sustracción).
- 9.** Iniciarse na estimación e medida do tempo. Coñecer e utilizar os diferentes instrumentos de medida do tempo.
- 10.** Coñecer, representar e nomear a partir da observación, descrición, manipulación e xogo, os obxectos da vida cotiá con formas xeométricas planas e algunhas de volume.
- 11.** Adquirir nocións de xeografía a través da paisaxe.
- 12.** Utilizar adecuadamente instrumentos e utensilios para realizar actividades sinxelas e resolver problemas prácticos no marco técnico da súa cultura.
- 13.** Mostrar interese e curiosidade polos cambios aos que están sometidos os elementos do medio, para identificar algúns factores que inciden neles.
- 14.** Coñecer e valorar algúns dos compoñentes básicos do medio natural, físico, social e cultural e algunhas das súas reaccións, cambios e transformacións desenvolvendo, progresivamente, actitudes de coidado, respecto e responsabilidade na súa conservación: consumo racional, aforro enerxético e de auga, reciclaxe, reutilización...
- 15.** Coñecer e participar en festas, tradicións e costumes da súa comunidade gozando deles e valorándoos como manifestacións culturais.

## **Linguaxes: comunicación e representación**

- 1.** Comezar a utilizar a lingua como instrumento de comunicación, de representación, aprendizaxe e gozo, de expresión de ideas e sentimentos e valorar a lingua oral como un medio de relación cos demais e de regulación da convivencia.
- 2.** Expresar emocións, sentimentos, desexos e ideas mediante a lingua oral e a través doutras linguaxes, elixindo a que mellor se axuste á intención e á situación.
- 3.** Comezar a comprender as intencións e mensaxes doutros nenos, nenas e adultos, adoptando unha actitude positiva cara á lingua.
- 4.** Utilizar e valorar progresivamente a lingua oral para regular a conduta persoal, a convivencia e os procesos de pensamento dos alumnos.
- 5.** Expresarse cun léxico preciso e adecuado aos ámbitos da súa experiencia, con pronuncia clara e entoación correcta.
- 6.** Coñecer e utilizar as distintas normas que rexen as conversas.
- 7.** Comprender, reproducir e recrear algúns textos literarios e de tradición cultural mostrando actitudes de valoración, interese e gozo cara a eles.
- 8.** Iniciarse nos usos sociais da lectura e da escritura explorando o seu funcionamento e valorándoa como instrumento de comunicación, información e gozo.
- 9.** Iniciarse na escritura de palabras e frases significativas aplicando unha correcta dirección no trazo e unha posición adecuada ao escribir.
- 10.** Iniciarse na lectura comprensiva de palabras e textos sinxelos e motivadores.
- 11.** Identificar palabras dentro dunha frase e discriminar auditiva e visualmente os fonemas dunha palabra, en maiúscula e en minúscula.
- 12.** escoitar, preguntar, pedir explicacións e aclaracións e aceptar as orientacións dadas polo docente.

13. Iniciarse na lectura de imaxes mediante a manipulación de debuxos, carteis, gravados, fotografías..., que acompañan os textos escritos, comezando a atribuírlles un significado.
14. Iniciarse na exploración e na utilización de materiais, instrumentos e soportes propios da linguaxe escrita.
15. Achegarse ao coñecemento de obras artísticas do seu medio expresadas en distintas linguaxes e realizar actividades de representación e expresión artística mediante o emprego de diversas técnicas.
16. Representar, por medio da expresión corporal, contos sinxelos.
17. Coñecer as técnicas básicas de expresión plástica.
18. Aplicar hábitos de hixiene e rutinas no uso do material para o desenvolvemento da expresión plástica que faciliten a consecución da autonomía persoal e a colaboración co grupo social ao que pertencen.
19. Cantar, escoitar, bailar, interpretar e aprender cancións, bailes e danzas.
20. Escoitar con pracer e recoñecer fragmentos musicais de diversos estilos.
21. Descubrir e identificar as calidades sonoras da voz, do corpo, dos obxectos de uso cotián e dalgúns instrumentos musicais.
22. Iniciarse no uso de instrumentos tecnolóxicos e valorar a súa capacidade comunicativa, para utilizalos progresivamente como fonte de información e aprendizaxe.
23. Utilizar o ordenador para acceder ao uso da linguaxe multimedia para mellorar ou reforzar habilidades e coñecementos.

### **3.3- CONTIDOS**

#### **Coñecemento de si mesmo/a e autonomía persoal**

Os contidos desta área agrúpanse arredor dos seguintes bloques:

- a. O corpo e a propia imaxe.
- b. Xogo e movemento.
- c. A actividade cotiá.
- d. O coidado persoal e a saúde.

**a. O corpo e a propia imaxe.**

- Imaxe global do corpo humano.
- O esquema corporal e a identidade sexual. A súa representación gráfica.
- Segmentos e elementos constitutivos do corpo.
- Partes internas e externas do corpo.
- Cambios físicos que experimenta o corpo: talle, trazos físicos, estatura, forza.
- A satisfacción das necesidades básicas e o inicio dos primeiros hábitos.
- Características diferenciais do propio corpo respecto do dos demais.
- Os sentidos: o seu uso e función.
- Regulación dos ritmos do sono e vixilia, actividade e descanso.
- Sentimentos e emocións propios e dos demais e a súa expresión corporal.
- As referencias espaciais en relación co propio corpo.
- Exploración das características globais e segmentarias do propio corpo.
- Descubrimento do corpo como fonte de sensacións, accións, relacións e experiencias.
- Identificación e aceptación progresiva das características propias.
- Percepción dos cambios físicos propios e dos demais, relacionándoos co paso do tempo.
- Identificación das diferentes etapas da vida.

- Identificación, manifestación, regulación e control das necesidades corporais básicas en situacións habituais e ocasionais.
- Desenvolvemento dunha actitude crítica ante os estereotipos ofertados a través da publicidade e outros medios.
- Utilización dos sentidos como medio de exploración do corpo e da realidade exterior.
- Identificación e percepción das sensacións que se obteñen do propio corpo.
- Regulación e control progresivo de sentimentos e emocións.
- Aceptación e valoración axustada e positiva de si mesmo/a, das posibilidades e limitacións propias.
- Valoración positiva de si mesmo/a aceptando as propias posibilidades e limitacións.
- Actitude de aceptación das características e diferenzas entre as persoas evitando comportamentos discriminatorios.
- Actitude positiva ante as manifestacións de afecto dos demais.
- Confianza na propia capacidade para realizar actividades.

#### **b. Xogo e movemento**

- Posibilidades e limitacións motrices do corpo e dos seus segmentos.
- O corpo en movemento. A conquista do espazo.
- Movementos combinados.
- Habilidades motrices de carácter fino.
- Posturas e contrastes posturais.
- O control dinámico e estático do propio corpo e dos obxectos.
- Posturas adecuadas.
- Xogo simbólico e xogo regrado.

- O desenvolvemento do xogo protagonizado como medio para coñecer a realidade.
- Nocións básicas de orientación e coordinación de movementos.
- Descubrimento e desenvolvemento das posibilidades motrices do seu corpo en situacións e actividades cotiás.
- Exploración das posibilidades e limitacións perceptivas, motrices e expresivas propias e dos demais.
- Progresivo control do ton, do equilibrio e da respiración.
- Situación e desprazamentos no espazo real.
- Adaptación tónico-postural ás diversas accións, xogos e situacións.
- Esforzo persoal nos xogos e no exercicio físico.
- Comprensión e aceptación das regras dos xogos.
- Reprodución de posturas co corpo.
- Coordinación e control do movemento do corpo e das súas partes, e adquisición de habilidades motrices novas.
- Utilización correcta de pequenos aparatos e obxectos: punzóns, tesoiras, lapis...
- Coordinación e control de habilidades manipulativas de carácter fino.
- Confianza nas súas posibilidades motrices.
- Iniciación na representación teatral.
- Satisfacción polo crecente dominio corporal.
- Interese e iniciativa pola adquisición de novas habilidades.
- Actitude de axuda e colaboración cos outros nenos e nenas.
- Gusto pola actividade física e a precisión de movementos.

### **c. A actividade cotiá.**

- As distintas actividades cotiás: de xogo, domésticas, de cumprimento de rutinas, de colaboración e os seus requirimentos.
- Adaptación progresiva ás características do centro: espazos, horarios, ritmos que marcan as rutinas, etc.
- Adaptación progresiva a compartir espazos, obxectos e atencións.
- Desenvolvemento de actitudes de paciencia e de espera.
- Primeiros vínculos no centro escolar.
- Nocións básicas de orientación temporal, secuencias e rutinas temporais nas actividades na aula.
- Habilidades sociais nas relacións cos iguais.
- Acordos e normas para a convivencia.
- Hábitos elementais de organización, constancia, atención, iniciativa e esforzo.
- Habilidades para a interacción e a colaboración.
- Planificación de accións secuenciadas para resolver situacións lúdicas ou cotiás.
- Adecuación do comportamento ás distintas situacións da actividade cotiá.
- Conciencia da propia competencia na resolución das diferentes tarefas da vida cotiá.
- Aceptación das propias posibilidades e limitacións na realización das actividades da vida cotiá.
- Coordinación e colaboración cos outros, ofrecendo e solicitando axuda deles nos diversos momentos de actividade.
- Percepción das pautas de comportamento e das normas básicas dos diversos contextos cos que se relaciona.

- Colaboración no establecemento dalgunhas normas no ámbito familiar e escolar.
- Recoñecemento dos erros e aceptación das correccións para mellorar as súas accións.
- Participación na resolución dos conflitos que se presentan no ámbito escolar, utilizando o diálogo como forma de resolvelos.
- Iniciativa e autonomía nas distintas actividades cotiás.
- Satisfacción pola realización de tarefas.
- Gusto polo traballo ben feito por un mesmo/a e polos demais.
- Valoración e aceptación das normas establecidas nos diferentes contextos.
- Actitude de compartir, escoitar, esperar, atender...
- Actitude positiva para establecer relacións de afecto coas persoas adultas e cos iguais.
- Actitude de colaboración e solidariedade descentrándose do propio punto de vista, tendo en conta o dos demais.

#### **d. O coidado persoal e a saúde**

- Hábitos saudables: hixiene corporal, alimentación e descanso.
- Accións que favorecen a saúde e xeran benestar propio e dos demais.
- A dor corporal e a enfermidade: prevención.
- Aceptación dos coidados necesarios para superar situacións de enfermidade.
- Seguridade persoal.
- Coidado e orde no medio próximo.
- Limpeza das distintas partes do corpo, utilizando adecuadamente os espazos e materiais.
- Aplicación dos hábitos de hixiene corporal.



- Colaboración no mantemento da orde e da limpeza do medio onde se desenvolven as actividades cotiás.
- Colaboración nas actividades relacionadas coa alimentación ou co descanso.
- Petición e aceptación de axuda nas situacións que o requiran.
- Utilización adecuada dos útiles necesarios para comer.
- Incorporación ás actividades cotiás de rutinas saudables: horas de sono, exercicio físico, descanso, comidas ás súas horas...
- Aceptación das normas establecidas durante as comidas, os desprazamentos, o descanso e a hixiene.
- Adopción de comportamentos de prevención e seguridade en situacións habituais.
- Coidado e precaución ante obxectos e situacións que poden resultar perigosos.
- Identificación e valoración crítica ante factores e prácticas sociais cotiás que favorecen ou non a saúde.
- Gusto e gozo co aspecto persoal pulcro e coidado.
- Gusto por desenvolver actividades en ambientes limpos e ordenados.
- Actitude de tranquilidade e colaboración en situacións de enfermidade e accidentes.

### **Coñecemento do medio (Medio físico, natural, social e cultural)**

Os contidos desta área agrúpanse arredor dos seguintes bloques:

**a.-** Medio físico: elementos, relacións e medida.

**b.-** Achegamento á natureza.

**c.-** Cultura e vida en sociedade

**a.- Medio físico: elementos, relacións e medida**

### **a.1. Obxectos, accións e relacións**

- Obxectos presentes no medio natural e social: pedra, produtos, algunhas ferramentas...
- Obxectos de uso cotián relacionados co aseo, co vestido e coa alimentación. O seu uso adecuado e convencional.
- Accións sobre os obxectos: desprazar, transformar, quentar, arrefriar...
- Relacións causa-efecto das accións.
- Obxectos tecnolóxicos habituais que se utilizan nas actividades cotiás: ordenador, reprodutores musicais, televisión, DVD, videoxogos, encerado dixital, cámara fotográfica...
- Algúns obxectos pouco frecuentes.
- Propiedades dos obxectos: cor, forma, tamaño, grosor, textura, semellanzas, diferenzas, son, sabor, plasticidade, dureza.
- Exploración de obxectos: percepción, manipulación e experimentación.
- Identificación das sensacións que produce a actividade con obxectos.
- Producción de cambios e transformacións sobre os obxectos, observando os resultados.
- Clasificación e agrupación de obxectos segundo as súas características, usos e funcións.
- Discriminación de formas, tamaños, cantidades, situacións espaciais, cores... mediante a realización de xogos interactivos no ordenador.
- Utilización correcta dalgúns obxectos en relación co uso que teñen.
- Exploración das calidades sensoriais dos obxectos.
- Comparación e agrupación de obxectos, atendendo a atributos diversos.
- Aproximación á cuantificación de coleccións.

- Ordenación de obxectos atendendo ao grao de posesión dunha determinada calidade.
- Estimación intuitiva da duración de certas rutinas da vida cotiá en relación coa medida de tempo.
- Interese pola exploración e experimentación cos obxectos.
- Actitude de compartir xoguetes e obxectos do seu medio familiar e escolar.
- Respecto e coidado polos obxectos de uso individual e colectivo.
- Curiosidade por coñecer algúns obxectos tecnolóxicos habituais nas actividades cotiás.
- Actitude de coidado cara a algúns obxectos que poden resultar perigosos.
- Gusto pola exploración e comparación de obxectos.
- Interese pola utilización e reciclaxe de obxectos e materiais.

## **a.2 Elementos e relacións. A representación matemática**

- Relacións entre obxectos e coleccións.
- Cuantificadores: todo-nada, moito-pouco, máis ca, menos ca, ningún-varios, cheo-baleiro, igual ca...
- A serie numérica: os 10 primeiros números.
- O número cardinal e o ordinal.
- Nocións básicas de medida: grande-mediano-pequeno, longo-curto, alto-baixo e pesado-lixeiro.
- Unidades de medida naturais e arbitrarias: man, pé, paso, táboas pequenas e algúns obxectos.
- Medidas temporais: moito tempo-pouco tempo, agora, logo, antes, despois, rápido-lento, día e semana, periodicidade, frecuencia, ciclo, intervalo.
- Formas planas: círculo, cadrado, triángulo e rectángulo.

- Nocións básicas de orientación e situación no espazo: arriba-abaixo, enriba-debaixo, dentro-fóra, diante-detrás, preto-lonxe, pechado-aberto, xunto-separado, esquerda-dereita...
- Uso contextualizado dos primeiros números ordinais.
- Utilización do conteo como estratexia de estimación e uso dos números cardinais referidos a cantidades manexables.
- Verbalización do criterio de pertenza ou non pertenza a unha colección.
- Utilización adecuada dos cuantificadores.
- Utilización da serie numérica para contar elementos.
- Representación gráfica dos cardinais.
- Exploración dalgúns corpos xeométricos.
- Enumeración verbal dos ordinais.
- Resolución de problemas da vida cotiá que impliquen engadir, quitar, repartir, realizar estimacións e localizar un dato.
- Recoñecemento dalgunhas moedas e iniciación no seu uso.
- Identificación de formas planas e tridimensionais en elementos do medio.
- Exploración dalgúns corpos xeométricos elementais.
- Interpretación do espazo empregando a imaxinación en debuxos, planos, fotografías, mapas...
- Situación e localización de si mesmo/a e dos obxectos no espazo segundo as nocións básicas.
- Realización de desprazamentos orientados.
- Uso axeitado das nocións espaciais.
- Apreciación da utilidade dos números para resolver os problemas da vida cotiá.

- Curiosidade por descubrir a medida dos obxectos.
- Medicións con diferentes unidades de lonxitude, capacidade e tempo.
- O reloxo.

#### **b.- Achegamento á natureza.**

- Realización de experimentos sinxelos.
- Actitude de interese e observación ante a organización do espazo.
- Utilización de xogos de mesa como actividades lúdicas que unen o razoamento, a reflexión e o divertimento en grupo.
- Iniciación no traballo científico: anticipación, formulación de hipóteses e comprobación e comunicación dos resultados das actividades realizadas.
- Elementos da natureza: auga, terra, aire e luz.
- Características xerais dos seres vivos.
- Distintos tipos de seres vivos: semellanzas e diferenzas.
- Materia inerte: sol, rochas, nubes, ríos...
- O Universo. O sistema solar. O Sol e os planetas. O xiro dos planetas arredor do Sol. Os ciclos lunares.
- A Terra e a Lúa. As viaxes espaciais.
- Animais e plantas do medio.
- Termos e expresións propias do medio natural: carnívoro, herbívoro, ovíparo, vivíparo.
- Cambios que se producen nos animais e plantas no curso do seu desenvolvemento.
- Animais e plantas en distintos medios.
- Utilidade e interdependencia entre animais, plantas e persoas.

- A paisaxe e o medio físico.
- As estacións.
- Algúns elementos do relevo xeográfico.
- Fenómenos atmosféricos do medio natural: chuvia, vento...
- Papel do home como conservador e repoboador do medio natural e a súa acción, en ocasións, depredadora deste medio.
- Produtos elaborados polo home a partir de materias primas procedentes de animais e plantas.
- Observación directa e sistemática dos elementos do medio natural.
- Observación das características e costumes dalgúns animais e plantas do seu medio.
- Observación e seguimento do ciclo vital dalgunha planta e dalgún animal, establecendo relacións co paso do tempo.
- Coidado de animais e plantas na aula.
- Clasificación de animais segundo as súas características: bico, plumas, pelo...
- Clasificación de animais: domésticos/salvaxes.
- Clasificación de animais segundo o medio onde viven.
- Comparación das características que presentan os seres vivos.
- Observación dos cambios producidos no desenvolvemento das plantas: crecemento...
- Formulación de hipóteses, contrastándoas coas das outras persoas, buscando respostas e explicacións sobre as causas e consecuencias de fenómenos do medio natural (calor, chuvia, vento, día, noite, erosión) e dos producidos pola acción humana (pontes, encoros, muíños de auga, autoxeradores...).

- Identificación das relacións entre animais e plantas e dos produtos que nos proporcionan.
- Observación das modificacións que se producen no medio natural co paso do tempo, co clima e coa intervención humana.
- Contribución á conservación e ao mantemento de ambientes limpos, saudables e non contaminados.
- Interese por coñecer as características e funcións dos seres vivos.
- Valoración da importancia das plantas e dos animais para a vida das persoas.
- Respecto e coidado polos elementos do medio natural.
- A reciclaxe dos seus produtos.
- Uso racional da enerxía e dos recursos.
- Gusto e gozo polas actividades realizadas en contacto coa natureza.
- Valoración da importancia da natureza para a saúde e o benestar.

### **c. - Cultura e vida en sociedade**

- A escola: como é, as súas dependencias, uso e funcións.
- Membros persoais: as súas funcións e ocupacións.
- A clase: distribución e emprego dos seus espazos, obxectos e mobiliario.
- A casa: distintos tipos de vivendas.
- A nosa casa: como é, onde está.
- Obxectos, dependencias, mobiliario: o seu uso e función.
- Tarefas cotiás do fogar.
- Observación de sucesos significativos na vida diaria: aniversarios, nacementos próximos.

- A familia: os seus membros, relacións de parentesco, funcións e ocupacións.
- Distintos tipos de estrutura familiar.
- Lugar que ocupa na súa familia.
- Medio do neno e da nena: a rúa, o barrio.
- Elementos que forman o medio urbano e as súas características.
- Diferentes medios: paisaxe rural e paisaxe urbana.
- Elementos naturais do medio urbano e elementos construídos polo home.
- A actividade humana no medio: funcións, tarefas e oficios máis habituais.
- Presenza na vida actual das novas tecnoloxías: ordenador, internet, correo electrónico, teléfono móbil, radio, prensa dixital, TV...
- Iniciación á historia. A prehistoria. O home prehistórico: vida cotiá, vivenda, traballo, animais e ritos.
- Sucesos e persoas relevantes da historia da súa comunidade, do seu país e do mundo.
- Pobos do mundo. Pobos do xeo, do deserto e da selva. Trazos físicos, vivenda, alimentación, indumentaria, costumes.
- Máquinas e aparatos. Utilidade, funcionamento, inventores. Contribución á mellora da vida cotiá: electrodomésticos, medicinas...
- Servizos relacionados co consumo: produtos e establecementos.
- Distintos medios de transporte.
- Normas elementais de seguridade viaria.
- Algúns medios de comunicación: televisión, radio, prensa e teléfono.
- Lugares para divertirse e aprender: teatro, circo, museo... As súas posibilidades.
- Tradicións, folclore e costumes da súa localidade.



- Formas sociais do tempo: días da semana, días laborais e festivos, onte, hoxe, mañá, as estacións...
- Actuación autónoma e adaptada aos diferentes grupos.
- Toma de conciencia da necesidade da existencia dos diferentes grupos sociais e valoración da súa importancia para a vida.
- Valoración das relacións afectivas que se establecen nos distintos grupos.
- Uso contextualizado das normas elementais de convivencia.
- Participación autónoma e responsable nas diferentes tarefas da vida cotiá tanto familiar coma escolar.
- Incorporación progresiva de pautas adecuadas de comportamento, disposición para compartir e para resolver conflitos cotiáns mediante o diálogo.
- Observación dos medios rural e urbano, dos seus elementos, das súas funcións e da súa utilidade.
- Descubrimento dos cambios producidos no medio pola actuación humana.
- Coidado do medio e colaboración no seu mantemento e conservación.
- Recoñecemento das profesións máis habituais e próximas ao neno e á nena e a súa relación cos distintos servizos públicos.
- Observación dos diferentes establecementos de consumo.
- Coñecemento dos distintos tipos de transporte e das súas características.
- Coñecemento e respecto das normas elementais de seguridade viaria.
- Atención aos coñecementos que nos transmiten os medios de comunicación.
- Percepción das formas sociais do tempo.
- Aproximación aos costumes e ao folclore característicos da súa localidade.
- Recoñecemento dalgúns sinais de identidade cultural do medio.
- Aceptación da propia situación familiar.

- Interese por participar na vida familiar e escolar.
- Interese e disposición favorable para establecer relacións respectuosas, afectivas e recíprocas con nenos e nenas doutras culturas.
- Valoración e aceptación das normas que rexen os grupos familiar e escolar.
- Respecto pola diversidade de sexos, roles, profesións, idades...
- Respecto e coidado polos espazos en que se desenvolven e polos obxectos presentes neles.
- Interese por coñecer as características do propio medio.
- Valoración e respecto cara a todos os traballos desempeñados polas persoas.
- Valoración dos distintos servizos que nos ofrece a sociedade.
- Interese por coñecer os distintos medios de transporte e de comunicación.
- Aceptación das normas elementais de seguridade viaria.
- Desexos de participar en actividades sociais e culturais.

### **Linguaxes: comunicación e representación**

Os contidos desta área agrúpanse arredor dos seguintes bloques:

1. Linguaxe verbal.
2. Linguaxes artísticas: plástica, musical e corporal.
3. Linguaxe audiovisual e das tecnoloxías da información e da comunicación.

#### **1. Linguaxe verbal**

##### **1.a. escoitar, falar e conversar**

- A linguaxe oral como medio de comunicación e información.
- Vocabulario rico e acorde cos distintos contextos e coas diferentes situacións de comunicación.

- Normas que rexen o intercambio lingüístico.
- Valoración progresiva da lingua oral para evocar e relatar feitos, para explorar coñecementos e para expresar e comunicar ideas e sentimentos e como axuda para regular a propia conduta e a dos demais.
- Produción de mensaxes orais referidas a necesidades, emocións, desexos, intencións, propostas e opinións.
- Comprensión das intencións comunicativas dos demais nas diferentes situacións de intercambio oral.
- Uso progresivo, acorde coa idade, de léxico variado e con crecente precisión.
- Utilización cada vez máis correcta e convencional de determinantes, pronomes, preposicións, verbos, concordancias...
- Gozo do emprego de palabras amables e rexeitamento de insultos e termos malsoantes.
- Pronuncia adecuada dos sons da lingua.
- Construción e utilización oral de distintos tipos de frases, empregando as variedades morfolóxicas de xénero, número, persoa, tempo...
- Participación e escoita activa en situacións habituais de comunicación, nos diálogos colectivos, libres ou dirixidos, respectando as normas que rexen os intercambios lingüísticos.
- Utilización axeitada das normas socialmente establecidas para solicitar, despedirse e saudar.
- Relatos de feitos, situacións, vivencias e contos ben ordenados temporalmente.
- Utilización de sinais extralingüísticos (entoación, xesticulación...) para reforzar o significado das mensaxes transmitidas.
- Recoñecemento e valoración da linguaxe oral como medio de transmisión de sentimentos, ideas, intereses e desexos de coñecer os dos demais.

- Interese e iniciativa por participar nas situacións de intercambio oral.
- Respecto e aceptación das normas sociais que regulan o intercambio oral.
- Actitude de escoita cara aos demais nas súas interpretacións orais.
- Interese polo enriquecemento e mellora das súas producións lingüísticas.

### **1.b. Aproximación á lingua escrita**

- A lingua escrita como medio de comunicación, información e gozo.
- Formas escritas e formas de expresión gráfica.
- Instrumentos da lingua escrita: libros, revistas, etiquetas, carteis, medios audiovisuais e informáticos....
- Descubrimento da linguaxe escrita como medio de comunicación, información e gozo.
- Produción e interpretación de códigos de simbolización gráfica.
- Diferenciación entre formas escritas e outras formas de expresión gráfica.
- Comprensión e produción de imaxes de forma secuenciada.
- Iniciación ao coñecemento do código escrito a través de palabras e frases significativas.
- Utilización de esquemas gráficos para a transmisión de mensaxes sinxelas.
- Destreza na utilización das habilidades grafomotrices.
- Desenvolvemento perceptivomotriz: orientación espazo-temporal, esquema corporal, discriminación de figuras, memoria visual.
- Adestramento no trazo: direccionalidade, linealidade, orientación esquerda-dereita, distribución e posición ao escribir.
- Estrutura fonética da fala: segmentación en palabras, sílabas e fonemas. Correspondencia fonema-grafía.
- Escritura do propio nome.

- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.
- Asociación do nome dos obxectos coa súa fotografía ou debuxo correspondente.
- Identificación de palabras que comezan por un son, que acaban en... ou que conteñen tal son...
- Percepción de semellanzas e diferenzas sinxelas en palabras escritas.
- Identificación dalgunhas palabras e frases escritas moi significativas e usuais para o neno e para a nena.
- Iniciación no uso da escritura para cumprir finalidades reais.
- Valoración e interese pola linguaxe escrita como medio de información, diversión e comunicación.
- Gusto por oír e follear contos e narracións.
- Interese e atención na escoita de narracións, explicacións, instrucións ou descricións lidas por outras persoas.
- Interese e disposición para o uso dalgunhas convencións do sistema da lingua escrita: linearidade, orientación e organización do espazo.
- Gusto por producir mensaxes con trazos cada vez máis precisos e lexibles.

### **1.c. Achegamento á literatura**

- Textos de tradición oral: contos, cancións, poesías, adiviñas e trabalinguas.
- Algúns autores universais.
- Textos literarios contemporáneos.
- Xogos lingüísticos.
- O xogo dramático. Monicreques, marionetas, teatro de sombras, teatro de personaxes, mimo...

- Comprensión e reprodución oral dalgúns textos da tradición cultural contados ou lidos polos adultos.
- Recitado dalgúns textos poéticos gozando das sensacións que o ritmo, a rima e a beleza das palabras producen.
- Participación en xogos lingüísticos.
- Dramatización de textos literarios.
- Utilización da biblioteca da aula con respecto e coidado, valorándoa como recurso informativo, de entretemento e de gozo.
- Interese e respecto cara ás manifestacións orais da súa tradición cultural.
- Actitude de orde e coidado no recuncho da biblioteca: coidado dos contos e libros e manexo autónomo deles.
- Interese por compartir as sensacións e emocións provocadas polas producións literarias.
- Gusto polas dramatizacións literarias.
- Interese pola lectura.

## **2. Linguaxes artísticas: plástica , musical e corporal**

- A expresión plástica como medio de comunicación e representación.
- Materiais específicos e inespecíficos para a expresión plástica.
- Técnicas básicas da expresión plástica: debuxar, pintar, modelar, pinzar, colaxe...
- Útiles e instrumentos da expresión plástica.
- Iniciación á arte: pintura, escultura e arquitectura. Principais elementos. Autores universais representativos. Ámbitos de exposición: o museo.
- Gama de cores primarias, a súa mestura e os contrastes claro-escuro.
- Exploración dos materiais e útiles da linguaxe plástica.

- Experimentación e descubrimento dalgúns elementos que configuran a linguaxe plástica: liña, forma, cor, espazo...
- Produción de materiais decorativos relacionados cos contidos das unidades.
- Expresión e comunicación de feitos, sentimentos, emocións, vivencias, fantasías, a través do debuxo e doutras producións plásticas.
- Representación da figura humana no seu conxunto, diferenciando as distintas partes e segmentos corporais.
- Control do xesto gráfico e do instrumento nas elaboracións plásticas.
- Identificación das cores primarias e das secundarias a partir das primarias.
- Identificación do contraste claro-escuro nas cores.
- Elementos que configuran a linguaxe plástica: liña, forma, cor, textura e espazo.
- Realización de formas sinxelas a través do modelado.
- Atribución ou identificación do tema dalgunha obra plástica.
- Interese pola produción artística.
- Gusto e gozo polas propias elaboracións plásticas e coas dos demais.
- Actitude de respecto cara a todas as producións plásticas.
- Coidado e uso adecuado dos diversos materiais e útiles.
- Interese por coñecer as técnicas plásticas.
- Coñecemento de obras artísticas presentes no medio.
- Ruído, silencio e música.
- Propiedades sonoras do propio corpo e dos obxectos.
- Calidades do son: intensidade, duración, ton e ritmo.
- Instrumentos musicais.

- Autores musicais universais.
- A canción como elemento expresivo. Cancións do seu medio e do mundo.
- Exploración sensorial dos elementos presentes no medio integrando actividades de tocar, oír, oír e ver.
- Exploración das propiedades sonoras da voz, do corpo, dos obxectos e dalgúns instrumentos musicais.
- Discriminación dos contrastes básicos: forte-suave, longo-curto, agudo-grave e subida-baixada.
- Producción e reprodución de sons.
- Audición activa dalgúns obras musicais de diferentes xéneros e estilos.
- Memorización e interpretación de cancións seguindo o ritmo e a melodía.
- Utilización de instrumentos musicais de percusión acompañando as cancións e marcando un ritmo.
- Audición atenta de obras musicais presentes no medio.
- Participación activa en bailes e danzas sinxelas.
- Gusto e pracer coa música, co canto e co baile.
- Valoración das cancións e danzas propias do folclore da comunidade á que se pertence.
- Posibilidades expresivas do corpo para expresar e comunicar sentimentos e emocións.
- Control do corpo: actividade, movemento, respiración, equilibrio e relaxación.
- Experimentación das posibilidades expresivas do propio corpo a través de xestos e movementos.
- Expresión de sentimentos e emocións co propio corpo.
- Interpretación das mensaxes transmitidas polos outros a través do corpo.



- Automatización e realización de nocións de direccionalidade co propio corpo.
- Dramatizacións sinxelas.
- Desprazamento polo espazo adecuando o propio movemento ao espazo e ao movemento dos outros.
- Mantemento do equilibrio en diversas situacións de actividade.
- Automatización das técnicas de relaxación global e segmentaria.
- Control da respiración nas diferentes actividades tanto de movemento coma de relaxación.
- Imitación e representación espontánea de persoas, situacións e historias sinxelas, reais ou imaxinarias en xogos simbólicos, individuais e compartidos.
- Participación en actividades de dramatización, danzas, xogos simbólicos e outros xogos de expresión corporal.
- Interese e iniciativa por participar nas representacións.
- Desexos de comunicarse e expresarse mediante a linguaxe corporal.
- Atención e gozo nas representacións dramáticas.
- Espontaneidade nas dramatizacións, danzas, bailes...
- Esfuerzo por transmitir sentimentos e emocións a través da expresión corporal.
- Gusto polo labor persoal e orixinal nas actividades de expresión corporal.

### **3. Linguaxe audiovisual e tecnoloxías da información e a comunicación**

- Xogos e actividades interactivas.
- Algúns instrumentos tecnolóxicos: ordenador, reprodutores de imaxe e son, DVD, TV, encerado dixital, escáner, cámara de fotos, canón proxector...
- A linguaxe audiovisual.
- Iniciación no uso dalgúns instrumentos tecnolóxicos.

- Achegamento a diferentes producións audiovisuais: películas, debuxos animados, videoxogos...
- escoita e comprensión de historias, contos, narracións proxectadas por medios tecnolóxicos.
- Exploración do teclado e do rato do ordenador e experimentación do seu uso para realizar actividades apropiadas como debuxar, transformar imaxes ou xogar, escribir o seu nome, mensaxes e aprender a usar programas educativos.
- Iniciación ao coñecemento da internet como medio para atopar información e comunicarse co resto do planeta.
- Valoración crítica do contido dalgunhas producións audiovisuais.
- Discriminación progresiva entre a realidade e a representación audiovisual.
- Uso moderado dos medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e da comunicación.
- Reforzo de diferentes contidos traballados na clase mediante a realización de xogos interactivos no ordenador.
- Curiosidade polos instrumentos tecnolóxicos.
- Gozo cos xogos interactivos.
- Actitude de coidado cos instrumentos tecnolóxicos..

### **3.4.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN.**

Os criterios de avaliación son indicadores dunha aprendizaxe progresiva das capacidades ás que se refiren os obxectivos. Enúncianse en termos de condutas observables. A explicación de cada criterio orienta o tipo e o grao de aprendizaxe que hai que acadar.

Avaliarase o cumprimento dos obxectivos de cada cursos en función dos criterios de avaliación. O profesorado terá en conta os resultados obtidos en cada sesión de avaliación para modificar a súa programación.

#### NA ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL:

Promocionará todo o alumnado, contemplando, de ser necesario , o establecido na ORDE do 25 de xullo de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil enGalicia

#### **Coñecemento de si mesmo/a e autonomía persoal:**

- **Coñecer de forma progresiva o seu esquema corporal, identificando as partes do corpo en si mesmo/a, noutro neno/a e nun debuxo mantendo unha adecuada coordinación e control corporal e manifestando confianza nas súas posibilidades.**

Con este criterio preténdese que o neno e a nena consigan un adecuado desenvolvemento do ton, da postura, do equilibrio, do control respiratorio e da coordinación motriz, constátase a imaxe que teñen sobre o seu esquema corporal e aválase a utilización das posibilidades motrices, sensitivas e expresivas do propio corpo. Prestaráselle atención ao dominio e control que exercen sobre o seu corpo en diferentes situacións, tanto de mobilidade coma de quietude, en xogos, rutinas e tarefas da vida cotiá. Trátase de comprobar se manifestan seguridade nas súas capacidades motoras mediante accións que impliquen coordinación, equilibrio-desequilibrio, subir, baixar, camiñar, correr..., así como en actividades que requiran unha maior precisión de movementos (recortar, modelar, debuxar, etc.). Deberán ser capaces de recoñecer e nomear as distintas partes do corpo e situalas no espazo, no seu propio corpo e no dos demais.

- **Distinguir os sentidos e identificar sensacións a través deles**

Este criterio pretende comprobar o desenvolvemento da capacidade dos nenos e das nenas, se identifican os distintos sentidos e, igualmente, se discriminan as sensacións obtidas: gustativas (doce, amargo, salgado...), táctiles (brando, duro, frío, quente, seco...), visuais (tamaño, forma, cor...), auditivas e olfactivas.

- **Desenvolver unha imaxe persoal axustada e positiva e ir progresivamente adquirindo maior empatía e amosar actitude de respecto ante as diferenzas e a diversidade cultural. Intervir de maneira adecuada na resolución de conflitos.**

Avalíase a través deste criterio a formación dunha imaxe persoal positiva, é dicir, a capacidade do neno e da nena para desenvolver a súa autoestima. Este coñecemento vaille servir para coñecer as súas posibilidades e limitacións e daralle a confianza para emprender novas accións utilizando os recursos propios. Teñen que manifestar respecto e aceptación polas características dos demais, sen discriminacións de ningún tipo e mostrar actitudes de axuda, colaboración, iniciativa e actitude positiva para a resolución de conflitos.

- **Expresar sentimentos e emocións, comprender e interpretar os dos outros e contribuír á convivencia.**

Este criterio valora a capacidade dos menores para conseguir o que pretenden despois dun proceso baseado no esforzo, e de tolerar a frustración, en situacións de xogo e noutras actividades nas que son capaces de controlar a súa vontade e de contribuír, desde o respecto, a unha práctica adecuada da convivencia. Comproba a capacidade de comunicar sentimentos e emocións a través de diferentes linguaxes, tanto verbais coma non verbais. Poderase valorar a capacidade para recoñecer e identificar expresións de alegría, enfado, tristeza, medo, sorpresa... neles mesmos, en imaxes e nos demais, e para expresar afecto cara a outros nenos e adultos. Poderase observar se relacionan determinadas situacións cos sentimentos que experimentan.

- **Participar en xogos en contextos habituais, mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas.**

Trátase de avaliar a participación activa en distintos tipos de xogos (motores, sensoriais, simbólicos e de regras). Observarase se desenvolven distintos roles no xogo simbólico, representando as súas vivencias a través do debuxo, modelado... Valorarase a utilización adecuada das normas que os rexen, se amosan actitudes de colaboración e axuda mutua en xogos diversos, evitando adoptar posturas de submisión ou de dominio. Valorarase se gozan das distintas manifestacións da motricidade humana: xogos tradicionais, deportes, actividades expresivas, danzas...

- **Realizar autonomamente e con iniciativa actividades habituais para satisfacer necesidades básicas, consolidando progresivamente hábitos de coidado persoal, hixiene, saúde e benestar.**

Preténdese avaliar as destrezas adquiridas para realizar as actividades habituais relacionadas coa hixiene, coa alimentación, co descanso, cos desprazamentos e outras tarefas da vida diaria. Estimarase o grao de autonomía e a iniciativa para levar a cabo estas actividades, utilizando adecuadamente os espazos e materiais apropiados. Apreciarase o gusto por participar en actividades que favorecen un aspecto persoal coidado, un medio limpo e esteticamente agradable, e por colaborar na creación dun ambiente xerador de benestar que se manifesta nunha disposición positiva para ordenar, recoller... os espazos comúns e no coidado dos seus obxectos persoais. Observarase así mesmo, se progresivamente son capaces de recoñecer situacións de perigo nas súas actividades habituais e actúan de acordo a elas (uso das randeiras, servizos de mesa, tesoiras... Valorarase tamén a iniciativa para poñer en práctica hábitos de vida saudable que favorezan a actitude tranquila ante a enfermidade e os pequenos accidentes.

### **Coñecemento do entorno (Medio físico, natural, social e cultural)**

- **Dar mostras de interesarse polo medio natural, polo da Comunidade autónoma, identificar e nomear algúns dos seus compoñentes; establecer relacións sinxelas de interdependencia, manifestar actitudes de respecto e coidado cara á natureza e participar de forma activa en actividades para conserva-la.**

Con este criterio valórase o interese, coñecemento e grao de sensibilización polos elementos da natureza, tanto vivos coma inertes; a indagación sobre algunhas características e funcións xerais, achegándose á noción de ciclo vital e constatando os cambios que este implica.

Valorarase tamén se son capaces de establecer algunhas relacións entre medio social e físico, identificando cambios naturais que lle afectan á vida cotiá das persoas (cambio de estacións, temperatura...) e cambios na paisaxe por intervencións humanas. Amosaranse actitudes de respecto e coidado cara á natureza participando en actividades para conserva-la. Estimarase o interese que manifestan polo coñecemento do medio, as observacións que fan, así como as conxecturas que sobre as súas causas e consecuencias formulan.

Avaliarase o progreso no desenvolvemento da capacidade do neno e da nena para realizar observacións progresivamente máis detalladas, o emprego de instrumentos sinxelos de recollida, rexistro e organización da información e para a comunicación das súas indagacións.

Terase moi en conta a actitude positiva cara á riqueza natural e cultural da súa Comunidade autónoma, o coñecemento sobre ela, sobre as súas festas e tradicións, e o respecto e coidado desta.

**• Discriminar obxectos e elementos do medio inmediato e actuar sobre eles. Agrupar, clasificar e ordenar elementos e coleccións segundo semellanzas e diferenzas ostensibles, discriminar e comparar algunhas magnitudes e cuantificar coleccións mediante o uso da serie numérica.**

Con este criterio preténdese valorar a capacidade para utilizar os números na comprensión do mundo real, para identificar os obxectos e materias presentes no seu medio, o interese por exploralos mediante actividades manipulativas e establecer relacións entre as súas características ou atributos (forma, cor, tamaño, peso...) e o seu comportamento físico (caer, rodar, esvarar, botar, etcétera).

Refírese ao modo no que nenos e nenas van desenvolvendo determinadas habilidades lóxico-matemáticas como consecuencia do establecemento de relacións cualitativas e cuantitativas entre elementos e coleccións. Tamén se

observará a capacidade desenvolvida para resolver sinxelos problemas matemáticos na súa vida cotiá, anticipando posibles solucións, facendo estimacións individual ou colectivamente. Observarase se identifican os datos, se buscan a mellor estratexia para resolver a situación, os procedementos máis adecuados...

Valorarase o interese pola exploración das relacións numéricas con materiais manipulativos e o recoñecemento das magnitudes relativas aos números elementais, así como o achegamento á comprensión dos números na súa dobre vertente cardinal e ordinal, o coñecemento dalgúns dos seus usos e a súa capacidade para utilizalos en situacións propias da vida cotiá. Prestarase atención a como os menores distribúen e reparten obxectos e materiais diversos, como rexistran a información, a súa participación en actividades de xogos de mesa. Observarase se dados varios obxectos asocian cada un dos elementos cos números cardinais ordenados, tomando un despois do outro, empezando polo un, e se asignan o último número cardinal utilizado ao conxunto de obxectos.

Terase en conta o manexo das nocións espaciais básicas (arriba-abaxo, dentro-fóra, preto-lonxe...), temporais (antes-despois, pola mañá-pola noite...) e de medida (pesa máis, é máis longo, está máis cheo...).

Observarase en situacións vivenciais se os nenos utilizan posicións relativas a si mesmos, se poden utilizar outras referencias relativas, se poden empezar a considerar de forma simultánea o seu propio sistema de referencia e o doutro obxecto ou persoa situado en distinta posición.

Observarase se os nenos e as nenas len e escriben números, se os utilizan espontaneamente, se os empregan como recurso para rexistrar cantidades, se os escriben cando se lles pide e se o fan dun xeito convencional. Trátase de rexistrar se utilizan, tanto en forma oral coma escrita, os números, se empregan a designación numérica de posicións en contextos significativos e funcionais, se poden incluír nos seus xogos posicións funcionais como recurso de ordenamento espontáneo e ata que posición poden designar.

Na resolución de situacións vinculadas á representación xeométrica, valorar os avances con respecto a como os nenos e nenas comezan a explorar as formas: se poden nomealas en diferentes actividades e se comezan a considerar os trazos distintivos de corpos e formas que xa se traballaron.

**• Identificar e coñecer os grupos sociais máis significativos do seu medio, algunhas características da súa organización e os principais servizos comunitarios que ofrecen. Poñer exemplos das súas características e manifestacións culturais e valorar a súa importancia. Dar mostras de progreso na autonomía persoal, na interiorización de pautas de comportamento adecuadas a unha convivencia positiva e das normas sociais propias do ambiente escolar. Adoptar actitudes de respecto cara a manifestacións étnicas e culturais diferentes á súa.**

Con este criterio valórase o coñecemento dos grupos sociais máis próximos (familia, escola...) e das súas formas de organización, dos servizos comunitarios que estes ofrecen (mercado, atención sanitaria, medios de transporte...), dos traballos que desempeñan algunhas persoas para que estes servizos funcionen e do seu papel na sociedade.

Tamén se avalía a toma de conciencia sobre a necesidade do social. Estimárase verbalizando algunhas das consecuencias que, para a vida das persoas, tería a ausencia de organizacións sociais, así como a necesidade de dotarse de normas para convivir.

Observárase a integración e vinculación afectiva dos nenos e das nenas aos grupos máis próximos e a acomodación da súa conduta aos principios, valores e normas que os rexen. Especial atención merecerá a capacidade que amosan para a participación, a análise de situacións conflitivas e as competencias xeradas para un adecuado tratamento e resolución destas. Valorárase se establecen e utilizan habilidades cooperativas para conseguir un resultado común (iniciativa na presentación de ideas, respecto polas contribucións alleas, argumentación das propostas, flexibilidade ante os cambios, planificación de tarefas...) e se utilizan as tecnoloxías da información e da comunicación como fontes de información e como medio de interacción e comunicación.



Avaliase a capacidade para identificar cambios e permanencias a través do espazo e do tempo. Observarase o progresivo coñecemento dalgunhas expresións da cultura rexional e dalgunhas outras significativas da cultura universal.

Avaliase igualmente a comprensión dalgúns sinais ou elementos que identifican a outras culturas presentes no medio, así como se establecen relacións de afecto, respecto e xenerosidade con todos os seus compañeiros e compañeiras.

Valorarase que os nenos e as nenas se involucren activamente na conservación do medio que, directa ou indirectamente, estea ao seu alcance.

### **Linguaxes: comunicación e representación**

• **Utilizar a lingua oral do modo máis conveniente para unha comunicación positiva cos seus iguais e coas persoas adultas, segundo as intencións comunicativas.**

Mediante este criterio avalíase o desenvolvemento da capacidade para expresarse e comunicarse oralmente con claridade e corrección suficientes para levar a cabo diferentes intencións comunicativas (pedir axuda, informar dalgún feito, dar sinxelas instrucións, participar en conversas en grupo...).

Valorarase o interese e o gusto pola utilización pertinente e creativa da expresión oral para regular a propia conduta, para relatar vivencias, razoar, resolver situacións conflitivas, comunicar os seus estados anímicos e compartilos cos demais. Así mesmo, en situacións de narrar, describir, opinar, explicar e argumentar valorarase o grao de participación do alumnado, o tipo de achegas que realizan (complexidade, pertinencia, orixinalidade) e en que contexto de interacción o fan (con que agrupamentos, con que persoas, en que situacións).

Teranse en conta o progreso de cada alumno e alumna no uso da lingua oral.

O respecto polos demais tense que manifestar no interese e na atención cara ao que din e no uso das convencións sociais (gardar a quenda de palabra, escoitar, mirar o interlocutor, manter o tema), así como na aceptación das diferenzas. Teranse en conta os avances do grupo, atendendo a todos os aspectos que interactúan neste proceso. En cada alumno valorarase a actitude e estratexias de participación e contribución á aprendizaxe do grupo.

• **Comprender mensaxes e textos diversos transmitidos de forma oral, mostrando unha actitude de escoita e comunicación atenta, respectuosa, activa e positiva en situacións de interacción.**

Este criterio refírese á capacidade para escoitar e comprender en contextos funcionais mensaxes, relatos, producións literarias, descricións, explicacións, informacións que lles permitan participar na vida na aula.

Igualmente se valorará a utilización dalgunhas estratexias de comprensión (activación de coñecementos previos, preguntas, anticipacións, inferencias, recapitulacións...) en diferentes modalidades organizativas (gran grupo, pequeno grupo, individualmente ou por parellas).

Teranse en conta os progresos de cada alumno e alumna na comprensión da lingua oral.

Así mesmo, valorarase a comprensión dalgunhas mensaxes e textos en lingua estranxeira en diferentes situacións colectivas de aprendizaxe, de xogo e de actividades habituais na aula, con axuda doutros recursos extralingüísticos como imaxes e textos.

Teranse en conta os avances do grupo, atendendo a todos os aspectos que interactúan neste proceso. En cada alumno valorarase a actitude e estratexias de participación e contribución á aprendizaxe do grupo.

• **Mostrar interese polos textos escritos presentes na aula e no medio próximo, iniciándose no seu uso, na comprensión das súas finalidades e no coñecemento dalgunhas características do código escrito. Iniciarse nos usos orais da lectura e da escritura, segundo o nivel madurativo.**

## **Interesarse e participar nas situacións de lectura e escritura que se producen na aula.**

Con este criterio avalábase se os nenos e as nenas valoran e se interesan pola lingua escrita, e se inician na utilización funcional da lectura e da escritura como medios de comunicación, de expresión de necesidades, emocións e sentimentos, de información e de gozo. Tal interese mostrarase na atención e na curiosidade polos actos de lectura e de escritura que se realizan na aula. Observarase o uso adecuado do material escrito (libros, xornais, cartas, etiquetas, publicidade...). Valorarase o interese por explorar os mecanismos básicos do código escrito, así como o coñecemento dalgunhas características e convencións da lingua escrita, coñecementos que se consolidarán na Educación Primaria.

Haberá que verificar se diferencian a forma de expresión escrita doutras formas de expresión gráfica: se recoñecen en diferentes textos grafías presentes en palabras que lles son familiares. Haberá que observar se preguntan con frecuencia para saber o que hai escrito, se se achegan aos libros para mirar e interpretar o que ven, se fan comentarios e formulan hipóteses sobre os textos, se len en voz alta palabras e frases coñecidas. Observarase se fan un uso conveniente dos libros (trato coidadoso, colocación axeitada...).

Valorarase a capacidade acadada polos nenos e polas nenas a través do interese que demostran en participar nas actividades de audición e lectura de textos literarios, memorización de poemas, representación a través de xogos e dramatizacións.

Comprobarase se o neno ou a nena é capaz de realizar representacións gráficas de palabras ou frases que poida ler, ou de contos e textos lidos polo adulto. Haberá que considerar se utiliza elementos convencionais do sistema de escritura (linearidade, orientación esquerda-dereita, situación do papel, presión do útil gráfico...).

Terase en conta o coñecemento e interese por algúns textos propios da Comunidade autónoma.

• **Expresarse e comunicarse utilizando medios, materiais e técnicas propios das diferentes linguaxes artísticas e audiovisuais, mostrando interese por explorar as súas posibilidades, por gozar coas súas producións e por compartir cos demais as experiencias estéticas e comunicativas.**

Con este criterio avalíase o desenvolvemento das habilidades expresivas por medio de diferentes materiais, instrumentos e técnicas propios das linguaxes musical, audiovisual, tecnolóxica, plástica e corporal.

Observarase a capacidade de utilizar todos estes recursos expresivos para ofrecer respostas orixinais.

Apreciarase o gusto por experimentar e explorar as posibilidades expresivas do xesto, os movementos, a voz, a textura, a cor ou os sons.

Observarase o grao de elaboración das súas producións, o grao e tipo de participación que desenvolven neles, así como o tipo de linguaxe expresiva que prefire cada un (plástico, musical, corporal). Teranse en conta os seus progresos e a súa evolución persoal.

Valorarase o desenvolvemento da sensibilidade estética e de actitudes positivas cara ás producións artísticas en distintos medios, xunto co interese por compartir as experiencias estéticas.

Estimarase a capacidade dos nenos e das nenas para utilizar progresivamente os medios tecnolóxicos (ordenador, cámara, reprodutores de son e imaxe...), con diferentes propósitos, tendo en conta os contextos de interacción onde o fan.

Observarase os avances do grupo, atendendo a todos os aspectos que interactúan neste proceso. En cada neno e nena valorarase a actitude e estratexias de participación e contribución á aprendizaxe en grupo.

Apreciarase a capacidade dos menores para valorar e respectar tanto as súas propias producións coma as dos demais, se amosan imaxinación e fantasía nas súas producións, se amosan autonomía e iniciativa na utilización dos diferentes recursos, se manifestan seguridade coas súas producións...

Poderase valorar se os nenos e as nenas son capaces de diferenciar e emitir sons de diversas características. Prestaráselle atención ao uso creativo do propio corpo, de obxectos e instrumentos para producir sons.

Verificarase a capacidade para reter e reproducir pequenos textos e melodías e interpretalos con afinación e regularidade rítmica adecuada para a súa idade. Haberá que ter en conta se son capaces de marcar a pulsación, é dicir, a regularidade rítmica que lle corresponde a cada frase do texto musical. Haberá que considerar se gozan co canto colectivo, se manifestan dispoñibilidade para interpretar cancións ou se se inhiben e non participan.

Apreciarase, así mesmo, a capacidade de coordinación, control e memorización de movementos dos nenos e das nenas, así como a súa expresividade e a súa capacidade para sincronizar movementos con ritmos estables e cambiantes.

Por último, verificarase a capacidade dos nenos e das nenas para utilizar de forma creativa os seus propios recursos corporais tanto na representación de historias e personaxes, coma na reprodución e imitación de movementos de distinto tipo.

#### • **Utilizar o ordenador como vehículo de expresión e comunicación**

Con este criterio valórase a capacidade dos nenos e das nenas para acceder ao ordenador, para manexar o rato para seleccionar, identificar iconas para utilizar os programas con certa autonomía para obter información ou para realizar interpretacións.

#### **4.- METODOLOXÍA DIDÁCTICA.**

Pódese definir como o conxunto de decisións que organizan a actividade escolar. Consistirá por tanto nun proceso de selección de estratexias e formas de actuación que teñan consonancia coas ideas nas que se fundamenta o proxecto de centro, e nas orientacións metodolóxicas para o segundo ciclo de educación infantil establecidas no decreto 330/2009, do 4 de xuño, son os seguintes:

Para elaborar a nosa línea metodolóxica o Equipo Docente de Educación Infantil baseouse nos seguintes principios de intervención educativa:

1. Os nenos e nenas son os **PRINCIPAIS PROTAGONISTAS** dos seu propio crecemento como persoas.
2. Os mestres/as **AXUDAN** ós nenos e nenas a formar a súa personalidade e **COMPLEMENTAN** a acción educadora dos pais e nais como primeiros e principais educadores.
3. O tipo de educación que ofrecemos presenta unha **METODOLOXÍA DIDÁCTICA ABERTA E FLEXIBLE** que garantiza tanto a fidelidade ós principios pedagóxicos fundamentais como a súa constante actualización. Todo nun clima de serenidade e rigor no traballo.
4. Promovemos unha **EDUCACIÓN PERSONALIZADA** o que implica o respecto a persoa de cada neno/a, os seus ritmos evolutivos e o desenvolvemento das súas capacidades.
5. Na acción educativa suscitamos e **ESTIMULAMOS A ACTIVIDADE** dos nenos/as e promovemos o **TRABALLO FORMATIVO FUNDAMENTADO NO INTERESE E NA MOTIVACIÓN CONSTANTE**.
6. Poñemos a **TECNOLOXÍA Ó SERVICIO DA EDUCACIÓN**, preparamos ós nenos/as par facer usos das tecnoloxías, como un recurso máis ó servizo da formación dos nenos/as .
7. **EDUCAMOS A CREATIVIDADE E A CAPACIDADE DE EXPRESIÓN**. Potenciamos nos nenos/as a súa capacidade de comprender e de expresarse creativamente nas distintas formas de linguaxe: verbal, gráfico, plástico, corporal, musical.....
8. **EDUCAMOS O SENTIDO CRÍTICO**, desenvolvendo progresivamete os sentido crítico dos nenos/as.
9. Os contidos agrúpanse en **UNIDADES DE APRENDIZAXE SIGNIFICATIVAS**, que se desenvolveran en cada trimestre. Por tanto, a metodoloxía estará baseada na aprendizaxe significativa, mediante actividades motivadoras onde, os novos aprendizaxes se relacionen significativamente cos coñecementos previos dos nenos/as, chegando incluso a modificalos.

10. **A SOCIALIZACIÓN** tamén é un principio que consideramos importante para que o egocentrismo que caracteriza ós nosos alumnos/as sexa superado, para iso realizaremos actividades e xogos onde se traballen hábitos fundamentais de compartir, axudar, respectar os demais..

11. **AVALIAMOS CONTINUAMENTE A NOS ACCIÓN EDUCATIVA**, convertemos a avaliación, entendida como proceso continuo que verifica o rendemento da comunidade educativa, nun estímulo e orientación constante na mellora da nos acción docente.

De todo o ditos desprendese que os nosos principais recursos didácticos serán: o xogo; a globalización ;a investigación; a familia; a vida cotiá.

- **O xogo** punto de partida de todo o proceso educativo e fundamental en todo o desenvolvemento.
- **A INVESTIGACIÓN** como forma de actuar.
- **A vida cotiá** escenario vital e marco educativo.
- **A FAMILIA** comprometida no proceso educativo, como parte fundamental dél.
- **A GLOBALIZACIÓN** forma de ver a realidade dos nosos alumnos/as e vital para o proceso de ensino- aprendizaxe.
- **O PRFESORADO**
- **A CREATIVIDADE**

## **O XOGO**

O xogo é o medio por excelencia para aprender na educación infantil. Nestas idades o xogo é fundamental para o desenvolvemento físico, social, e emocional.

Por este motivo, ofrecerémoslle a posibilidades de que xoguen espontaneamente, dentro e fora da aula. Estes xogos estarán dirixidos e motivados por nos para que se enriquezan , facendo deles o motor fundamenta do proceso de ensino- aprendizaxe dos alumnos/as.

## **O XOGO E O DESARROLLO PSICOMOTOR**

A estas idades precisan dunha intensa actividade sensorial e neuromotrices. A súa globalidade atopa no seu corpo o mellor instrumento de expresión.

O xogo psicomotor desenvolve espontaneamente nós nenos/as:

- A coordinación dinámica global
- O Equilibrio
- A precisión de movementos
- A forza e o ton muscular
- A estruturación do esquema corporal.
- A percepción
- O desenvolvemento sensorial.

## **O XOGO E O DESENVOLVEMENTO INTELECTUAL**

O xogo nestas idades é unha manipulación de obxecto e proporciona unha gran cantidade de información.

Consideramos intelixencia como unha forma de adaptación o medio. Mediante o xogo os nenos/as coñecen, modifican , manipulan... e dicir constrúen.

Segundo a Piaget cada tipo de xogo ( sensoromotor, simbólico, e reglado)desenvolve un aspecto da intelixencia.,

Sensoriomotor: favorece as experiencias fisico-matemáticas, desenvolvendo o pensamento abstracto, a concentración, e vanse desprendendo da xustaposición..

Simbólico: promove unha adaptación a realidade, a actitude científica, desenvolvendo o razoamento hipotético.

Xogo reglado: o xogo realizase nun marco social. O neno/a vai pasando da

## **O XOGO E O DESARROLLO AFECTIVO**

O xogo realizase nun marco social. O neno e nena vai pasando da manipulación cos obxectos á acción dos demais.

Segundo a Vygostki , o xogo é unha actividade na que se reconstrúen as relacións sociais. Nel, o neno e a nena ensaian como ser adulto cada vez con



máis precisión. Así mesmo, e mediante o xogo como cos demais onde van reafirmando as súas manifestacións afectivas e sexuais.

## **APERTURA AO CONTORNO (AS FAMILIAS)**

Entendemos que a Educación Infantil acada o seu pleno sentido nun marco de colaboración e coordinación entre os elementos que inciden no proceso educativo do alumnado: o equipo docente, as familias e o contorno.

Por iso, e en canto á relación cas familias, para fomentar unha boa comunicación e coordinación, ata agora contabamos cunhas axendas nas que diariamente quedaba reflectido de maneira individual para cada neno/a o seu comportamento, información importante, recados ás familias, recados das familias para nós, cousas que eles mesmos anotan para lembrar como excursións, algo que teñen que traer á escola, etc.

Este curso por mor do COVID- 19 decidiuse eliminar as axendas e as vías de comunicación coas familias serán telemáticas; espazo abalar; telefonicamente, correo electrónico. As titorías cos pais e nais tamén será telematicamente.

Tamén este curso non se farán saídas ou visitas ó contorno inmediato(á panadería, á Biblioteca do Concello, etc), así como visitas de membros da comunidade educativa e das propias familias.

Por último dicir que non se poderá propiciar experiencias nas que teñan cabida as relacións con nenos/as e persoas adultas de todas as aulas, xa que, temos que respetar os grupos burbulla establecidos no centro pola situación provocada polo covid-19

## **A GLOBALIZACIÓN**

A forma de vivir e coñecer nestas idades é global, calquera acción – interacción co seu contorno tanto físico como social, pon en xogo todos os ámbitos da súa persoa: intelectuais, físicos, emocionais ...

Organizaranse os contidos tendendo cara a un enfoque globalizado que entendemos como a opción que determina que as propostas didácticas teñan como punto de partida situacións globais nas cales se poñerían en xogo os contidos das diferentes áreas. Na nosa proposta didáctica terán cabida as secuencias de aprendizaxe, os proxectos ou as unidades didácticas que

engloban contidos de diferente tipo e de distintas áreas, pero sempre ofrecéndolles aos nenos/as situacións de aprendizaxe nas que poidan facer propostas, tomar decisións, organizar e anticipar as súas accións.

## **A VIDA COTIÁ**

É o soporte das fontes de aprendizaxe, das accións cotiás, e das rutinas inevitables para o benestar e referencias dos nosos alumnos/as. Estas rutinas son polo tanto de gran valor na nosa tarefa educativa, xa que permiten ós escolares apropiarse da realidade exterior xogando, ensaiando...,etc. A actividade cotiá ten que estar estruturada espacial e temporalmente, deste xeito axudaralles a conquistar , coas súas vivencias, as nocións espazo-temporais. Con estas rutinas , tamén desenvolvemos hábitos de hixiene, comportamento, orde...

## **O PAPEL DO PROFESORADO**

Tentaremos potenciar no noso alumnado unha serie de habilidades de pensamento que os axuden a encontrarlle sentido ás súas experiencias, a evolucionar nos coñecementos e nas habilidades que desenvolven coa fin de garantir a construción de novas aprendizaxes.

Actuamos como mediadores entre o alumnado e a cultura, primando valoracións positivas, evitando as comparacións, valorando máis os acertos que os erros, evitando as comparacións, favorecendo que ós nenos/as se expresen libremente, amosando altas expectativas nas súas posibilidades, animando, apoiando, e abrindo novos camiños que creen un clima de aceptación e respecto mutuo no cal equivocarse sexa un paso máis no proceso de aprendizaxe.

## **A CREATIVIDADE**

O traballo que levamos a cabo nas nosas aulas permite formular actividades que permiten educar ó neno/a nun pensamento diverxente que lle levará a

potenciar a súa creatividade. Deste xeito, por exemplo, a organización de asembleas para comentar acontecementos ou decidir determinados aspectos da actividade diaria constituirán valiosas estratexias nas nosas aulas, por seren altamente motivadoras e favorecer o desenvolvemento das relacións interpersoais, o establecemento de vínculos afectivos, así como que o/a neno/a se sinta membro do grupo e participe activamente nel.

Por outra banda, seremos prudentes á hora de facer valoracións sobre as producións infantís para preservar a espontaneidade da creación fronte ós estereotipos preestablecidos de beleza e perfección e as nosas intervencións (guiando, animando, apoiando, suxerindo...) estimularán a creatividade e contrarrestarán estereotipos e convencionalismos.

## **A INVESTIGACIÓN**

Poremos en marcha unha ensinanza activa, onde os alumnos/as participen e sexan protagonistas da súa propia aprendizaxe; a través da observación, a búsqueda de información, da acción e experimentación con obxectos, os nenos/as descubren relacións, propiedades dos obxectos, normas.... En definitiva aprenden, propiciando a creatividade e o desenvolvemento da súa capacidade de observación .

### **4.1-ORGANIZACIÓN ESCOLAR**

#### **4.1.1-ORGANIZACIÓN DO TEMPO**

A organización do tempo debe facerse con intencionalidade , xa que é un elemento fundamental a ter en conta.

A organización do tempo en infantil ten que respectar as necesidades dos nenos/as sendo o máis natural posible, sen forzar o ritmo das actividades e mantendo determinadas constantes temporais.

Neste sentido hai que respectar os períodos e tempos de descanso e actividade, actividades individuais e colectivas, as que esixen unha actividade de escoita ou atención con outras que se basean no movemento e a manipulación, e actividades libres con outras máis dirixidas.

Tendo isto en conta, é necesario unha planificación adecuada da nosa xornada. Non hai que confundir o ambiente distendido e lúdico de esta etapa e o traballo sobre temas que surxan espontaneamente co desorde e o caos.

Na distribución do tempo teremos en conta:

- ✓ Que sexa flexible, entendendo esta como a interacción de ritmos sosegados onde non se agobie ós alumnos/as na realización das súas tarefas, se non máis ben ofrecendo situacións e momentos que teñan o tempo suficiente.
- ✓ A xornada non será ríxida, nin uniforme, aínda que é necesario crear e establecer rutinas que ordenen a vida da aula, e leven ós nenos/as a interiorizar os ritmos e secuencias.
- ✓ Dentro da xornada escolar terán cabida os seguintes momentos:
  - Tempos para satisfacer necesidades fisiolóxicas: limpeza, aseo, alimentación.
  - Tempos para satisfacer necesidades de movemento: tempo psicomotriz, tempo de xogo libre e dirixido.
  - Tempo para satisfacer necesidades afectivas.
  - Tempo para expresar as súas vivencias libremente: expresión verbal, plástica, dramatizacións, etc.
  - Tempos para a socialización.
  - Tempos para o coñecemento de si mesmo e o contorno.

A xornada proposta no noso centro para Educación Infantil será a que a continuación detallamos, tendo en conta sempre a flexibilidades, a uniformidade e o respecto ós ritmos individuais que mencionamos anteriormente.

## **MODELO DE XORNADA ESCOLAR**

- Entrada e saúdos:saúdo de entrada;actividades de hixiene e desinfección de mans que neste caso será con auga e xabón co fin de non abusar do xel( que xa lle botaron na entrada ó recinto escolar); colocamos mochilas e chaquetas; poñemos mandilóns.
- Asemblea: sentados na alfombra cantamos a canción de amigos e dos propósitos que temos para esta xornada; o encargado e o seu axudante pasan lista e empezamos coas rutias diarias( pasar lista; que tempo fai; día da semana... todo iso acompañado de cancións e pequenas poesías).Traballaremos a expresión oral e prepararemos os temas da xornada.
- Actividade motriz:pequeno xogo para desinhibir a tensión acumulada na asemblea unha pequena canción, xogo instrumental, vivenciar o tratado na asemblea.
- Traballo individual: cada neno sentado no seu sitio fará unha actividade de ficha individual.
- Merenda de media mañá: pequena merenda onde traballaremos os hábitos de hixiene e alimentación( calendario de merendas; lavarse as mas antes e despois de comer e quitar e poñer a mascara). A merenda farase de xeito individual respectando os grupos colaborativos.
- Recreo
- Relaxación audición dunha estrofa de música clásica.
- Hora do conto; actividades de expresión oral (poesías, adiviñas, trabalinguas.....)
- Proxectos: cada aula traballa en gran grupo e pequeno grupo o seu proxecto.
- Actividades por recunchos: en pequeno grupo os nenos/as traballarán nos recunchos, haberá actividades libres e actividades dirixidas que nos permitirá reforzar os conceptos traballados na asemblea e no traballo individual.
- Comida

- Actividades de relaxación: canción ou audición de música relaxante.
- Pequena asemblea da tarde: preparar a actividade da tarde
- Traballo por talleres: actividades de creatividade; arte e plásticas.
- Asemblea de recorda: asemblea de recapitulación sobre o traballado e sucedido na xornada.
- Recollida e saída : quitamos mandilóns e preparámonos para saír.

#### **4.1.2- ORGANIZACIÓN DO ESPAZO**

A organización do espazo parte da concepción do medio físico, material e social como soporte que permite desenvolver e alcanzar os obxectivos educativos. Polo tanto, convértense nun elemento pedagóxico, xa que impulsa, posibilita e limita a acción docente.

Cada docente buscará o seu modelo organizativo en función do espazo, materiais e tendo en conta as normas establecidas este curso escolar no plan de adaptación a situación covid- 19 do centro educativo.

#### **ZONAS COMUNES**

Patio de infantil( será compartido polas tres aulas de infantil); biblioteca escolar( utilizaremos a biblioteca do centro seguindo as normas establecidas este curso escolar polo protocolo de biblioteca); ximnasio( cada aula acudirá o ximnasio soamente na hora de psicomotricidade).

#### **AULA CLASE**

Como xa dixemos, cada mestre organizará o seu espazo de forma que lles resulte máis cómodo para levar a cabo a súa labor docente e tendo en conta o establecido no plan de adaptación á situación covid-19 do centro.

Este curso escolar as aulas quedarán distribuídas do seguinte xeito:

1.-unha distribución central que consiste en colocar a picara dixital nunha parede , servindo de referencia para orientar o mobiliario. As mesas ordenase

pola aula mantendo unha distancia de seguridade. Haberá dous nenos/as por mesa.

2.- Zona da asemblea cunha alfombra e corcho para xuntarnos e facer as rutinas de entrada; dialogar ;contar conto; descansar; relaxarnos...: Nesta asemblea faranse dun xeito lúdico actividades que recorden as normas de hixiene na aula.

3.-Recunchos, son un espazo limitado por elementos materiais ou gráficos no que se leva a cabo un tipo de actividade durante un período de tempo. Os recunchos terán un aforo limitado de dous nenos; traballaremos en grupos colaborativos de 2 ou 3 nenos/as máximo, sempre os mesmos que se constituirán como subdivisión do grupo estable co fin de favorecer as dinámicas de traballo propias desta etapa educativa.. Os xogos serán de pezas grandes para facilitar a súa desinfección.

4.- Obradoiros. En ocasións o espazo será disposto para a realización de obradoiros. Este curso non Serán interniveis estarán limitados o grupo clase, organizados polo titor tendo en conta os intereses dos alumnos e alumnas, terán un carácter manipulativo e de expresión. ( obradoiro de outono, de samaín, de nadal, de disfraces...).

#### **4.1.3- AGRUPAMENTOS**

Para poder atender á diversidade do alumnado e á aprendizaxe de contidos de distinta natureza, organizaremos distintas formas de agrupamentos, tanto para actividades individuais, como en pequeno grupo(serán por grupos colaborativos que se fixeron dentro de cada grupo-aula) ou gran grupo para a realización de actividades sempre a nivel de aula e en algún momento específico a nivel de ciclo de Infantil.

#### **4.1.4- MATERIAIS E RECURSOS**

O material propio de cada alumno/a (pinturas, cadernos, plastilina...) estará disposto de xeito individual para o seu emprego, estará etiquetado co seu nome nun contenedor individual e cerrado.

Para o desenvolvemento da presente programación didáctica empregaremos todos os recursos persoais e materiais ó noso alcance. Dentro

dos persoais cabe falar dos distintos profesionais cos que conta o centro, as familias este curso escolar non poderán vir a compartir connosco as súas experiencias., e cantos outros profesionais poidan achegar a súa axuda para o bo desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe.

En canto ós recursos materiais, empregaranse recursos comerciais, de fabricación propia, materiais de refugallo, materiais tanto para empregar individualmente como de xeito colectivo atendendo ás distintas áreas do noso currículo e ás distintas actividades que levaremos a cabo con eles, e poderémolos clasificar en: materiais de xogo, de psicomotricidade, para o desenvolvemento da linguaxe, de educación sensorial, para o desenvolvemento da lóxica matemática, de observación e experimentación, material vivo, materiais para a educación artística ,así como materiais para orientar a nosa práctica pedagóxica, sen esquecer a grande importancia das tecnoloxías da información e da comunicación. (T.I.C.s.) e da Biblioteca tanto do centro como do aula.( cabe dicir que todo este material será desinfectado e guardará a coarentena precisa e necesaria, sempre mantendo as normas de hixiene establecidas polo covid-19)

Os materiais e recursos estarán en función dos obxectivos que se pretenden acadar en cada momento, aínda que de xeito xeral, os que se empregarán en maior medida para favorecer o proceso de ensino-aprendizaxe son os seguintes:

- Biblioteca escolar e de aula.
- Material de psicomotricidade e educación física.
- Material de música. (instrumentos)
- Programas audiovisuais e informáticos.
- Ordenador de aula.
- Recursos multimedia (Xogos, PDI, cámara dixital...)
- Materiais manipulativos (de cosido, ensartar, pinchar, modelar, picar...)
- Materiais de laboratorio (lentes, pesas...)



- Materiais curriculares para o 2º ciclo da Educación Infantil dos alumnos e do profesor
  - 4º de Educación Infantil:proyector globalizado CASTORIA, editorial sm. ( 1º trimestre, 2º trimestre, 3º trimestre)
  - 5º de Educación Infantil:proyector globalizado CASTORIA, editorial sm. ( 1º trimestre, 2º trimestre, 3º trimestre)
  - 6º de Educación Infantil: globalizado CASTORIA, editorial sm. ( 1º trimestre, 2º trimestre, 3º trimestre).
- Playschool starter, playchool A e Playschool B., da editorial Oxford University Press.
- Todas as aulas: Fichas de aprendizaxe, reforzo e/ou ampliación
- Libros de consulta e dicionarios.

#### **4.1.5- TIPOS DE ACTIVIDADES A DESENVOLVER**

Cada **UNIDADE DE APRENDIZAXE** engloba un conxunto de actividades, de carácter flexible, que poden clasificarse do seguinte xeito:

- **ACTIVIDADES MOTIVADORAS** : unha noticia, un video de alguén , unha lámina de observación de cada unidade de aprendizaxe, un conto. Etc.
- **ACTIVIDADES DE REVISIÓN DE COÑECEMENTOS PREVIOS**: son aquelas que se realizan na asemblea de comunicación a partir dunha chuvia de ideas.
- **Actividades DE DESENVOLVEMENTO, INVESTIGACIÓN E CONSOLIDACIÓN DO APRENDIZAXE**: traballaranse dende un enfoque comunicativo , globalizado, e constructivista dende tódalas áreas. Algunhas de estas actividades serán:
  - ❖ Asembleas: de comunicación, de recorda, de descrición de obradoiros, recunchos, etc.
  - ❖ Contos, adiviñas, refráns e literatura infantil
  - ❖ Xogos sociais

- ❖ Psicomotricidade, expresión corporal e musical
- ❖ Momentos da merenda saudable, hábitos de hixiene e alimentación.
- ❖ Obradoiros: de outono, de entroido...,etc.
- ❖ Recunchos; Ordenador, xogo simbólico, de letras, de lóxica-matemática, biblioteca..
- ❖ Actividades complementarias. Diversas conmemoracións: día do neno, samaín, día das bibliotecas, día da paz..., e saídas o contorno.

### **ACTIVIDADES DE AMPLIACIÓN E REFORZO**

Consisten no mesmo tipo de actividades indicadas no punto anterior para con distinto grado de profundización, orientadas a conseguir unha atención á diversidade.

### **ACTIVIDADES DE REFLIXIÓN E EXPOSICIÓN DO APRENDIDO.**

A primeiras realizaranse a través da asemblea, unha chuvia de ideas, e as segundas por medio de paneis. Mesas e estanterías.

### **4.2.- METODOLOGÍA LECTOESCRITORA**

A metodoloxía que imos a utilizar é unha mestura entre a teoría constructivista da aprendizaxe e o sistema fonolóxico. Partindo sempre das ideas previas dos nenos/as e do seu nivel de desenvolvemento, plantexando actividades motivadoras que sexan propicias para que os nenos e nenas se desenvolvan en tódolos seus aspectos.

Os contidos que propoñemos deben partir das necesidades e intereses dos alumnos/as, das situacións reais, ás que iles lles poden atribuír sentido e así adoptar unha actitude favorable de cara a aprendizaxe.

A orixinalidade do contido referente a lectura e a escritura , reside no feito de que, partindo da vida mesma do neno/a. permita a cada un acercarse e introducirse na linguaxe escrita de xeito natural e según os seus propios ritmos e intereses.

Debemos estimulalos descubriendo que as letras nos rodean animado a novos descubrimentos e realización de tarefas en consonancia coas actividades

individuais. É convinte que as familias estean informadas da mecánica das actividades para convencelas de que, si queren axudar, non deben intervir con accións paralelas contraditorias, a fin de non interferir no proceso que sigue na escola. A aprendizaxe da linguaxe escrito e lector require unha preparación e uns procesos que o neno/a consegue a través das múltiples situacións educativas que se ofrecen na escola.

A proposta consiste en abordar a escritura con actividades motivadoras: visuais, auditivas, espaciais, de direccionalidade, e que teñan sentido completo para o neno e nena. O neno e nena ten ganas de aprender a escribir porque cree que así farase maior e acercarse máis o mundo dos adultos. Os mestres aproveitando este interese, debemos ofrecer ós nenos e nenas actividades sen caer na reiteración e no aburrimiento.

#### Actividades a realizar para fomentar a lecto-escritura:

- Audición de contos tradicionais.
- Recuncho das letras. Este recuncho va adquirindo máis interese a medida que os nenos/as se fan maiores. A través de diferentes actividades os alumnos/as discriminan, seleccionan, clasifican e asocian vocabulario propio: de estacións, froitas, xoguetes, animais....
- Elaboración de libros de imaxes: libro de froitos, dos xoguetes, dos animais.
- Elaboración de libros de experiencias.
- Xogos de construír nomes: "BUSCO O MEU NOME"
- Rellenar letras con plastilina, seguindo a dirección correcta.
- Xogos de asociación de maiúsculas e minúsculas.
- Recuncho da biblioteca.
- Xogos didácticos: lottos, dominós, bingos...
- Xogos interactivos do ordenador.
- Lectura de imaxes e interpretación das mesmas.
- Lectura de frases a través de pictogramas.
- Lectura de palabras.
- Creación de contos, textos... utilizando diferentes técnicas Rodari.
- Visita o teatro.
- Visita a biblioteca.
- Celebración do día do libro.
- Dramatización de pequenos contos e obras.

Para traballar a lecto-escritura partiremos das experiencias cotiás dos nenos e nenas.

### **4.3 – AVALIACIÓN**

A avaliación na Educación Infantil ten coma finalidade sinalar o grado no que se van desenvolvendo as diferentes capacidades, así como orientar as medidas de reforza e adaptacións curriculares necesaria. A avaliación nesta etapa ten unha evidente función formativa, sen carácter de promoción, nin calcificacións do alumnado.

De acordo ca orde Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na comunidade autónoma de Galicia, a avaliación nesta etapa educativa será **GLOBAL, CONTINUA E FORMATIVA**, e terá como referente os obxectivos establecidos na mesma.

A Normativa que rexe o noso sistema educativo establece que, ademais dos procesos de aprendizaxe, tamén se teñen que avaliar os procesos de ensino e o desenvolvemento da nosa proposta pedagóxica coa fin de constatar que aspectos da intervención educativa favorecen ou non as aprendizaxes e en que outros poderían incorporarse cambios ou melloras. Esta avaliación tamén posúe un carácter continuo e formativo.

#### **4.3.1- AVALIACIÓN DOS ALUMNOS/AS**

**A avaliación será GLOBAL**, referirase o conxunto de tódalas capacidades expresadas polos obxectivos xerais, adecuados o contexto socio-cultural do centro e as características propias dos nosos alumnos/as.

**Terá un carácter CONTINUO**, o ser un proceso no que os titores recolleremos de forma continua , información sobre o proceso de ensino-aprendizaxe.

E , así mesmo **terá un carácter FORMATIVO**, o proporcionar unha información constante que permitirá mellorar tanto o proceso de ensino como os resultados da intervención educativa.

A avaliación nesta etapa servirá par detectar, analizar e valorar os procesos de desenvolvemento do alumnado así como da súa aprendizaxe, sempre tendo en conta as características persoais de cada un.

A avaliación da aprendizaxe de cada a neno/a corresponde o titor, que recollerá no seu caso a información proporcionada por outros profesionais que traballen co seu grupo-aula. Dita avaliación realizarase preferentemente a través da observación continua e sistemática dos nenos/as e das entrevistas cas

familias.

Os criterios de avaliación utilizaranse como referente para a identificación das posibilidades e dificultades de cada alumna e cada alumno e para observar o seu proceso de desenvolvemento e as aprendizaxes adquiridas. A valoración do proceso de aprendizaxe expresarase en termos cualitativos.

As **técnicas** que empregaremos para a recollida de información serán: a observación directa e sistemática do alumnado, o diario de clase, a análise das producións das nenas e dos nenos e as entrevistas coas familias ou titores legais xa que consideramos de vital importancia a participación destes no proceso de aprendizaxe das súas fillas e dos seus fillos.

O curso escolar estará dividido en tres partes diferenciadas que coincidirán cos tres trimestres. Ao rematar cada un deles entregaráselles ás familias un **boletín informativo sobre a evolución do/a seu/súa fillo/a**, expresado en termos cualitativos e onde aparecerán os datos recollidos durante o trimestre e os distintos criterios de avaliación. (**Avaliación continua**) así como as observación que se consideren oportunas por parte das titoras e dos mestres especialistas que lles imparten clase ós nenos/as.

Así mesmo, a **titora da aula de 3 anos** levará a cabo un **informe de avaliación inicial** dos alumnos e alumnas que recollerá os datos máis destacados do seu proceso de desenvolvemento, os datos relevantes achegados pola información das familias na entrevista inicial e, nalgúns casos, os informes médicos, psicolóxicos, pedagóxicos e sociais que revisten interese para a vida escolar.

**Ó remate de cada curso**, os titores elaboraremos o **informe anual de avaliación individualizado**, no cal se reflectirán os datos máis relevantes do proceso de avaliación continua. Dito informe recollerá o grao de consecución dos obxectivos establecidos, así como as medidas de reforzo e adaptación que, se é o caso, fosen empregadas.

**Á finalización do ciclo**, co fin de garantir unha atención individualizada e continuada, recollerase nun **informe o progreso global de cada nena e cada neno**.

Por outra banda, **a titora da aula de 5 anos**, ó finalizar o segundo ciclo de infantil, recollerá os datos máis relevantes dos informes de cada curso nun **informe individualizado de cada alumna ou o alumno** e porao a disposición do/a novo/a titor/a da etapa de educación primaria, xa que o noso centro conta con esta etapa educativa.

Todos estos documentos oficiais de avaliación cubrirémolos todos/as os/as titores/as electrónicamente a través dos módulos correspondentes incorporados ao sistema informático **XADE**.

#### **4.3.2.-PROCEDIMENTO PARA O SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DA PROPIA PROGRAMACIÓN.**

En primeiro lugar definir a práctica docente como a labor que leva a cabo o mestre dentro da aula para producir aprendizaxes e que inclúe os procesos de ensinanza. Está actividade docente inclúe aspectos como : Interacción cos alumnos, organización da ensinanza, clima da aula, relación cos pais en nais de alumnos, atención a diversidade, programación e viabilidade. A proposta dun modelo de autoavaliación da práctica docente conleva didáctica, metodoloxía, avaliación do proceso de ensinanza aprendizaxe.

Dende este planteamiento, e si queremos avaliar as actividades docentes debemos de aclarar que calquera instrumento da avaliación debe de ter os requisitos básicos de validez, fiabilidade, primordialmente elixir o instrumento máis adecuado para levar a cabo.

Por isto, serán variables que nos interese coñecer. Hai que recoñecer que hai variables que son difíciles de medir pero con todo, o instrumento de medida debe de acercarse o máis posible a estas variables e ser o adecuado. Un instrumento de medición e por tanto de avaliación é adecuado cando rexistra datos observables que representan verdadeiramente os conceptos ou as variables que o mestre quere coñecer.

Dende o equipo de educación infantil os **obxectivos** que pretendemos avaliar da nosa práctica docente son, entre outros, os seguintes:

1. Axustar a práctica docente ás peculiaridades do grupo e a cada alumno.
2. Detectar as dificultades e os problemas na práctica docente.

**Temporalización:** A avaliación debe estar ligada ó proceso educativo, e dicir, que en certa medida debe levarse a cabo de forma continua. Aínda que, pode haber momentos especialmente indicados para a valoración do proceso.

1. Antes, durante, e despois de cada unidade didáctica
2. Trimestralmente, coincidindo cas avaliacións.
3. Anualmente.

Para levar a cabo esta avaliación na etapa de educación infantil elaboramos unha serie de cuestionarios. Estes cuestionarios permitirannos analizar e avaliar a nosa practica docente distinguindo cinco ámbitos:

**1.- Motivación por parte do profesor de cara a aprendizaxe dos alumnos/as**

<b>INDICADORES</b>	<b>VALORACIÓN (0-5)</b>	<b>PROPOSTAS DE MELLORA</b>
1.-Presento o principio de cada sesión o traballo a realizar de xeito motivador		
2.- Deseño algunha actividade que introduza e motive o tema a traballar.		
3.-Manteño a atención dos alumnos/as partindo das súas experiencias previas e utilizando unha linguaxe clara e adaptada...		
4.-Relaciono os contidos e as actividades cos intereses e coñecementos previos dos meus alumnos/as.		
5.-Fomento a participación dos meus alumnos nas asembleas e traballos en grupo.		
6.- Reflexiono si os contidos son os		

indicados para estes alumnos/as.		
7.-Estruturo e organizo adecuadamente os contidos (mapas conceptuais).		

## 2.- Planificación da programación didáctica

INDICADORES	VALORACIÓN (0-5)	PROPOSTAS DE MELLORA
1.- A miña programación está dividida en unidades didácticas debidamente secuenciadas.		
2.- Deseño cada unidade didáctica tendo en conta os obxectivos e competencias básicas que deben de adquirir os meus alumnos/as		
3.- Formulo adecuadamente os obxectivos didácticos de xeito que expresen claramente as habilidades que os meus alumnos/as deben adquirir.		
4.- Selecciono e secuencio os contidos (concepto, procedementos e actitudes) da miña programación coa secuenciación adecuada as características do meu grupo de alumnos/as		
5.- Anizo e deseño dentro da miña programación as competencias básicas e necesarias para cada unidade didáctica.		
6.- Planifico a miña actividade educativa de forma coordinada co		



resto do profesorado (xa sexa de nivel, ciclo, aula...)		
7.-Establezo de xeito explícito, os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación e autoavaliación que me permiten facer un seguimento do progreso dos alumnos/as e comprobar o grado en que alcanza as aprendizaxes.		

### 3.- Estrutura e cohesión no proceso de ensinanza-aprendizaxe

<b>INDICADORES</b>	<b>VALORACIÓN (0-5)</b>	<b>PROPOSTAS DE MELLORA</b>
1.- Deseño actividades que aseguran a adquisición dos obxectivos didácticos previstos e as habilidades e técnicas instrumentais básicas.		
2.- Propoño actividades variadas: de introdución, motivación, de desenvolvemento, de manipulación, de atención...		
3.- Distribúo o tempo da aula adecuadamente		
4.- Adopto distintos agrupamentos en función do momento e a tarefa a realizar, de os recursos a utilizar..etc, controlando sempre un adecuado clima de traballo.		
5.- Utilizo recursos didácticos varios( audiovisuais, informáticos..)		

#### 4.- Seguimento do proceso de ensinanza/aprendizaxe

<b>INDICADORES</b>	<b>VALORACIÓN (0-5)</b>	<b>PROPOSTAS DE MELLORA</b>
1.- Reviso frecuentemente os contidos, actividades propostas-dentro e fora da aula, adecuación dos tempos, agrupamentos e materiais.		
2.- No caso de obxectivos insuficientemente acadados propono novas actividades que faciliten a súa adquisición.		
3.- Coordíneme con outros profesionais(profesores de apoio, PT, AL,..)		
4.- Adapto o material didáctico e os recursos as características e necesidades dos alumnos/as.		
5.-fomento a interacción entre mestre e alumno/a		
6.- Plantexo traballo en grupo para fomentar e analizar as interaccións entre os alumnos/as.		

#### 5.- Avaliación do proceso

<b>INDICADORES</b>	<b>VALORACIÓN (0-5)</b>	<b>PROPOSTAS DE MELLORA</b>
1.- Aplico os criterios de avaliación de acordo coas orientacións da concreción curricular.		

2.- Cada unidade didáctica ten claramente establecido os criterios de avaliación.		
3.-Utilizo sistematicamente instrumentos varios de recollida de información( rexistro de observación, ficha do alumno/a, diario da clase...).		
4.- Utilizo diferentes medios para informar a padres, profesores (sesións de avaliación, boletíns informativos, reunións colectivas e individuais, ) de los resultados da avaliación .		
5.- Utilizo os resultados da avaliación para modificar os procedementos didácticos que poño en práctica e así mellorar a miña intervención docente.		
6.- Realizo unha avaliación inicial a principio de curso, para axustar a programación , na que teño en conta o informe final do titor anterior.		
7.- Contemplo outros momentos de avaliación inicial; o comezo de cada Unidade Didáctica.		

#### 4.4- TEMPORALIZACIÓN

**PRIMEIRO TRIMESTRE  
(UNIDADES DE APREDIZAXE)**

4º DE EDUCACIÓN INFANTIL	5º DE EDUCACIÓN INFANTIL	6º DE EDUCACIÓN INFANTIL
<p>UNIDADE 1: “<i>Érase una vez ...mi colegio</i>”. Con esta unidade preténdese que os nenos e as nenas descubran cales son as principais dependencias do colexio, coñecerán as zonas e os obxectos da aula e desenvolverán algunhas normas de convivencia cos/as compañeiros/as.</p>	<p>“UNIDADE DE 1”  “MI CASA, MI HOGAR”  Organización do espazo aula; presentación da mascota; bienvenidos a CASTORIA. Tipos de casa; el plano de una casa; la luz y la energía.</p>	<p>“UNIDADE 1”: “  Descubrimos a calle” ;  medidas de protección;  normas de la calle;  mobiliario urbano; las  tiendas; el pueblo y la  ciudad; Educación vial;  hábitos de convivencia y  relación en la calle;  profesiones de la calle;  El reciclaje; el ocio.</p>
<p>UNIDADE 2: “<i>Colorín, colorado</i>”. Darase un salto cara o mundo máxico dos contos. Acercaranse ó teatro, ós títeres e outras maneiras de ver e escoitar historias, ás fábulas e a algún obxectos máxicos relacionados cos contos.</p>	<p>“UNIDAD 2: UNA VENTANA AL MUNDO”  Traballaremos: países e culturas do mundo.  As diferentes culturas,, gastronomía, vestimentas, tradicións; instrumentos, danzas..</p>	<p>“ UNIDADE 2” : “ Ciencia en la cocina” ; la alimentación;  alimentación sana y equilibrada; Hábitos relacionados con la hora de comer; necesidades básicas; los alimentos; el restaurante; profesiones relacionadas con los alimentos y la cocina.</p>

**SEGUNDO TRIMESTRE****(UNIDADES DE APREDIZAXE)**

4º DE EDUCACIÓN INFANTIL	5º DE EDUCACIÓN INFANTIL	6º DE EDUCACIÓN INFANTIL
<p>UNIDADE 3: <i>“Un cuerpo con mucho sentido”</i>. Nesta unidade descubrirán as partes do corpo e da cara, os cinco sentidos, as necesidades básicas do corpo, así como obxectos e lugares relacionados co coidado e o aseo persoal. Taménre coñecerán as expresión das distintas emocións básicas.</p>	<p>“UNIDADE 3. EL CUERPO EN ACCIÓN” Traballaremos: O corpo e as súas partes; os órganos dos sentidos; os osos, músculo e principais osos. As necesidades do noso corpo; hábitos de hixiene; hábitos de vida saudabel.</p>	<p>“UNIDADE 3”: El mundo en un clic; los medios de comunicación y la tecnología; protección da vista e o oído no uso das novas tecnoloxías; medios de comunicación e medios de información; o ordenador, a tecnoloxía.</p>

<p>UNIDADE 4: <i>“Retrato de familia”</i>. Darase un salto cara as características físicas e corporais, o cambio do corpo co paso do tempo, os membros da familia, así como as relacións de parentesco. Os/as alumnos/as investigarán aspectos relacionados coa súa</p>	<p>“UNIDADE 4 : UNA CORONA DE OLIVO” Traballaremos: Los deportes Olímpicos, El origen de las olimpiadas; Los anillos olímpicos y la antorcha. las mascotas; los juegos paraolímpicos.</p>	<p>“UNIDADE 4” Inventos con chispa” : inventos da historia; inventos e descubrimentos relacionados coa saúde e o benestar persoal; principais inventos e descubrimentos da historia.</p>
---	---	--

<p>historia familiar e descubrirán que haimoitos tipos de familias diferentes. Tamén coñecerán xogos e xooguetes antigos.</p>	<p>Tipos de deportes y su equipación; cuidado del cuerpo al practicar deporte....</p>	
---	---	--

**TERCEIRO TRIMESTRE  
(UNIDADES DE APREDIZAXE)**

4º DE EDUCACIÓN INFANTIL	5º DE EDUCACIÓN INFANTIL	6º DE EDUCACIÓN INFANTIL
<p>UNIDADE 5: <i>“Pequeños granjeros”</i>. Nesta unidade os nenos e nenas descubrirán a granxa escola, os animais domésticos, a horta e as plantas, os produtos de orixe animal e vexetas, así como o ciclo vital. Tamén traballarán as rutinas diarias asociadas ó coidado das mascotas e as normas nas excursións e saídas.</p>	<p>“UNIDAD 5: GARRAS Y COLMILLOS” Traballaremos: Los animales salvajes y sus características; hábitat, alimentación e forma de desprazamento. Animais en perigo de extinción Importancia dos animais no ciclo vital da natureza.</p>	<p>“UNIDADE 5” “Planeta Azul”: a auga; animais mariños; a auga, como elemento fundamental para a saúde e a vida; necesidades básicas do corpo; o ciclo da auga; a auga na natureza; animais mariños; fenómenos atmosféricos; coidado do medio ambiente.</p>
<p>UNIDADE 6: <i>“El estanque de Monet.”</i> Farase un recorrido no que os nenos</p>	<p>“UNIDADE 6: MARAVILLAS DE LA NATURALEZA”</p>	<p>“UNIDADE 6” “Mas alá das estrelas” : o sistema solar; o espazo;</p>

<p>e as nenascoñecerán cales son as medidas de protección e seguridade en entornos naturais, a charca e o seu hábitat, os insectos, pequenos animais, anfibios, a transformación da ra e o coidado do medio ambiente. Tamén se fomentará o respecto, o gusto e a curiosidade polas obras de arte.</p>	<p>Traballaremos:  El entorno;Respeto y cuidado polo medio ambiente; normas para o coidado do medio ambiente.  As disntintas paisaxes; as paisaxes celestes: fenómenos celestes e raios.  Entornos naturais destacados.  Accidentes xeográficos da auga e da terra.</p>	<p>protección do corpo en relación có sol; viaxes espaciais;movementos da terra.</p>
---	---	--

O longo de todo o curso en cada unha das unidades de traballo tamén se traballarán:

- As habilidades sociais.
- o aprendizaxe cooperativo
- recursos interactivos
- funcións executiva: xogos interactivos, e xogos de entretenimento.
- Cultura Maker.

## 5.- PERÍODO DE ADAPTACIÓN

O período de adaptación é o tempo que cada neno/a tardará en asimilar os cambios producidos no ambiente para acomodarse a el.

A escola e a familia deberán traballar conxuntamente para lograr unha mellor adaptación do neno/a.

Debemos contribuír a que as relacións entre o alumnado, profesorado e familias sexa fluída e se desenvolva nun ambiente de cooperación, confianza e respecto cara as diferencias de cada alumno/a.

Crearemos un clima de afecto e seguridade nun ambiente acolledor, que sirva para establecer as condicións materiais e persoais necesarias para que este período non sexa traumático, así como para poñer o seu alcance os medios necesarios que faciliten a adaptación do neno/a o seu novo medio.

Un mundo afectivo adecuado, para que durante este tempo de adaptación o neno/a vaian asimilando o medio escolar.

O programa de acollida do alumnado de 4º de educación infantil é o seguinte:

- No mes de xuño cítase as familias do alumnado matriculado no noso centro co fin de manter un primeiro contacto e darlles a benvida ó centro, informarles- formalos en habilidades a desenvolver no verán ,a cargo da coordinadora do ciclo, a dirección do centro e a orientadora.

Son informados das normas de funcionamento, dos servizos dos que poden facer uso e das características do colexio.

- Tamén no mes de xuño os nenos e nenas visitan o centro e permanecen nel nun período corto de tempo. Nesta visita están acompañados polos seus pais e no caso dos nenos e nenas da galiña azul tamén están acompañados polas súas monitoras. Nesta visita a coordinadora de ciclo prepara unhas actividades amenas e divertidas para recibir o futuro alumnado. Nestas actividades participa activamente todo o alumnado da educación infantil.
- Nos mes de setembro, volvese a citar as familias para informarles da acollida de forma gradual dos nenos e nenas que ingresan no centro. Recórdanselle as normas e funcionamento do colexio.



Entrégaselle un cuestionario para recoller información sobre o alumno/a. A encargada de esta reunión será a titora.

- Entrevistas individuais coas familias para recoller e comentar o cuestionario.

## **6. - MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

Atender a diversidade supón recoñecer que cada neno ou nena é unha persoa única e irrepetible. Por iso dentro da programación teremos que garantir a equidade dos alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar algunha necesidade específica de apoio educativo, ben sexa por proceder doutras culturas, ou ter altas capacidades intelectuais, ou aqueles que presenten atraso madurativo (pola presenza dunha ou varias discapacidades). Por iso a adecuada resposta educativa para todos os alumnos e alumnas concíbese a partir do principio de inclusión.

Criterios específicos:

### 1) Elementos persoais:

- Favorecer a interacción entre os alumnos/as para promocionar actitudes de aceptación.
- Fomentar a participación activa de todos os alumnos/as na aula.
- Determinar con claridade as funcións, roles e tarefas de todos os profesionais que interveñen na aula.
- Establecer as coordinacións básicas entre eles.

### 2) Os materiais e súa organización:

- Adaptar o mobiliario e materiais para que poidan ser usados por tódolos alumnos.
- Reducir ó máximo do nivel de ruído na aula.
- Organizar o espazo de xeito funcional.
- Seleccionar os materiais diversos para o desenvolvemento de cada un dos diferentes contidos básicos.
- Organizar os horarios a partir da metodoloxía.

### 3) A avaliación:

- Realizar unha avaliación inicial dos coñecementos e destrezas previas antes de iniciar calquera proceso de ensinanza e aprendizaxe.
- Aplicar a avaliación continua a través de diversos métodos procedementos.
- Introducir, como recursos normalizados na práctica educativa, a avaliación entre compañeiros e a autoavaliación.
- Establecer canles adecuados coa familia para dar recadar información.
- Elaborar boletíns de información cualitativos e comprensibles para todos.

#### 4) Os obxectivos e contidos:

- Definir con claridade e precisión os obxectivos e contidos mínimos de ciclo de cada unidade didáctica.
- Introducir obxectivos e contidos adecuados a propia realidade.
- Tratar de que os obxectivos de aprendizaxe sexan compartidos polos propios alumnos.

#### 5) A metodoloxía e as actividades:

- Seleccionar actividades que beneficiando a todos os alumnos, o fagan especialmente con aqueles que presentan necesidades educativas especiais.
- Priorizar métodos que favorezan a experiencia directa, a reflexión, a expresión e a comunicación.
- Diseñar actividades con diferentes grados de dificultade.
- Normalizar na aula momentos que se dediquen à realización de actividades diferentes.

A estrutura desta programación facilita a adaptación aos diferentes ritmos de aprendizaxe, dando resposta tanto a aqueles nenos que non presentan dificultades significativas para acadar os obxectivos como aqueles que necesitan unha atención máis específica nun momento determinado.

En cada Unidade Didáctica elaboraremos, por tanto, actividades de reforzo e ampliación para atender a esta diversidade.

No Plan de Orientación Educativa do centro para este curso contéplase levar a cabo obradoiros de estimulación da linguaxe nas aulas de Educación Infantil así como traballar con aqueles nenos e nenas que presentan dislalías,

disfemias ou outras dificultades na linguaxe oral. Reciben apoio fóra da aula por parte da especialista de AL 2 nenos/as da aula de 4 anos e 3 alumnos da aula de 5 anos. Ademais un alumno de 6º de Educación Infantil (5 anos) será atendido nos ámbitos da linguaxe e comportamental polos especialistas de Audición e Linguaxe e Pedagogía Terapéutica..

## **7.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.**

Neste curso escolar as actividades complementarias e extraescolares fora do horario ou do recinto escolar quedan suspendidas por mor do Covid-19.

Si se celebrarán dentro do horario escolar actividades complementarias pero a nivel de aula/titoria.

## **ACTIVIDADES Y EXPERIENCIAS NAS AULAS DE EDUCACIÓN INFANTIL**

No presente curso escolar faremos.

Estas experiencias son:

- **ALMORZO SAUDABLE OU MERENDA DE MEDIA MAÑÁ.** Esta actividade favorece a adquisición de bos hábitos alimenticios nos nenos e nenas. Desde o inicio do curso e na reunión do primeiro trimestre pídeselle ós pais e nais a súa colaboración. Esta actividade consiste en fixar coas familias un calendario semanal onde se fica para cada día un determinado tipo de alimento para traer para a merenda de media mañá que faremos antes de saír ó recreo. Para facilitar o seu cumprimento, mándaselle as familias unha fotocopia do calendario.
- **CREACIÓN** de contos, poesías, trabalinguas, libros de imaxes.....

## **ACTIVIDADES CONXUNTAS DE TODO O CENTRO**

Estas actividades serán feitas e traballadas en tódalas aulas do centro. A celebración das mesmas farase como as anteriores só a nivel de aula.

Poderase compartir esas celebracións ou actividades co resto da comunidade educativa a través do blog da biblioteca, o blog do centro o a web.

## **PRIMER TRIMESTRE**

- 24 de outubro Día das bibliotecas escolares.

- 20 de novembro de 2021: Día Universal da Infancia.
- 25 de novembro de 2021: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- Do 30 de novembro ao 7 de decembro de 2021: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- 3 de decembro de 2021: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- 10 de decembro de 2021: Día da Declaración Universal dos Dereitos humanos
- Festa do medo: SAMAÍN.: O obxectivo desta actividade é fomentar o coñecemento das nosas tradicións. Realizarase nas instalacións do centro, o día 30 de novembro de 2020.

### SEGUNDO TRIMESTRE

- 24 de xaneiro de 2022: Día Internacional da Educación.
- 30 de xaneiro de 2022: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- o entroido
- 8 de marzo de 2022: Día Internacional da Muller traballadora.
- 15 de marzo de 2022: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- Do 8 ao 12 de marzo de 2022: Semana da Prensa. Un día desta semana traballarase na aula con xornais.
- 7 de abril de 2022: Día Mundial da Saúde.

### TERCEIRO TRIMESTRE

- 7 de abril de 2022: Día Mundial da Saúde.
- Entre o 19 ao 23 de abril de 2021: Semana do Libro.
- 2 de maio de 2022: Día Internacional contra o Acoso E
- 9 de maio de 2022: Día de Europa.
- Do 10 ao 14 de maio de 2022: Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño de 2022: Día Mundial do Ambiente

## **8.- CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS**

## **8.1.- ACERCAMENTO E INCORPORACIÓN DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN NO TRABALLO NA AULA.**

Para a elaboración deste apartado partimos do Plan para a integración das tecnoloxías da información e da comunicación existente no centro, pero concretando isto para o ciclo de Educación Infantil.

Creemos fundamental introducilos posto que a linguaxe audiovisual e as TIC presentes na vida infantil, requiren un tratamento educativo que inicie os nenos e as nenas na comprensión das mensaxes audiovisuais e na utilización axeitada, identificando o papel que estas novas tecnoloxías teñen na súa vida. Polo tanto, a educación ten que partir e adaptarse á nova realidade e; ademais, as TIC son un instrumento cada vez máis indispensable nos centros educativos, por ser:

- Fonte de adquisición de información
- Facilitadoras do traballo colaborativo e do intercambio de experiencias e ideas
- Medio de expresión e creación
- Recurso interactivo para a aprendizaxe. Os materiais didácticos multimedia informa, adestran, proporcionan simulacións, guían aprendizaxes e motivan entre outros aspectos.
- Medio lúdico para o desenvolvemento psicomotor e cognitivo.

Por iso, nesta etapa educativa queremos iniciar ós alumnos e alumnas no uso de diversos instrumentos tecnolóxicos (ordenador, reprodutores de imaxe e son e DVD,...), e no coñecemento de diferentes producións audiovisuais, valorando progresivamente os seus contados e tomando conciencia de utilizalos moderadamente.

Os máis pequenos asumen con naturalidade a presenza dun ordenador no medio escolar. A propia aprendizaxe, para eles, é un xogo; e o ordenador, un recurso didáctico para aprender e xogar.

Tampouco podemos esquecer que, actualmente, o manexo do ordenador é unha necesidade posto que a sociedade emprégao en todos os ámbitos, de aí que se queremos preparar aos alumnos e alumnas para que sexan membros activos e integrados da sociedade deben coñecer e saber empregar esta tecnoloxía.

Algunhas actividades que levaremos a cabo ó longo do curso son:

- Uso de Cd con xogos interactivos para iniciarse no manexo do ordenador.
- escoitar contos animados
- Visionado de películas, debuxos animados, videoxogos, documentais.
- Uso de cámara de vídeo, cámara fotográfica, televisión, escáner, impresora
- Uso da PDI.

A metodoloxía e a avaliación que se empregará será a mesma que a exposta anteriormente.

## **8.2- CONCRECIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.**

A parte do desenvolvemento e tendo en conta que é un dereito e deber fundamental de todos os integrantes da comunidade educativa contribuír a creación dun bo clima de convivencia expoñemos algunhas normas que consideramos de obrigado cumprimento :

- Puntualidade tanto o entrar como o saír da escola.
- Os alumnos/as deben asistir a clase debidamente aseados e provistos do material necesario. En caso de observarse deficiencias a titora informará os pais/nais que teñen a obriga de reparalas.
- O centro debe permanecer limpo.
- Debemos evitar berros e ruídos para favorecer un clima de traballo agradable.
- Debemos coidar o material e as instalacións do centro.

Preténdese co plan de convivencia:

- Propiciar dende infantil a colaboración das familias co CEIP. a través dun intercambio construtivo de información que permita unir esforzos para lograr fins comúns e a creación de canles de comunicación.
- Favorecer a acollida do novo alumnado de 3 anos, así como ós nenos novos doutros cursos.

- Facer presente nas aulas o respecto polas outras culturas, etnias,... con actividades e materiais didácticos que representen a realidade multicultural que caracteriza a sociedade actual descartando aqueles que poidan potenciar a violencia, o sexismo...
- Facilitar a rápida integración no claustro do novo profesorado de infantil, facilitando á información necesaria para elo.
- Potenciar dende infantil á relación interpersoal entre os nenos e nenas.
- Manter, por parte do profesorado, unha liña de conducta coherente, uniforme e sistemática no tratamento da orde e disciplina.

### **8.3- ACCIÓNS PREVISTAS EN RELACIÓN CO PROXECTO LECTOR.**

Ao longo do curso levaremos a cabo unha serie de actividades fomentando e cumprindo así cos obxectivos plantexado no proxecto lector:

- Facer sesións de conta contos.
- Uso do recanto da biblioteca da aula, do centro e do concello.
- Elaboración de contos viaxeiros.
- Que cada neno/a traia o seu conto favorito da casa e o comparta/conte ós seus compañeiros/as-
- O alumnado levará para a casa un conto cada venres co seu correspondente cuestionario.
- Realizaremos actividades de dramatización a partir dos contos.
- Uso dos contos para realizar actividades de comprensión e de iniciación á lectura e á escritura.
- Con todas estas actividades, e moitas outras que irán xurdindo ao longo do curso, preténdese conseguir obxectivos do proxecto lector coma:
- Favorecer a imaxinación e a creatividade
- Fomentar o gusto polos libros e pola lectura.
- Favorecer o gusto pola asistencia ás bibliotecas.
- Traballar conceptos da etapa a través dos contos.
- Aprender as normas de comportamento das bibliotecas...

#### **8.4- EDUCACION EN VALORES.**

Dende a educación infantil , no proceso educativo traballárase para estimular a adquisición dos valores que se xeran na relación so outros e co medio que nos rodea tales como: respectar e valorar os demais; aceptar as normas; espetar o medio ambiente; autorregular a conducta no xogo, na convivencia e no traballo ; deste xeito lograrase a formación de un autoconcepto positivo e a construción da propia identidade. A adquisición destes valores farán os nosos alumnos/as persoas capaces de desenvolverse con éxito na sociedade á que se teñen que ir incorporando de maneira activa.

**O desenvolvemento dos valores canaliza a totalidade da práctica docente a través das actividades e experiencias que se realizan cos nenos/as no seu traballo cotiá da aula.** Na transmisión dos valores a actitude do docente na súa práctica diaria na aula é determinante, por iso, o docente debe prestar especial atención e ofrecer ós alumnos/as modelos de identificación de xeito que poidan interiorizar facilmente as propostas traballadas.

A educación en valores presentase como un conxunto de contidos que interactúan en tódalas áreas do currículo escolar e o seu desenvolvemento afecta a globalidade do mesmo. Non se trata dun conxunto de ensinanzas autónomas, senón dunha serie de elementos de aprendizaxe sumamente globalizados, que deben impregnar a actividade docente e estar presentes na aula de forma permanente, xa que, refírense a problemas e preocupacións fundamentais da sociedade.

O noso currículo de Infantil, a través das súas tres áreas, favorece o desenvolvemento de valores e hábitos dende idades temperás.

A organización da vida cotiá na aula de infantil , crea e xera un ambiente no que constantemente estamos traballando os hábitos e valores nos nenos/as. Por exemplo:



- Na asemblea, os nenos/as aprenden a respectar a quenda de palabra, a escoitar os outros, a respectar as opinións dos demais, a aceptar as decisións do grupo...
- Na merenda de media mañá , créanse hábitos de saúde e hixiene a través da rutina semanal de alimentación san, de lavado de mans antes e despois da merenda , a limpeza da mesa, o reciclado de envases , etc.
- Os recunchos os nenos desenvolven a súa autonomía , a toma de decisións, as normas, o traballo en equipo, a coeducación, etc.

As seguintes orientacións servirannos como principios que regularán a nos práctica docente e nos permitirán influír na transmisión de valores :

- Colaborar cos compañeiros e cos adultos.
- Valorar por igual tódolos logros dos nenos e nenas.
- Evitar descalcificacións xerais hacia os traballos dos nenos/as.
- Destacar e premiar as conductas tolerantes e cooperativas.
- Aproveitar os conflitos que surxan entre os nenos e nenas para dialogar colectivamente sobre os modos de resolucións posibles.
- Facer que os nenos/as participen no establecemento das normas de convivencia na aula.
- O rematar cada xornada dedicar uns momentos para analizar colectivamente, o seu desenvolvemento , os incidentes surxidos e as solucións tomadas.

## **CULTURA DA PAZ E A MULTICULTURALIDADE**

O obxectivo é que o neno e nena comprendan que a construción da paz é tarefa de todos. Igual que sucede cos conflitos cotiás , moitas veces u odio entre os pobos é froito do descoñecemento e a falta de comunicación , o mellor xeito para superar estes conflitos é o diálogo e respecto a diversidade.

Os obxectivos e contidos deste eixe están relacionados con:

- Resolución pacífica e progresivamente autónoma dos conflitos.
- Utilización da linguaxe para resolver conflitos e aprender a dialogar.

- Non a violencia: actitude crítica fronte a cultura na que vivimos a través de xoguetes, debuxos animador, xogos informáticos, películas...
- Coñecemento e valoración das diferenzas, evitando situacións de discriminación con respecto o sexo, etnia, cultura, profesións, clase social...
- Coñecemento e respecto por outras realidades, costumes e formas de vida.

## **EDUCACIÓN PARA A SAÚDE E A CALIDADE DE VIDA.**

Este contido parte dun concepto integral da saúde como benestar físico e mental, individual, social e medioambiental. Traballan contidos desde distintos eixes temáticos: coidados persoais, alimentación e nutrición, educación sexual e prevención de accidentes e educación vial.

Propostas de actuación:

- Fomentar o consumo de alimentos sans. Froitas, leite, verduras... a través da merenda de media mañá e no uso do comedor.
- Rechazar o uso abusivo de golosinas,.
- Establece normas de aseo persoal: lavarse as mans antes e despois de come, de vir de xogar no arenero, ter sempre o nariz limpo...
- Realizar xogos simbólicos relacionados cos hábitos de aseo para que os vivan coo un feito agradable
- Realizar saídas cortas polo contorno próximo establecendo normas: camiñar polas beirarrúas; non correr, deterse ó chegar a un cruce....
- Ensinarlles o significado das principais sinais de tráfico.
- Facer xogos cas cores do semáforo.
- Ensinarlles normas sobre o uso dos transportes: ir ben sentados, non distraer o condutor...

## **EDUCACIÓN AMBIENTAL E PARA A SOSTENIBILIDADE**

As grandes cuestións da educación ambiental céntranse no descubrimento do contorno e no desenvolvemento de actitudes favorables para a súa protección e conservación:

- Sensibilización polos problemas medio ambientais.
- Hábitos de protección e coidado do medio.
- Respecto, valoración e implicación no mantemento do contorno.
- Hábitos de coidado e protección de plantas e animais.
- Normas de utilización dos espazos urbanos.

Propostas de actuación:

- Propiciar saídas fora da escola para observar o medio natural.
- Ensinarlles a usar de xeito responsable os recursos naturais: a auga.
- Observar directamente o crecemento dunha planta que teremos na aula.
- Coidar as árbores do patio
- Respectar e coidar algún animal que esporadicamente podemos ter na aula.
- Inicialos no coñecemento de materiais reciclables, por exemplo: gardar o papel usado nun contenedor, botar os tetrabrick e o papel de alumino da merenda de media mañá para reciclar.
- Realizar actividades plásticas utilizando materiais de refugallo. Por exemplo: construír un coche con caixas de zapatos.

## **EDUCACIÓN EN HÁBITOS DE CONSUMO**

A educación para o consumo responsable parte da reflexión sobre as actitudes dos nenos e nenas, que deben empezar a distinguir entre aquilo que realmente necesitan (roupa, comida, transporte. Etc) e aquilo do que poden prescindir facilmente. Plantéxanse entre outros estes contidos:

- O consumo responsable.
- Os xoguetes e o material escolar.
- O reciclaxe e a reutilización de materiais.
- A valoración crítica da publicidade.

Propostas de actuación:

- Ensinar ós nenos/as a coidar os materiais individuais e comúns.
- Procurar un máximo aproveitamento do material escolar.

- Realizar con eles xogos que non precisen xoguets: a pita cega; o xogo das cadeiras..
- Ensinarlles xogos tradicionais: raia, raiola, Comba, chapas....
- Procurar arranxar os xoguets estropeados.
- Usar materiais de refugallo para construír xoguets.
- Fomentar o consumo de alimentos sans na merenda de media mañá.

## **EDUCACIÓN PARA O TEMPO LIBRE**

A través do xogo o alumnado aproxímase o coñecemento do espazo que o rodea, ó pensamento e ás emocións propias e dos demais.

A aula de educación infantil debe se un espazo rico en xogos onde o neno e nena teñan a posibilidade de elixir e pasar por toda a diversidade de xogos quedebemos ofrecer os distintos recuchos. O mesmo tempo os tiores, debemos expoñerlles as familias a importancia que ten o xogo neste momentos , co fin de que non caigan na actividade pura e rutinaria de poñer a televisión ós seus fillos/as ou as cosolas ; ordeadores; móbiles para xogar. Debemos inculcar nos pais e nais que xogar cos seus fillos é algo que vai a fovorecer os seu desenrolo , así que en calquera momento o xogo pode ser educativo.

## **EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE DE XÉNERO**

Este eixe abordarémolo e traballarémolo a partir dos obxectivos e pautas de actuación que no apartado : **ACCIÓNS PREVISTAS PARA INFANTIL EN RELACIÓN CO PLAN DE IGUALDADE DO CENTRO**, o equipo de Educación Infantil concretou e estableceu para esta etapa educativa do centro.

### **8.5- ACCIÓNS PREVISTAS PARA INFANTIL EN RELACIÓN CO PLAN DE IGUALDADE DO CENTRO.**

O obxectivo principal do plan de igualdade é concienciar a comunidade educativa da necesidade e importancia de traballar a coeducación e previr a violencia de xénero.

Para a elaboración deste apartado partimos do Plan de igualdade existente no centro, pero concretando isto para o ciclo de Educación Infantil.

Trátase de presentar a muller e situacións iguais o home, tanto no ámbito da escola como no traballo e en outros contextos cotiás, mediante o esforzo formativo nos seguintes eixes de contidos:

- Expresión de sentimentos e emocións en ambos sexos.
- Construción dun autoconceito axeitado , evitando a asignación de roles, estereotipos valores e comportamentos sexistas.
- Identificación e valoración da existencia de diferentes tipos de familias , evitando unha asignación previa de roles o reparto das tarefas.
- Aceptación e desenvolvemento por ambos sexos de valores tradicionalmente considerados coma femininos (afectividade, sensibilidade, cooperación...) ou masculinos ( tipo de actividades, autonomía, competitividade...).
- Cooperación e participación dos alumnos , independentemente do seu sexo , nas tarefas cotiás do fogar, na medida das súas posibilidades.
- Valoración do uso non-sexista dos xoguetes, desenvolvendo actividades de xogo compartidas e evitado a dicotomía entre xogos de nenos e nenas. Por outro lado, utilizaráse unha linguaxe coeducativa.

#### PROPOSTAS DE ACTUACIÓN:

Ao longo do curso levaremos a cabo unha serie de actividades fomentando e cumprindo así cos obxectivos plantexados no plan de igualdade:

- Usar unha linguaxe non sexista.
- Asignar responsabilidades na aula indistintamente ós nenos ou as nenas.
- Promover xogos tradicionalmente considerados de nenos e de nenas coa participación de todos eles.
- Promover a participación dos nenos e nenas en tarefas domésticas, en colaboración coas familias.

- Dramatizacións con cambio de roes tradicionalmente asignados ó xénero.
- Utilización indistintamente polos nenos e nenas dos xoguetes e xogos, así como dos espazos e recunchos.
- Programarase unha unidade didáctica ou unha actividade específica como traballar os contos desde un enfoque coeducativo que se realizará no mes de marzo, coincidindo co día da muller traballadora.
- Cando falemos dos oficios ofrecerémoslles modelos masculinos e femininos sobre todo os traballos masculinos buscaremos figuras femininas. Nas tarefas domésticas buscaremos figuras masculinas.
- Nos contos tradicionais , nos que aparecen estereotipos sexistas , aplicaremos as técnicas de Rodari: ¿Que pasaría se fose cinceto?

## 9.- CONCLUSIÓN

Programar é o primeiro acto da intervención educativa, pero si a programación non se puxese en práctica mediante a comunicación e a interacción, esta non tería sentido.

Na posta en práctica das actividades temos que ter en conta varios factores motivación seguimento constante das actividades; A orientación dos alumnos e as diferenzas individuais na aprendizaxe control constante mediante a avaliación formativa ;A flexibilidade da aplicación da programación, que permita adecuarse ás diferentes circunstancias que poidan xurdir.

## ANEXOS

- **ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL.**

Ante a eventualidade de ter que abandonar a ensinanza presencial pola ensinanza a distancia, xa sexa de xeito individual( un alumno/a) ou ben de xeito colectivo (toda a aula) ou no caso de que as autoridades sanitarias

decreten un novo estado de alarma, os titores de cada aula garantirán que se leven a cabo as actuacións prevista no plan de continxencia do centro.

O ensino non presencial será impartido polo profesorado adscrito ao alumnado, preferentemente a través da aula virtual, espazo web, blog de aula ou outro medio de ser o caso...

O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado o ben os que dispoña a Consellería para a súa utilización. Igualmente o/a profesor/a poderá propor tarefas ao alumnado para que poidan reforzar os contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

O equipo COVID coa colaboración de titores/as identificará ao alumnado con problemas de conectividade ou falta de equipamento.

Cada unha das titoras de Educación Infantil concretará coas familias aqueles recursos telemáticos que serán utilizados en caso de docencia a distancia, contando cos seguintes medios:

1. Abalar Móbil e/ou por teléfono.
3. Facilitaremos un correo electrónico a todas as familias, xerado para cada aula.
4. Utilizaremos a aula virtual corporativa para o envío e recollida de tarefas.
5. Manteremos as comunicacións máis salientables na páxina web do centro.

.

Os nenos e nenas de esta etapa educativa son moi pequenos e polo tanto moi dependentes; requiren dunha axuda individualizada constantemente. Tendo isto en conta os pais e nais terán que actuar de intermediarios entre os titores e os nenas e nenas; serán o os encargados de dirixir e tutorizar as súas aprendizaxes. Por iste motivo, cada titora establecerá a súa canle de coordinación cos pais e nais da súa aula.

Os membros do ciclo de educación Infantil acordamos no momento de elaborar esta programación que en caso de ensinanza a distancia as tarefas que se lles proporán facer aós pais e nais dos nosos alumnos serán as seguintes:

1. **Asemblea diaria** a través de vídeos que enviarán as titoras para traballar as rutinas habituais da aula. Cada día o encargado era un neno

- o nena da aula; pasara lista, cantará algunha das cancións da assemblea...etc; ( este neno mandaba ó grupo videos ou audios)
- 2. Traballo individual:** fichas para traballar a lecto-escritura;lóxica-matemática).
  - 3. Lectura de contos** dirixidos polas titoras, escollidos por eles ou ben gravados en vídeo.
  - 4. Traballo manipulativo**a través de materiais de reciclaxe que podíamos atopar nas casas.
  5. Tratamento da **interacción social** entre o grupo coa planificación de actividades que implicasen compartir información cos compañeiros e compañeiras (descricións, listaxes, presentación de obxectos e mascotas...).
  - 6. Xogos orais** ; trabalinguas, adiviñas; cancións, poesías, todo isto a través de videos e audios enviados por whatsapp.

Con estas actividades traballaremos os contidos para conseguir os obxectivos establecidos nas distintas programacións de aula.

Mandarémolles para súa casa o contenedor de plastico que cada neno e nena ten na aula cos seus materiais didácticos e o material funxible.

# PROGRAMACIÓN DE PSICOMOTRICIDADE

## Introdución

A psicomotricidade é unha disciplina que, baseándose nunha concepción integral do individuo, ocúpase da interacción que se establece entre o coñecemento, a emoción, o movemento e da súa importancia para o desenvolvemento da persoa, así como da súa capacidade para expresarse e relacionarse no seu entorno. O seu campo de estudo baséase no corpo como construción de coñecemento.

O/a psicomotricista é o/a profesional que se ocupa, mediante os recursos específicos derivados da súa formación, de abordar á persoa dende a



mediación corporal e o movemento. A súa intervención vai dirixida tanto a individuos sans como a aqueles que padecen calquera tipo de trastornos. Polo tanto, as súas áreas de intervención serán tanto a nivel educativo como reeducativo ou terapéutico.

As características máis relevantes do desenvolvemento psicomotor son:

1. O desenvolvemento psicomotor e o exercicio que conleva é un elemento de saúde e de benestar.
2. Favorece e permite a actividade lúdica, importante porque o xogo é a actividade propia do neno/a.
3. Proporciona posibilidades de socialización.
4. A adquisición de habilidades motoras reforza o concepto de si mesmo/a, a súa seguridade e a súa autoestima.
5. A través do desenvolvemento motor adquirese unha maior autonomía.
6. O neno/a que domina e controla o uso do seu corpo é capaz de captar os elementos do entorno e establecer relacións entre eles, o que proporciona o desenvolvemento da intelixencia.
7. Depende da maduración do sistema nervioso central e das experiencias vividas polo neno/a.
8. Este desenvolvemento segue as leis Céfalo - caudal e Próximo - distal.
9. Existen diferenzas individuais no desenvolvemento psicomotor, canto máis pequeno/a se é, menor é a diferenza. A medida que avanza en idade, as diferenzas acentúanse aínda que se movan nos límites cronolóxicos da etapa.

Cas sesións de psicomotricidade preténdese que o neno chegue a xestionar de forma autónoma as súas accións de relación nunha

transformación do pracer de facer ao pracer de pensar. O desenvolvemento psicomotor é importante porque está unido ao desenvolvemento da intelixencia. Dito desenvolvemento evoluciona de movementos casuais, incoordinados e que afectan a unha gran masa muscular, a movementos coordinados, voluntarios e que afectan a respostas específicas.

Para que dito desenvolvemento se leve a cabo dunha forma coherente, atenderase, na medida do posible, ás características individuais de cada neno/a, suxerindo diferentes actividades en función da evolución que se vaia observando neles/as ao longo do curso.

## Obxectivos

Os obxectivos que se pretenden conseguir son os seguintes:

1. Coñecer o seu corpo globalmente identificando algúns dos seus segmentos e elementos e algunhas características diferenciais.  
Que o neno/a coñeza o seu corpo é fundamental para o seu desenvolvemento e madurez persoal, por iso perseguirase este obxectivo durante todo o curso, prestándolle especial atención dende o primeiro trimestre.
2. Descubrir progresivamente as posibilidades expresivas do movemento do seu corpo, tanto para manifestar sentimentos e emocións como as formas de desprazarse no espazo.  
Intentarase potenciar dende o principio de curso, e o seu traballo continuará en todos os trimestres.
3. Desenvolver a coordinación dinámica xeral e a óculo-manual necesaria para a manipulación e utilización de obxectos.  
Necesaria para potenciar unha maior autonomía no neno/a. Aínda que se empece a traballar principalmente no segundo trimestre, potenciarase no terceiro.
4. Adquirir progresivamente nocións de orientación espacial.  
O neno/a debe saber orientarse con respecto ás nocións básicas espaciais para a conquista progresiva do medio que lle rodea.  
Traballarase paralelamente aos obxectivos 1 e 2.

5. Potenciar o gusto pola música e valorar os sentimentos que con ela se transmiten.

O corpo é un medio de expresión e a música axúdanos a potencia-la.

## **Contidos**

Os contidos a traballar nas sesións de psicomotricidade serán os seguintes:

### ***O CORPO E A PROPIA IMAXE:***

- O corpo como conxunto e partes máis importantes do mesmo.
- Movementos e posturas do corpo.
- Control e axuste corporal.
- Respiración.
- Relaxación.
- Equilibrio.
- Saltos.
- Desprazamentos.
- Coordinación xeral.
- Propiedades sonoras do corpo.

### ***XOGOS E MOVEMENTO:***

- Ritmo.
- Nocións temporais e espaciais.
- Lateralidade.
- Actitude positiva de cara ao movemento e aos xogos motores.
- Respecto: as normas dos xogos, ao material empregado e aos compañeiros/as.

## **Metodoloxía**

Prodúcese aprendizaxe cando o neno/a establece relacións significativas entre a súa experiencia previa e a nova información que se lle presenta, de forma que se produza unha modificación dos esquemas de coñecemento preexistentes e éstos evolucionen cara estruturas cada vez máis elaboradas e complexas.

Esto implica unha metodoloxía baseada no principio de aprendizaxe significativo que parta dos coñecementos previos dos nenos/as, que conecte cos seus intereses e necesidades e que lles suxira actividades suficientemente atractivas para que aprecien dun xeito sinxelo e claro a finalidade e a utilidade dos novos contido que van desenvolvendo.

Polo tanto, aplicar unha metodoloxía baseada neste principio didáctico esixe ter en conta, ademais do xa comentado, os seguintes requisitos:

- \* Detectar experiencias previas dos alumnos e alumnas para poder realizar unha intervención axeitada.
- \* O ensino será activo, dando tempo e ocasión a que o neno e a nena participen e sexan protagonistas da súa propia aprendizaxe.
- \* Unha das principais fontes de actividade nestas idades é o xogo. É necesario dotar dun carácter lúdico calquera actividade que realicemos, evitando a división entre xogo e traballo, xa que o xogo é o traballo dos nenos/as.
- \* As actividades desenvolveranse en distintas sesións de psicomotricidade nas que traballaremos distintos conceptos e con distintos materiais.

## **Recursos materiais**

As sesións de psicomotricidade desenvolveranse principalmente no ximnasio, que está dotado de material suficiente para o bo desenvolvemento das sesións. Utilizaranse bancos, colchonetas, módulos de espuma, aros, cordas, conos, pelotas de varios tipos, bloques de goma-espuma.... Todo esto será utiizado individualmete e desinfectado antes e despois de cada uso.

## **Organización das sesións**

As sesións de psicomotricidade terán sempre a mesma estrutura para facilitar a adquisición de rutinas e facilitar a atención e o aprendizaxe do neno/a.

Nun primeiro momento acompañaremos aos nenos a un pequeno espazo no ximnasio, no que están os bancos, para realizar unha pequena introdución á sesión. O que se pretende é motivalos de cara ás actividades que imos realizar, e explicaráselles o que se vai facer. En moitas ocasións incitaremos a que os nenos/as se imaxinen o ximnasio como un espazo diferente no que imos realizar as actividades: un bosque, unha cidade, unha nave espacial... facéndoo a modo de xogo simbólico. A veces incluso se lles contará unha historia ou se lerá un conto que permita unha maior motivación de cara as actividades a realizar.

A parte máis longa da sesión será na que se realicen os xogos, circuítos, actividades, etc, en función do que se pretenda traballar. Pode ser libres ou organizadas, en grupos ou individuais,... Sempre terá como telón de fondo actividades que permitan a formación dunha boa imaxe corporal.

Por último, a terceira parte da sesión vai encamiñada ao traballo da respiración de la relaxación, usando diferentes técnicas que permitan ao neno/a seguir progresando no control do seu corpo en na transmisión de sensacións. Xogaremos cos sentidos e utilizaremos a música como recurso primordial.

## **Avaliación**

A avaliación será continua. Mediante a observación e o diálogo avaliarase a consecución dos obxectivos por medio dos seguintes ítems:

4º de ED.INFANTIL (3 ANOS)	5º de ED.INFANTIL (4 ANOS)	6º de ED.INFANTIL (5 ANOS)
<b>O CORPO E A PROPIA IMAXE</b>		
Identifica e nomea elementos de segmentos corporais	<i>Identifica as partes principais do seu corpo (cabeza, tronco, pernas, brazos, mans e pés)</i>	
Ten unha boa coordinación de movementos		
		Controla o corpo en movemento, adaptando a resposta motriz ás dimensións e elementos do espazo.
	Salta sen dificultade	
Mantén equilibrio estático: sobre un pe, nas puntas...	Mantén o equilibrio nos desprazamentos, nos saltos...	
		Mantén o equilibrio cando transporta algún obxecto
É capaz de relaxarse e descansar cando hai un ambiente propicio		
Discrimina silencio-son		
	Intégrase nos xogos de grupo, cooperando cos demais nenos e nenas	
<b>XOGO E MOVEMENTO</b>		
Fai percorridos diversos ( <i>axustados á súa idade</i> ) mantendo o equilibrio		
Gústalle participar en xogos que supoñen exercicio motor		
	É quen de coordinar a súa acción coa das compañeiras e compañeiros, cando o xogo o require	
Reproduce movementos a partir de consignas verbais (acochados, saltando...)		
	Pode facer variacións bruscas na marcha ao escoitar un sinal	
Recolle e coloca o <i>material empregado nas clases</i>		
	Sitúa os obxectos e localízaos diante-detrás, dentro-fora, arriba-abaxo, preto-lonxe, enriba-debaixo, primeiro-derradeiro	



Acepta as regras dos xogos		
Pide perdón cando lle fai dano a unha compañeira/o		
		Acepta os seus erros e procura mellorar a súa actuación nos seus xogos e movementos.
Amosa interese polos xogos en parellas.	Amosa interese polos xogos cooperativos	

### Temporalización

Os contidos traballaranse ao longo de todo o curso, de xeito paralelo e global, prestando atención ás necesidades xerais do grupo e fixándose nas propias de cada neno/a. Por iso non se vai plantexar aquí unha secuenciación de contidos por trimestres (coincidindo ca entrega dos informes de avaliación ás familias), xa que se irán traballando en función da evolución de cada grupo. O que si se contempla son os ítem que se van a avaliar indicando o trimestre no que se empeza a avaliar cada un. É dicir, no primeiro trimestre comezamos a avaliar uns ítem que, ao ser avaliación continua, seguiranse avaliando nos seguintes. No segundo trimestre acumulándose cos ítems novos que se empecen a valorar, e no terceiro avaliaranse todos.

<b>4º de ED.INFANTIL (3 ANOS)</b>	
1º trimestre	Gústalle participar en xogos que supoñen exercicio motor
	Acepta as regras dos xogos
	Pide perdón cando lle fai dano a unha compañeira/o
	Recolle e coloca o <i>material empregado nas clases</i>

	Discrimina silencio-son
2º trimestre	Identifica e nomea elementos de segmentos corporais
	Reproduce movementos a partir de consignas verbais (acochados, saltando...)
	Ten unha boa coordinación de movementos
	É capaz de relaxarse e descansar cando hai un ambiente propicio
3º trimestre	Mantén equilibrio estático: sobre un pe, nas puntas...
	Fai percorridos diversos ( <i>axustados á súa idade</i> ) mantendo o equilibrio
	Amosa interese polos xogos en parellas.

5º de ED.INFANTIL (4 ANOS)	
1º trimestre	Gústalle participar en xogos que supoñen exercicio motor
	Acepta as regras dos xogos
	Pide perdón cando lle fai dano a unha compañeira/o
	Recolle e coloca o <i>material empregado nas clases</i>
	Discrimina silencio-son
	Identifica as partes principais do seu corpo (cabeza, tronco, pernas, brazos, mans e pés)
	Reproduce movementos a partir de consignas verbais (acochados, saltando...)
2º trimestre	Pode facer variacións bruscas na marcha ao escoitar un sinal
	Ten unha boa coordinación de movementos
	Salta sen deficultade
	É capaz de relaxarse e descansar cando hai un ambiente propicio
3º trimestre	Mantén equilibrio nos desprazamentos, nos saltos...
	Fai percorridos diversos ( <i>axustados á súa idade</i> ) mantendo o equilibrio
	Sitúa os obxectos e localízaos diante-detrás, dentro-fora, arriba-abaxo, preto-lonxe.
	É quen de coordinar a súa acción coa das com-pañeiras/os, cando

	o xogo o require.
	Amosa interese polos xogos cooperativos
	Intégrase nos xogos de grupo, cooperando cos demais nenos e nenas

<b>6º de ED.INFANTIL (5 ANOS)</b>	
1º trimestre	Gústalle participar en xogos que supoñen exercicio motor
	Acepta as regras dos xogos
	Pide perdón cando lle fai dano a unha compañeira/o
	Recolle e coloca o <i>material empregado nas clases</i>
	Discrimina silencio-son
	Identifica as partes principais do seu corpo (cabeza, tronco, pernas, brazos, mans e pés)
	Reproduce movementos a partir de consignas verbais (acochados, saltando...)
2º trimestre	Pode facer variacións bruscas na marcha ao escoitar un sinal
	Ten unha boa coordinación de movementos
	Salta sen dificultade
	É capaz de relaxarse e descansar cando hai un ambiente propicio
	Controla o corpo en movemento, adaptando a desposta motriz ás dimensións e elementos do espazo.
Acepta os seus erros e procura mellorar a súa actuación nos seus xogos e movementos.	
3º trimestre	Mantén equilibrio nos desprazamentos, nos saltos...
	Mantén o equilibrio cando transporta algún obxecto
	Fai percorridos diversos (axustados á súa idade) mantendo o equilibrio
	Sitúa os obxectos e localízaos diante-detrás, dentro-fora, arriba-abaxo, preto-lonxe, enriba-debaixo, primeiro-derradeiro

	É quen de coordinar a súa acción coa das compañeiras/os, cando o xogo o require.
	Amosa interese polos xogos cooperativos
	Intégrase nos xogos de grupo, cooperando cos demais nenos e nenas

# PROGRAMACIÓN DE MÚSICA

## SEGUNDO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL

ÁREA: Educación Artística: Música

### COMPETENCIAS BÁSICAS

Desde a área de Educación Artística e, en particular, da Educación Musical, desenvolveranse as seguintes Competencias Básicas:

- Competencia en comunicación lingüística
- Competencia social e cidadá
- Competencia cultural e artística
- Competencia para aprender a aprender
- Autonomía e iniciativa persoal

### OBXECTIVOS

- Utilizar a linguaxe musical como medio de comunicación, de expresión de ideas e sentimentos, de representación, de aprendizaxe e de gozo.
- Achegarse ao coñecemento das obras artísticas expresadas en distintas linguaxes, comunicándose creativamente a través das diferentes manifestacións e adquirindo sensibilidade estética.
- Desenvolver o sentir de autoconfianza nas producións artísticas persoais, amosando interese pola súa mellora, respectando e valorando as creacións propias e as das demais persoas.

### CONTIDOS

- Exploración sensorial dos elementos presentes no contorno
- Gozo coas obras artísticas distinguindo e apreciando elementos básicos de ritmos, melodías, timbres, ... que lles permitan ás nenas e aos nenos desenvolver a súa sensibilidade estética
- Exploración das posibilidades sonoras da voz, do propio corpo, de obxectos cotiáns e de instrumentos musicais. Utilización dos sons achados para a interpretación e a creación musical.
- Vivencia do son e do silencio
- Recoñecemento de sons do contorno natural e social, e discriminación dos seus trazos distintivos.
- Creación de secuencias de movementos e ritmos a partir das sensacións que lle xera a música.
- Audición atenta de obras musicais populares, clásicas e contemporáneas. Participación activa e goza na interpretación de cancións, xogos musicais e danzas colectivas e individuais.
- Vivencia de xestos e movementos como recursos corporais para a expresión e a comunicación e máis o intercambio afectivo.
- Participación en actividades de dramatización, danzas, xogos simbólicos e outros xogos de expresión corporal

### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

- Expresarse e comunicarse utilizando medios, materiais e técnicas propios das diferentes linguaxes artísticas e audiovisuais.
- Mostrar interese por explorara as súas posibilidades de expresión e representación, por gozar coas súas producións e por compartir as experiencias creativas, estéticas e comunicativas.
- Comprender as mensaxes musicais, mostrando unha actitude de escoita atenta e respectuosa
- Amosar unha actitude positiva cara á aprendizaxe da música

### **METODOLOXÍA E MATERIAIS CURRICULARES**

Seguirase unha liña participativa, activa e globalizada.

O alumnado chega a Educación Infantil con multitudes de ideas previas sobre a música e o concepto musical e artístico. O noso traballo como Mestres,

e mediadores é partir das súas ideas previas, do seu nivel de desenvolvemento, usar aprendizaxes significativas e constructivas que poñan ao alumnado no seu desenvolvemento e modificar ou complementar as súas ideas previas.

Así mesmo traballaremos na liña dos grandes pedagogos do século XX incluíndo na nosa proposta didáctica a fononimia de Kodaly, o traballo autídico de Willems, o instrumentario Orff, a relaxación como método de Martenot, a canción e musicogramas de Wuytack, etc

Os contos musicais e os xogos serán recursos moi utilizados na nosa clase co fin de aproximar ós nenos/as dunha maneira lúdica á música.

Entre os recursos materiais que dispoñemos atopamos: instrumentos PAI e PAD, bibliografía variada, discografía variada de músicas galegas e doutros folclores, fichas, cartolinas, gomets, títeres, .... Que nos axudarán a desenvolver a tarefa musical así como a motivar ao alumnado

### **PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

A avaliación do cumprimento dos obxectivos farase mediante a observación sistemática do alumnado tendo en conta os seguintes ítems:

- Participa con interese en actividades expresivas musicais
- Decobre as posibilidades expresivas musicais do seu propio corpo
- Valora e respecta as producións musicais dos compañeiros e compañeiras
- Explora as propiedades sonoras do corpo
- Explora as posibilidades sonoras da voz
- Explora as posibilidades sonoras de obxectos cotiáns e de instrumentos musicais
- Diferenza son e silencio
- Reproduce esquemas rítmicos diversos
- Participa cando se fai actividades musicais
- Produce sons e ritmos empregando instrumentos musicais
- Mostra unha actitude de atención e relaxación diante da escoita de distintas obras musicais
- Acórdase das cancións e fragmentos de música traballados
- Coordina as súas accións musicais coas das demais nenas e nenos
- Participa activamente na interpretación de cancións e xogos musicais

- Participa activamente na interpretación de danzas colectivas e individuais

### **MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

Partimos da heteroxeneidades como componente esencial da nosa aula, ademais das necesidades educativas que todos os nenos/as teñen, faremos especial consideración ás necesidades educativas especiais presentes na nosa aula.

Unha vez que se detecten estas necesidades ou se observen dificultades de aprendizaxe, poráanse en práctica as actividades ou procedementos de reforzo.

**Proxecto**

**Curricular de**

**Área: Inglés**

**2º Ciclo de**

***Educación Infantil***

## **XUSTIFICACIÓN TEÓRICA DO PROXECTO**

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira é considerada un elemento enriquecedor na Educación Infantil, tanto polas necesidades culturais dos nosos tempos coma polo alto grao de compatibilidade dos procedementos involucrados na aprendizaxe do inglés cos obxectivos propostos pola Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio.

A capacidade dos nenos máis pequenos para aprender idiomas é coñecida e aceptada pola maioría dos especialistas, ao que se engade a posibilidade de integrar o ensino do inglés na metodoloxía da Educación Infantil en xeral. Ao iniciar o estudo dunha lingua estranxeira a unha idade tan temperá, preténdese que a adquisición da lingua se realice dun xeito lúdico e estimulante que prepare o neno para o proceso continuado que abarcará a Educación Primaria e Secundaria na súa totalidade. Os nenos que teñen este contacto cunha lingua estranxeira na Educación Infantil desenvolverán, cun esforzo mínimo, un conxunto de aptitudes e capacidades (sobre todo de comprensión auditiva e de pronuncia) que lles axudará ao longo dos seus anos de estudo.

### **Obxectivos xerais da etapa de infantil**

1. A finalidade da Educación infantil é a de contribuír ao desenvolvemento físico, afectivo, social e intelectual dos nenos e das nenas.



2. En ambos os ciclos atenderase progresivamente ao desenvolvemento afectivo, ao movemento e aos hábitos de control corporal, ás manifestacións da comunicación e da linguaxe, ás pautas elementais de convivencia e relación social, así como ao descubrimento das características físicas e sociais do medio. Ademais facilitarase que nenas e nenos elaboren unha imaxe de si mesmos positiva e equilibrada e adquiren autonomía persoal.

A Educación infantil contribuirá a desenvolver nas nenas e nenos as capacidades que lles permitan:

- a. Coñecer o seu propio corpo e o dos outros, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
- b. Observar e explorar a súa contorna familiar, natural e social.
- c. Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- d. Desenvolver as súas capacidades afectivas.
- e. Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.
- f. Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- g. Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lecto-escritura e no movemento, no xesto e no ritmo.

### **As tres áreas de experiencia na Educación Infantil**

As tres áreas son:

- ✓ Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal.
- ✓ Coñecemento da contorna.
- ✓ Linguaxes: comunicación e representación.

Convén destacar que o obxectivo deste proxecto é que os ensinamentos derivados do método non se limiten á aprendizaxe do inglés. Así e todo, dado que se abarcan áreas de coñecementos próximos á propia experiencia dos nenos, estes entrarán tamén en contacto con conceptos, procedementos e actitudes das áreas de identidade e autonomía persoal, medio físico e social e comunicación e representación. O ensino do inglés bríndanos a oportunidade de integrar estas áreas dunha forma globalizadora, así como de demostrar a súa interdependencia. Polo tanto, os nenos non só aprenden inglés, senón que o utilizan como unha ferramenta de comunicación que lles permite descubrir e coñecer o seu corpo e adquirir unha imaxe positiva de si mesmos e dos seus compañeiros, a fin de adoptar actitudes autónomas con hábitos básicos de saúde e benestar e iniciar e promover as súas relacións sociais cos outros nenos e cos adultos.

## **Principios metodolóxicos da ensinanza do inglés na Educación Infantil**

### **Input lingüístico adecuado**

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira nos nenos da Etapa de Infantil é moi semellante ao proceso de adquisición da lingua materna. O neno deberá entrar en contacto cunha linguaxe sinxela, pero natural, que non se limite a unhas poucas palabras de vocabulario específico, senón que constitúa unha ferramenta coa que acceder á realidade que o rodea. Noutras palabras, tan importantes son as frases que marcan o labor cotián na aula de inglés como as que aparecen nas unidades dos materiais da clase.

### **Coordinación cos titores**

Ao ensinársese como unha ferramenta para a comunicación e para a representación, o inglés entra a formar parte do currículo xeral desta etapa e permite abarcar toda unha serie de conceptos, procedementos e actitudes que se encadran perfectamente dentro da Educación Infantil. Por esta razón, a coordinación cos titores dos nenos resulta esencial para garantir que a aprendizaxe do inglés se enfoca de xeito integrado e globalizado coas outras áreas do currículo. É moi importante tamén que, ao comezar o curso, os profesores de inglés se poñan de acordo cos titores para que os temas que se tratan nos materiais da clase coincidan cos doutras áreas.

### **Rutinas da clase**

Unha das bases dos materiais da clase son as rutinas que se integran no curso para desenvolver tanto a competencia sociocultural (os nenos aprenden que poden esperar da súa clase e que se espera deles) coma a competencia comunicativa (os nenos adquiren unha nova ferramenta de comunicación e unha serie de estratexias para entender e ser entendidos). Todas as leccións presentan idéntica estrutura, que se vai completando con distintas versións dos mesmos tipos de xogos e actividades.

### **Actividades curtas**

A capacidade de atención e de concentración dos nenos na Educación Infantil é bastante limitada. Convén non dedicar demasiado tempo a unha determinada actividade e impartir as clases de modo que as actividades se

sucedan rapidamente. Por este motivo, recoméndase non dedicar máis de dez minutos a cada unha delas.

### **O período de silencio**

Ao comezo da súa aprendizaxe, moitos nenos atópanse no que os lingüistas denominan «período de silencio». Nesta fase rexeitan falar en inglés; con todo, óeno todo e utilizan o que oen para estruturar as súas nocións sobre o funcionamento deste novo idioma. É máis importante ofrecerlles numerosas oportunidades para que comprendan como funciona o idioma que insistirlles en que produzan determinadas palabras ou frases. Para iso, proporcionárolles distintas posibilidades de resposta segundo os diversos tipos de aprendizaxe de cada alumno. Deste xeito, se lles expomos unha pregunta, brindárolles a oportunidade de demostrar que nos entenderon a través dunha resposta física. Imitando o xeito en que se adquire o primeiro idioma, proporcionárolles respostas positivas para comunicarse.

### **Colaboración cos pais**

Convén tamén manter un estreito contacto cos pais, explicándolles o que se pode esperar dos nenos e o método de traballo que se vai desenvolver dándolles pistas para que poidan apoiar aos seus fillos no proceso de aprendizaxe. Adoita dar bos resultados organizar unha función ao final de curso na que os nenos canten as súas cancións favoritas e os pais poidan compartir os seus logros con eles.

### **Integración dos materiais da clase cos obxectivos da Educación Infantil no 2.º ciclo**

Os obxectivos dos materiais da clase coinciden cos da etapa de Educación Infantil indicados no Real decreto 1630/2006 de 29 de decembro polo que se establecen os ensinamentos mínimos do segundo ciclo de Educación Infantil. En definitiva, nos materiais da clase intentamos axudar os nenos, a través do inglés, a coñecer mellor o seu corpo para que desenvolvan unha imaxe positiva de si mesmos; a observar e explorar a súa contorna máis inmediata; a coñecer outras manifestacións culturais; a representar e evocar aspectos diversos da realidade vividos, coñecidos ou imaxinados; a conseguir unha seguridade afectiva e emocional cada vez maior; a utilizar a linguaxe de forma axustada a diferentes situacións para comprender e ser comprendido; a

expresar ideas, sentimentos, experiencias e desexos; e a adquirir bos hábitos de alimentación e hixiene.

A continuación, detallamos os obxectivos de cada unha das tres áreas en Educación Infantil.

## **1 O coñecemento de si mesmo e a autonomía persoal**

Esta área de coñecemento e experiencia fai referencia, de forma conxunta, á construción gradual da propia identidade, ao establecemento de relacións afectivas cos demais e á autonomía persoal como procesos inseparábeis e necesariamente complementarios. Os contidos que nesta área se agrupan, adquiren sentido dende a complementariedade co resto das áreas, e deberán de interpretarse nas propostas didácticas dende a globalidade da acción e das aprendizaxes.

Para contribuír ao coñecemento de si mesmo e á autonomía persoal, convén promover o xogo como actividade privilexiada que integra a acción coas emocións e co pensamento, e favorece o desenvolvemento social.

A escola, e especialmente a estas idades, é un ámbito particularmente adecuado para enriquecer os procesos de construción do coñecemento de si mesmo e da autonomía persoal, ofrécese unha intervención educativa axustada ás distintas necesidades individuais en contextos de benestar, seguridade e afectividade.

Os contidos divídense en catro bloques; o corpo e a propia imaxe, xogo e movemento, a actividade e a vida cotiá e o coidado persoal e a saúde

Achegarse a eses temas é algo inherente en calquera clase de infantil. Ademais, a través dos contos e temas tratados nos materiais do curso trátase de desenvolver a autonomía persoal de cada alumno así como o coñecemento de si mesmo. Na clase de inglés o xogo e o movemento son claves.

### **Obxectivos**

En relación coa área, a intervención educativa terá como obxectivo ou desenvolvemento das seguintes capacidades:

- a) Formarse unha imaxe axustada e positiva de si mesmo, a través da interacción cos outros e da identificación gradual das propias características, posibilidades e limitacións, desenvolvendo sentimentos de autoestima e autonomía persoal.

b) Coñecer e representar o seu corpo, os seus elementos e algunhas das súas funcións, descubrindo as posibilidades de acción e de expresión e coordinando e controlando cada vez con maior precisión xestos e movementos.

c) Identificar os propios sentimentos, emocións, necesidades ou preferencias, e ser capaces de denominalos, expresalos e comunicarllelos aos demais, identificando e respectando, tamén, os dos outros.

d) Realizar, de xeito cada vez máis autónomo, actividades habituais e tarefas sinxelas para resolver problemas da vida cotiá, aumentando o sentimento de autoconfianza e a capacidade de iniciativa, e desenvolvendo estratexias para satisfacer as súas necesidades básicas.

e) Adecuar o seu comportamento ás necesidades e requirimentos dos outros desenvolvendo actitudes e hábitos de respecto, axuda e colaboración, evitando comportamentos de submisión ou dominio.

f) Progresar na adquisición de hábitos e actitudes relacionados coa seguridade, coa hixiene e co fortalecemento da saúde, apreciando e gozando das situacións cotiás de equilibrio e benestar emocional.

## **2 O medio físico, natural, social e cultural**

Con esta área de coñecemento e experiencia preténdese favorecer en nenos e nenas o proceso de descubrimento e representación dos diferentes contextos que compón a contorna infantil, así como facilitar a súa inserción neles, de xeito reflexivo e participativo. Os contidos desta área adquiren sentido dende a complementariedade co resto das áreas, e haberán de interpretarse nas propostas didácticas dende a globalidade da acción e das aprendizaxes. Así por exemplo, o medio non pode ser comprendido sen a utilización das diferentes linguaxes, da mesma forma a realización de desprazamentos orientados ha de facerse dende o coñecemento do propio corpo e da súa localización espacial.

Ao longo desta etapa, os nenos e as nenas descubren a súa pertenza ao medio social. A vida escolar leva o establecemento de experiencias máis amplas que os achegarán ao coñecemento das persoas e das relacións interpersoais, xerando vínculos e desenvolvendo actitudes como confianza, empatía e apegos que constitúen a sólida base da súa socialización. No desenvolvemento destas relacións afectivas, terase en conta a expresión e comunicación das propias vivencias, das súas emocións e sentimentos, para a construción da propia identidade e para favorecer a convivencia.

Progresivamente hanse de ir achegando ao coñecemento dalgúns trazos culturais propios. A diversidade cultural aconsella aproximar a nenos e nenas aos usos e costumes sociais dende unha perspectiva aberta e integradora que lles permita coñecer diversos modos e manifestacións culturais presentes na sociedade e xerar así actitudes de respecto e aprecio cara a elas.

A importancia das novas tecnoloxías e a súa incorporación actual ao funcionamento da sociedade aconsellan que nenas e nenos identifiquen o papel que estas tecnoloxías teñen nas súas vidas, interesándose polo seu coñecemento e iniciándose no seu uso.

Os contidos divídense en tres bloques; o medio físico: elementos, relacións e medida, o achegamento á natureza e á cultura e á vida en sociedade. Nos materiais de Lingua Estranxeira pódense achegar eses temas aos alumnos a través dos contos e vídeos e outros materiais e actividades curriculares.

### **Obxectivos**

En relación coa área, a intervención educativa terá como obxectivo o desenvolvemento das seguintes capacidades:

- a) Observar e explorar de forma activa a súa contorna, xerando interpretacións sobre algunhas situacións e feitos significativos e mostrando interese polo seu coñecemento.
- b) Relacionarse cos demais, de forma cada vez máis equilibrada e satisfactoria, interiorizando progresivamente as pautas de comportamento social e axustando a súa conduta a elas.
- c) Coñecer distintos grupos sociais próximos á súa experiencia, algunhas das súas características, producións culturais, valores e formas de vida, xerando actitudes de confianza, respecto e aprecio.
- d) Iniciarse nas habilidades matemáticas, manipulando funcionalmente elementos e coleccións, identificando os seus atributos e calidades e establecendo relacións de agrupamentos, clasificación, orde e cuantificación.
- e) Coñecer e valorar os compoñentes básicos do medio natural e algunhas das súas relacións, cambios e transformacións, desenvolvendo actitudes de coidado, respecto e responsabilidade na súa conservación.

### **3 As linguaxes: comunicación e representación**

Aínda que pode contribuír nas demais áreas, quizais a área máis importante para Lingua Estranxeira é a da comunicación e representación. Esta área de coñecemento e experiencia pretende tamén mellorar as relacións entre o neno e o medio. As distintas formas de comunicación e representación serven de nexos entre o mundo exterior e interior ao ser instrumentos que fan

posíbel a representación da realidade, a expresión de pensamentos, sentimentos e vivencias e as interaccións cos demais.

No uso de distintas linguaxes, nenas e nenos irán descubrindo a mellor adaptación de cada unha delas á representación das distintas realidades ou dimensións dunha mesma realidade. Deste xeito facilitarase que acomoden os códigos propios de cada linguaxe ás súas intencións comunicativas, achegándose a un uso cada vez máis propio e creativo das devanditas linguaxes.

As diferentes formas de comunicación e representación que se integran nesta área son: a linguaxe verbal, a linguaxe plástica, a linguaxe musical, a linguaxe corporal, a linguaxe audiovisual e a linguaxe das tecnoloxías da información e da comunicación, que, en certo xeito, integra os anteriores.

Doutra banda, a linguaxe oral é especialmente relevante nesta etapa, é o instrumento por excelencia de aprendizaxe, de regulación da conduta e de manifestación de vivencias, sentimentos, ideas, emocións, etc. A verbalización, a explicación en voz alta, do que están aprendendo, do que pensan e do que senten, é un instrumento imprescindible para configurar a identidade persoal, para aprender, para aprender a facer e para aprender a ser. Coa lingua oral irase estimulando, a través de interaccións diversas, o acceso a usos e formas cada vez máis convencionais e complexas.

No segundo ciclo de Educación Infantil preténdese que nenos e nenas descubran e exploren os usos da lectura e da escritura, espertando e afianzando o seu interese por eles. A utilización funcional e significativa da lectura e da escritura na aula, levaralles, coa intervención educativa pertinente, a iniciarse no coñecemento dalgunhas das propiedades do texto escrito e das súas características convencionais nas que a súa adquisición se ha de completar no primeiro ciclo de Primaria.

Así mesmo, é necesario o desenvolvemento de actitudes positivas cara á propia lingua e a dos demais, espertando sensibilidade e curiosidade por coñecer outras linguas. Na introdución dunha lingua estranxeira valorarase esta curiosidade e o achegamento progresivo aos significados de mensaxes en contextos de comunicación coñecidos, fundamentalmente nas rutinas habituais da aula.

A linguaxe audiovisual e as tecnoloxías da información e da comunicación presentes na vida infantil, requiren un tratamento educativo que, a partir do uso, inicie a nenas e nenos na comprensión das mensaxes audiovisuais e na súa utilización adecuada.

## **Obxectivos**

En relación coa área, a intervención educativa terá como obxectivo o desenvolvemento das seguintes capacidades:

- a) Utilizar a lingua como instrumento de comunicación, de representación, aprendizaxe e gozo, de expresión de ideas e sentimentos e valorar a

lingua oral como un medio de relación cos demais e de regulación da convivencia.

- b) Expresar emocións, sentimentos, desexos e ideas mediante a lingua oral e a través doutras linguaxes, elixindo a que mellor se axuste á intención e á situación.
- c) Comprender as intencións e mensaxes doutros nenos e adultos, adoptando unha actitude positiva cara á lingua, tanto propia coma estranxeira.
- d) Comprender, reproducir e recrear algúns textos literarios mostrando actitudes de valoración, gozo e interese cara a eles.
- e) Iniciarse nos usos sociais da lectura e da escritura explorando o seu funcionamento e valorándoas como instrumento de comunicación, información e gozo.
- f) Achegarse ao coñecemento de obras artísticas expresadas en distintas linguaxes e realizar actividades de representación e expresión artística mediante ou emprego de diversas técnicas.
- g) Iniciarse no uso oral dunha lingua estranxeira para comunicarse en actividades dentro da aula, e mostrar interese e gozo ao participar nestes intercambios comunicativos.

## **AS COMPETENCIAS BÁSICAS**

Na definición que a Lei orgánica de educación (LOE) fai do currículo, atopámonos tanto cos compoñentes tradicionais (obxectivos, contidos, métodos pedagóxicos e criterios de avaliación) coma coas *competencias básicas*. Aínda que non se participa ata o 4º curso de primaria na denominada avaliación de diagnóstico, na que deberá demostrar a adquisición de determinadas competencias, no segundo ciclo de infantil pódese empezar a facilitar o desenvolvemento das competencias básicas establecidas para a educación básica de xeito moderado. A avaliación en primaria non ten consecuencias académicas para os/as alumnos/as, pero o feito de que os seus resultados sirvan de orientación para que os centros adopten decisións relativas ás aprendizaxes dos/as alumnos/as, dános unha idea de como os procesos educativos se ven condicionados por este elemento na liña de ser moito máis funcionais.

Fronte a un modelo educativo centrado na adquisición de coñecementos máis ou menos teóricos, desconectados entre si en moitas ocasións, un proceso educativo baseado na adquisición de competencias incide, fundamentalmente, na adquisición duns saberes imprescindibles, prácticos e integrados, saberes que haberán de ser demostrados polo alumnado (é algo máis ca unha formación funcional). En suma, unha competencia é a



capacidade posta en práctica e demostrada de integrar coñecementos, habilidades e actitudes para resolver problemas e situacións en contextos diversos. De forma moi gráfica e sucinta, chegouse a definir como a posta en práctica dos coñecementos adquiridos, os *coñecementos en acción*, é dicir, *mobilizar* os coñecementos e as habilidades nunha situación determinada (de carácter real e distinta daquela en que se aprendeu), *activar* recursos ou coñecementos que se teñen (aínda que se crea que non se teñen porque se esqueceron).

Hai un aspecto que cómpre salientarmos, sobre o que se pode chamar *carácter combinado* da competencia: o alumnado, mediante o que *sabe*, debe demostrar que o *sabe aplicar*, pero ademais que *sabe ser e estar*. Desta forma vemos como unha competencia integra os diferentes contidos que son traballados na aula (conceptos, procedementos e actitudes), exemplo dunha formación integral do/a alumno/a. En suma, estamos a recoñecer que a institución escolar non só prepara o/a alumno/a no coñecemento de saberes técnicos e científicos, senón que o fai tamén como cidadán/a, de aí que deba demostrar unha serie de actitudes cívicas e intelectuais que implique o respecto aos demais, ser responsable, traballar en equipo...

Tamén é importante outro aspecto: formar en competencias permite facerlle fronte á constante renovación de coñecementos que se produce en calquera área de coñecemento. A formación académica do alumnado transcorre na institución escolar durante un número limitado de anos, pero a necesidade de formación persoal e/ou profesional non remata nunca, polo que unha formación competencial no uso, por exemplo, das tecnoloxías da información e a comunicación permitirá acceder a este instrumento para conseguir a información que en cada momento se precise (obviamente, despois de analizarse a súa calidade). Se ademais temos en conta que moitas veces é imposible tratar en profundidade todos os contidos do currículo, está claro que o alumnado deberá formarse nesa competencia, a de *aprender a aprender*.

No noso sistema educativo considérase que as competencias básicas que debe ter o/a alumno/a cando remata a escolaridade obrigatoria para enfrontarse cos retos da súa vida persoal e laboral son as seguintes:

- Competencia en comunicación lingüística.
- Competencia matemática.
- Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico.
- Competencia no tratamento da información e competencia dixital.
- Competencia social e cidadá.
- Competencia cultural e artística.
- Competencia para aprender a aprender.

- Competencia en autonomía e iniciativa persoal.

### **Contribución da área de Lingua Estranxeira á adquisición das competencias básicas**

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira contribúe á adquisición da *competencia en comunicación lingüística* de xeito directo, completando, enriquecendo e enchendo de novos matices comprensivos e expresivos esta capacidade comunicativa xeral. Unha aprendizaxe da lingua estranxeira, baseada no desenvolvemento de habilidades comunicativas, contribuirá ao desenvolvemento desta competencia básica no mesmo sentido que o fai a primeira lingua.

A achega da lingua estranxeira ao desenvolvemento desta competencia é primordial no discurso oral dado que as habilidades de escoitar, falar e conversar, adquiren unha relevancia singular nesta etapa. Así mesmo, a aprendizaxe da lingua estranxeira mellora a competencia comunicativa xeral ao desenvolver a habilidade para expresarse.

A partir da adquisición da linguaxe, esta convértese en vehículo do pensamento humano, en instrumento para a interpretación e a representación da realidade e na ferramenta de aprendizaxe por excelencia. Esta materia contribúe ao desenvolvemento da *competencia para aprender a aprender* posto que acrecenta a capacidade lingüística xeral conferíndolle novas potencialidades e recursos diferentes para a comprensión e a expresión..

Esta materia é ademais un bo vehículo para o desenvolvemento da *competencia social e cidadá*. As linguas sérvenlles aos/ás falantes para comunicarse socialmente, forman parte da cultura común das diferentes comunidades e nacións. Pero tamén, en boa medida, son vehículo de comunicación e transmisión cultural, e favorecen o respecto, o interese e a comunicación con falantes doutras linguas e o recoñecemento e a aceptación das diferenzas culturais e de comportamento.

As competencias citadas están na actualidade en relación directa coa *competencia en tratamento da información e competencia dixital*. A utilización de recursos dixitais para a aprendizaxe é inherente á materia e este uso cotián contribúe directamente ao desenvolvemento desta competencia.

Esta materia inclúe especificamente un achegamento a manifestacións culturais propias da lingua e dos países nos que se fala e, polo tanto, contribúe a adquirir a *competencia artística e cultural* xa que propicia unha aproximación a obras ou autores que contribuíron á creación artística, como na literatura infantil.

O coñecemento dunha lingua estranxeira tamén contribúe á adquisición da *competencia en autonomía e iniciativa persoal*, en varios sentidos. O currículo fomenta o traballo cooperativo na aula, e o manexo de recursos e habilidades persoais dentro da área “O coñecemento de si mesmo/a e a autonomía persoal”, e isto supón poñer en funcionamento determinados procedementos que permiten o desenvolvemento de iniciativas e toma de decisións no traballo, propiciando así a autonomía e a iniciativa persoal.

Finalmente, e a pesar de que a *Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico* e a *Competencia matemática* non se mencionan especificamente nos obxectivos para Lingua Estranxeira, por mor da natureza dos materiais, pódense atopar moitas oportunidades de empezar a desenvolver tamén estas competencias.

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Aínda que durante a Educación Infantil o que buscamos principalmente é motivar os/as nenos/as máis que indicar os seus logros, o control do progreso é importante para poder facer un seguimento individualizado da aprendizaxe. No primeiro curso do 2º ciclo de infantil, como os/as nenos/as están empezando a aprender, a avaliación pódese basear na observación directa do seu desenvolvemento. É máis importante animalos/as a que participen, premiándoos con eloxios e pequenas recompensas, dedicar tempo a fixar os alicerces da futura aprendizaxe de idiomas con confianza.

O control de progreso é un labor continuo desde o 2º curso do 2º ciclo de infantil. Pódese facer en calquera momento, facendo varias preguntas despois da hora do conto, fixándose nos/as nenos/as mentres traballan na mesa e observando como se desenvolven nas actividades con toda a clase.

Os *criterios de avaliación* pódense dividir en dúas seccións:

### **Actividades de clase**

- Segue as instrucións da clase.
- Intenta comunicarse co profesor/a
- escoita e entende as cancións/rimas.
- Intenta participar nas cancións/rimas (letra, accións ou as dúas cousas).
- Pode seguir o conto.
- Participa nos xogos.
- Completa as fichas.
- Completa os traballos manuais con coidado.
- Responde non-verbalmente ás instrucións.
- Responde verbalmente ás instrucións.
- Recoñece o vocabulario clave da unidade e empeza a nomealo en inglés.

### **Actitude e comentarios xerais**

- Mostra interese en aprender.
- Esfórzase.
- Participa.
- Séntese seguro/a na clase.
- Respecta as rutinas e as normas da clase.
- Desenvolve a psicomotricidade grossa.
- Desenvolve a psicomotricidade fina.
- Coopera cos/as compañeiros/as da clase.
- escoita os/as compañeiros/as da clase.
- Respecta as normas das quendas de palabra.

- PROGRAMACIÓN DE MUSICA.

## **SEGUNDO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL**

**ÁREA:** Educación Artística: Música

## **COMPETENCIAS BÁSICAS**

Desde a área de Educación Artística e, en particular, da Educación Musical, desenvolveranse as seguintes Competencias Básicas:

- Competencia en comunicación lingüística
- Competencia social e cidadá
- Competencia cultural e artística
- Competencia para aprender a aprender
- Autonomía e iniciativa persoal

## **OBXECTIVOS**

- Utilizar a linguaxe musical como medio de comunicación, de expresión de ideas e sentimentos, de representación, de aprendizaxe e de gozo.
- Achegarse ao coñecemento das obras artísticas expresadas en distintas linguaxes, comunicándose creativamente a través das diferentes manifestacións e adquirindo sensibilidade estética.
- Desenvolver o sentir de autoconfianza nas producións artísticas persoais, amosando interese pola súa mellora, respectando e valorando as creacións propias e as das demais persoas.

## **CONTIDOS**

- Exploración sensorial dos elementos presentes no contorno
- Gozo coas obras artísticas distinguindo e apreciando elementos básicos de ritmos, melodías, timbres, ... que lles permitan ás nenas e aos nenos desenvolver a súa sensibilidade estética
- Exploración das posibilidades sonoras da voz, do propio corpo, de obxectos cotiáns e de instrumentos musicais. Utilización dos sons achados para a interpretación e a creación musical.
- Vivencia do son e do silencio
- Recoñecemento de sons do contorno natural e social, e discriminación dos seus trazos distintivos.
- Creación de secuencias de movementos e ritmos a partir das sensacións que lle xera a música.

- Audición atenta de obras musicais populares, clásicas e contemporáneas. Participación activa e goza na interpretación de cancións, xogos musicais e danzas colectivas e individuais.
- Vivencia de xestos e movementos como recursos corporais para a expresión e a comunicación e máis o intercambio afectivo.
- Participación en actividades de dramatización, danzas, xogos simbólicos e outros xogos de expresión corporal

### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

- Expresarse e comunicarse utilizando medios, materiais e técnicas propios das diferentes linguaxes artísticas e audiovisuais.
- Mostrar interese por explorara as súas posibilidades de expresión e representación, por gozar coas súas producións e por compartir as experiencias creativas, estéticas e comunicativas.
- Comprender as mensaxes musicais, mostrando unha actitude de escoita atenta e respectuosa
- Amosar unha actitude positiva cara á aprendizaxe da música

### **METODOLOXÍA E MATERIAIS CURRICULARES**

Seguirase unha liña participativa, activa e globalizada.

O alumnado chega a Educación Infantil con multitudes de ideas previas sobre a música e o concepto musical e artístico. O noso traballo como Mestres, e mediadores é partir das súas ideas previas, do seu nivel de desenvolvemento, usar aprendizaxes significativas e constructivas que poñan ao alumnado no seu desenvolvemento e modificar ou complementar as súas ideas previas.

Así mesmo traballaremos na liña dos grandes pedagogos do século XX incluíndo na nosa proposta didáctica a fononimia de Kodaly, o traballo autídico de Willems, o instrumentario Orff, a relaxación como método de Martenot, a canción e musicogramas de Wuytack, etc

Os contos musicais e os xogos serán recursos moi utilizados na nosa clase co fin de aproximar ós nenos/as dunha maneira lúdica á música.

Entre os recursos materiais que dispoñemos atopamos: instrumentos PAI e PAD, bibliografía variada, discografía variada de músicas galegas e

doutros folclores, fichas, cartolinas, gomets, títeres, .... Que nos axudarán a desenvolver a tarefa musical así como a motivar ao alumnado

### **PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

A avaliación do cumprimento dos obxectivos farase mediante a observación sistemática do alumnado tendo en conta os seguintes ítems:

- Participa con interese en actividades expresivas musicais
- Decobre as posibilidades expresivas musicais do seu propio corpo
- Valora e respecta as producións musicais dos compañeiros e compañeiras
- Explora as propiedades sonoras do corpo
- Explora as posibilidades sonoras da voz
- Explora as posibilidades sonoras de obxectos cotiáns e de instrumentos musicais
- Diferenza son e silencio
- Reproduce esquemas rítmicos diversos
- Participa cando se fai actividades musicais
- Produce sons e ritmos empregando instrumentos musicais
- Mostra unha actitude de atención e relaxación diante da escoita de distintas obras musicais
- Acórdase das cancións e fragmentos de música traballados
- Coordina as súas accións musicais coas das demais nenas e nenos
- Participa activamente na interpretación de cancións e xogos musicais
- Participa activamente na interpretación de danzas colectivas e individuais

### **MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

Partimos da heteroxeneidades como componente esencial da nosa aula, ademais das necesidades educativas que todos os nenos/as teñen, faremos especial consideración ás necesidades educativas especiais presentes na nosa aula.

Unha vez que se detecten estas necesidades ou se observen dificultades de aprendizaxe, poráanse en práctica as actividades ou procedementos de reforzo.

- PROGRAMACIÓN DE INGLÉS.

**Proxecto**

**Curricular de**

**Área: Inglés**

**2º Ciclo de**

***Educación Infantil***

## **XUSTIFICACIÓN TEÓRICA DO PROXECTO**

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira é considerada un elemento enriquecedor na Educación Infantil, tanto polas necesidades culturais dos nosos tempos coma polo alto grao de compatibilidade dos procedementos involucrados na aprendizaxe do inglés cos obxectivos propostos pola Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio.

A capacidade dos nenos máis pequenos para aprender idiomas é coñecida e aceptada pola maioría dos especialistas, ao que se engade a posibilidade de integrar o ensino do inglés na metodoloxía da Educación Infantil en xeral. Ao iniciar o estudo dunha lingua estranxeira a unha idade tan temperá, preténdese que a adquisición da lingua se realice dun xeito lúdico e estimulante que prepare o neno para o proceso continuado que abarcará a Educación Primaria e Secundaria na súa totalidade. Os nenos que teñen este contacto cunha lingua estranxeira na Educación Infantil desenvolverán, cun esforzo mínimo, un conxunto de aptitudes e capacidades (sobre todo de comprensión auditiva e de pronuncia) que lles axudará ao longo dos seus anos de estudo.

### **Obxectivos xerais da etapa de infantil**

1. A finalidade da Educación infantil é a de contribuír ao desenvolvemento físico, afectivo, social e intelectual dos nenos e das nenas.



2. En ambos os ciclos atenderase progresivamente ao desenvolvemento afectivo, ao movemento e aos hábitos de control corporal, ás manifestacións da comunicación e da linguaxe, ás pautas elementais de convivencia e relación social, así como ao descubrimento das características físicas e sociais do medio. Ademais facilitarase que nenas e nenos elaboren unha imaxe de si mesmos positiva e equilibrada e adquiren autonomía persoal.

A Educación infantil contribuirá a desenvolver nas nenas e nenos as capacidades que lles permitan:

- h. Coñecer o seu propio corpo e o dos outros, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
- i. Observar e explorar a súa contorna familiar, natural e social.
- j. Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- k. Desenvolver as súas capacidades afectivas.
- l. Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.
- m. Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- n. Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lecto-escritura e no movemento, no xesto e no ritmo.

### **As tres áreas de experiencia na Educación Infantil**

As tres áreas son:

- ✓ Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal.
- ✓ Coñecemento da contorna.
- ✓ Linguaxes: comunicación e representación.

Convén destacar que o obxectivo deste proxecto é que os ensinamentos derivados do método non se limiten á aprendizaxe do inglés. Así e todo, dado que se abarcan áreas de coñecementos próximos á propia experiencia dos nenos, estes entrarán tamén en contacto con conceptos, procedementos e actitudes das áreas de identidade e autonomía persoal, medio físico e social e comunicación e representación. O ensino do inglés bríndanos a oportunidade de integrar estas áreas dunha forma globalizadora, así como de demostrar a súa interdependencia. Polo tanto, os nenos non só aprenden inglés, senón que o utilizan como unha ferramenta de comunicación que lles permite descubrir e coñecer o seu corpo e adquirir unha imaxe positiva de si mesmos e dos seus compañeiros, a fin de adoptar actitudes autónomas con hábitos básicos de saúde e benestar e iniciar e promover as súas relacións sociais cos outros nenos e cos adultos.

## **Principios metodolóxicos da ensinanza do inglés na Educación Infantil**

### **Input lingüístico adecuado**

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira nos nenos da Etapa de Infantil é moi semellante ao proceso de adquisición da lingua materna. O neno deberá entrar en contacto cunha linguaxe sinxela, pero natural, que non se limite a unhas poucas palabras de vocabulario específico, senón que constitúa unha ferramenta coa que acceder á realidade que o rodea. Noutras palabras, tan importantes son as frases que marcan o labor cotián na aula de inglés como as que aparecen nas unidades dos materiais da clase.

### **Coordinación cos titores**

Ao ensinársese como unha ferramenta para a comunicación e para a representación, o inglés entra a formar parte do currículo xeral desta etapa e permite abarcar toda unha serie de conceptos, procedementos e actitudes que se encadran perfectamente dentro da Educación Infantil. Por esta razón, a coordinación cos titores dos nenos resulta esencial para garantir que a aprendizaxe do inglés se enfoca de xeito integrado e globalizado coas outras áreas do currículo. É moi importante tamén que, ao comezar o curso, os profesores de inglés se poñan de acordo cos titores para que os temas que se tratan nos materiais da clase coincidan cos doutras áreas.

### **Rutinas da clase**

Unha das bases dos materiais da clase son as rutinas que se integran no curso para desenvolver tanto a competencia sociocultural (os nenos aprenden que poden esperar da súa clase e que se espera deles) coma a competencia comunicativa (os nenos adquiren unha nova ferramenta de comunicación e unha serie de estratexias para entender e ser entendidos). Todas as leccións presentan idéntica estrutura, que se vai completando con distintas versións dos mesmos tipos de xogos e actividades.

### **Actividades curtas**

A capacidade de atención e de concentración dos nenos na Educación Infantil é bastante limitada. Convén non dedicar demasiado tempo a unha determinada actividade e impartir as clases de modo que as actividades se

sucedan rapidamente. Por este motivo, recoméndase non dedicar máis de dez minutos a cada unha delas.

### **O período de silencio**

Ao comezo da súa aprendizaxe, moitos nenos atópanse no que os lingüistas denominan «período de silencio». Nesta fase rexeitan falar en inglés; con todo, óeno todo e utilizan o que oen para estruturar as súas nocións sobre o funcionamento deste novo idioma. É máis importante ofrecerlles numerosas oportunidades para que comprendan como funciona o idioma que insistirlles en que produzan determinadas palabras ou frases. Para iso, proporcionárolles distintas posibilidades de resposta segundo os diversos tipos de aprendizaxe de cada alumno. Deste xeito, se lles expomos unha pregunta, brindárolles a oportunidade de demostrar que nos entenderon a través dunha resposta física. Imitando o xeito en que se adquire o primeiro idioma, proporcionárolles respostas positivas para comunicarse.

### **Colaboración cos pais**

Convén tamén manter un estreito contacto cos pais, explicándolles o que se pode esperar dos nenos e o método de traballo que se vai desenvolver dándolles pistas para que poidan apoiar aos seus fillos no proceso de aprendizaxe. Adoita dar bos resultados organizar unha función ao final de curso na que os nenos canten as súas cancións favoritas e os pais poidan compartir os seus logros con eles.

### **Integración dos materiais da clase cos obxectivos da Educación Infantil no 2.º ciclo**

Os obxectivos dos materiais da clase coinciden cos da etapa de Educación Infantil indicados no Real decreto 1630/2006 de 29 de decembro polo que se establecen os ensinamentos mínimos do segundo ciclo de Educación Infantil. En definitiva, nos materiais da clase intentamos axudar os nenos, a través do inglés, a coñecer mellor o seu corpo para que desenvolvan unha imaxe positiva de si mesmos; a observar e explorar a súa contorna máis inmediata; a coñecer outras manifestacións culturais; a representar e evocar aspectos diversos da realidade vividos, coñecidos ou imaxinados; a conseguir unha seguridade afectiva e emocional cada vez maior; a utilizar a linguaxe de forma axustada a diferentes situacións para comprender e ser comprendido; a

expresar ideas, sentimentos, experiencias e desexos; e a adquirir bos hábitos de alimentación e hixiene.

A continuación, detallamos os obxectivos de cada unha das tres áreas en Educación Infantil.

## **1 O coñecemento de si mesmo e a autonomía persoal**

Esta área de coñecemento e experiencia fai referencia, de forma conxunta, á construción gradual da propia identidade, ao establecemento de relacións afectivas cos demais e á autonomía persoal como procesos inseparábeis e necesariamente complementarios. Os contidos que nesta área se agrupan, adquiren sentido dende a complementariedade co resto das áreas, e deberán de interpretarse nas propostas didácticas dende a globalidade da acción e das aprendizaxes.

Para contribuír ao coñecemento de si mesmo e á autonomía persoal, convén promover o xogo como actividade privilexiada que integra a acción coas emocións e co pensamento, e favorece o desenvolvemento social.

A escola, e especialmente a estas idades, é un ámbito particularmente adecuado para enriquecer os procesos de construción do coñecemento de si mesmo e da autonomía persoal, ofrécese unha intervención educativa axustada ás distintas necesidades individuais en contextos de benestar, seguridade e afectividade.

Os contidos divídense en catro bloques; o corpo e a propia imaxe, xogo e movemento, a actividade e a vida cotiá e o coidado persoal e a saúde

Achegarse a eses temas é algo inherente en calquera clase de infantil. Ademais, a través dos contos e temas tratados nos materiais do curso trátase de desenvolver a autonomía persoal de cada alumno así como o coñecemento de si mesmo. Na clase de inglés o xogo e o movemento son claves.

### **Obxectivos**

En relación coa área, a intervención educativa terá como obxectivo ou desenvolvemento das seguintes capacidades:

- g) Formarse unha imaxe axustada e positiva de si mesmo, a través da interacción cos outros e da identificación gradual das propias características, posibilidades e limitacións, desenvolvendo sentimentos de autoestima e autonomía persoal.

h) Coñecer e representar o seu corpo, os seus elementos e algunhas das súas funcións, descubriendo as posibilidades de acción e de expresión e coordinando e controlando cada vez con maior precisión xestos e movementos.

i) Identificar os propios sentimentos, emocións, necesidades ou preferencias, e ser capaces de denominalos, expresalos e comunicárllelos aos demais, identificando e respectando, tamén, os dos outros.

j) Realizar, de xeito cada vez máis autónomo, actividades habituais e tarefas sinxelas para resolver problemas da vida cotiá, aumentando o sentimento de autoconfianza e a capacidade de iniciativa, e desenvolvendo estratexias para satisfacer as súas necesidades básicas.

k) Adecuar o seu comportamento ás necesidades e requirimentos dos outros desenvolvendo actitudes e hábitos de respecto, axuda e colaboración, evitando comportamentos de submisión ou dominio.

l) Progresar na adquisición de hábitos e actitudes relacionados coa seguridade, coa hixiene e co fortalecemento da saúde, apreciando e gozando das situacións cotiás de equilibrio e benestar emocional.

## **2 O medio físico, natural, social e cultural**

Con esta área de coñecemento e experiencia preténdese favorecer en nenos e nenas o proceso de descubrimento e representación dos diferentes contextos que compón a contorna infantil, así como facilitar a súa inserción neles, de xeito reflexivo e participativo. Os contidos desta área adquiren sentido dende a complementariedade co resto das áreas, e haberán de interpretarse nas propostas didácticas dende a globalidade da acción e das aprendizaxes. Así por exemplo, o medio non pode ser comprendido sen a utilización das diferentes linguaxes, da mesma forma a realización de desprazamentos orientados ha de facerse dende o coñecemento do propio corpo e da súa localización espacial.

Ao longo desta etapa, os nenos e as nenas descubren a súa pertenza ao medio social. A vida escolar leva o establecemento de experiencias máis amplas que os achegarán ao coñecemento das persoas e das relacións interpersoais, xerando vínculos e desenvolvendo actitudes como confianza, empatía e apego que constitúen a sólida base da súa socialización. No desenvolvemento destas relacións afectivas, terase en conta a expresión e comunicación das propias vivencias, das súas emocións e sentimentos, para a construción da propia identidade e para favorecer a convivencia.

Progresivamente hanse de ir achegando ao coñecemento dalgúns trazos culturais propios. A diversidade cultural aconsella aproximar a nenos e nenas aos usos e costumes sociais dende unha perspectiva aberta e integradora que lles permita coñecer diversos modos e manifestacións culturais presentes na sociedade e xerar así actitudes de respecto e aprecio cara a elas.

A importancia das novas tecnoloxías e a súa incorporación actual ao funcionamento da sociedade aconsellan que nenas e nenos identifiquen o papel que estas tecnoloxías teñen nas súas vidas, interesándose polo seu coñecemento e iniciándose no seu uso.

Os contidos divídense en tres bloques; o medio físico: elementos, relacións e medida, o achegamento á natureza e á cultura e á vida en sociedade. Nos materiais de Lingua Estranxeira pódense achegar eses temas aos alumnos a través dos contos e vídeos e outros materiais e actividades curriculares.

### **Obxectivos**

En relación coa área, a intervención educativa terá como obxectivo o desenvolvemento das seguintes capacidades:

- f) Observar e explorar de forma activa a súa contorna, xerando interpretacións sobre algunhas situacións e feitos significativos e mostrando interese polo seu coñecemento.
- g) Relacionarse cos demais, de forma cada vez máis equilibrada e satisfactoria, interiorizando progresivamente as pautas de comportamento social e axustando a súa conduta a elas.
- h) Coñecer distintos grupos sociais próximos á súa experiencia, algunhas das súas características, producións culturais, valores e formas de vida, xerando actitudes de confianza, respecto e aprecio.
- i) Iniciarse nas habilidades matemáticas, manipulando funcionalmente elementos e coleccións, identificando os seus atributos e calidades e establecendo relacións de agrupamentos, clasificación, orde e cuantificación.
- j) Coñecer e valorar os compoñentes básicos do medio natural e algunhas das súas relacións, cambios e transformacións, desenvolvendo actitudes de coidado, respecto e responsabilidade na súa conservación.

### **3 As linguaxes: comunicación e representación**

Aínda que pode contribuír nas demais áreas, quizais a área máis importante para Lingua Estranxeira é a da comunicación e representación. Esta área de coñecemento e experiencia pretende tamén mellorar as relacións entre o neno e o medio. As distintas formas de comunicación e representación serven de nexos entre o mundo exterior e interior ao ser instrumentos que fan

posíbel a representación da realidade, a expresión de pensamentos, sentimentos e vivencias e as interaccións cos demais.

No uso de distintas linguaxes, nenas e nenos irán descubrindo a mellor adaptación de cada unha delas á representación das distintas realidades ou dimensións dunha mesma realidade. Deste xeito facilitarase que acomoden os códigos propios de cada linguaxe ás súas intencións comunicativas, achegándose a un uso cada vez máis propio e creativo das devanditas linguaxes.

As diferentes formas de comunicación e representación que se integran nesta área son: a linguaxe verbal, a linguaxe plástica, a linguaxe musical, a linguaxe corporal, a linguaxe audiovisual e a linguaxe das tecnoloxías da información e da comunicación, que, en certo xeito, integra os anteriores.

Doutra banda, a linguaxe oral é especialmente relevante nesta etapa, é o instrumento por excelencia de aprendizaxe, de regulación da conduta e de manifestación de vivencias, sentimentos, ideas, emocións, etc. A verbalización, a explicación en voz alta, do que están aprendendo, do que pensan e do que senten, é un instrumento imprescindible para configurar a identidade persoal, para aprender, para aprender a facer e para aprender a ser. Coa lingua oral irase estimulando, a través de interaccións diversas, o acceso a usos e formas cada vez máis convencionais e complexas.

No segundo ciclo de Educación Infantil preténdese que nenos e nenas descubran e exploren os usos da lectura e da escritura, espertando e afianzando o seu interese por eles. A utilización funcional e significativa da lectura e da escritura na aula, levaralles, coa intervención educativa pertinente, a iniciarse no coñecemento dalgunhas das propiedades do texto escrito e das súas características convencionais nas que a súa adquisición se ha de completar no primeiro ciclo de Primaria.

Así mesmo, é necesario o desenvolvemento de actitudes positivas cara á propia lingua e a dos demais, espertando sensibilidade e curiosidade por coñecer outras linguas. Na introdución dunha lingua estranxeira valorarase esta curiosidade e o achegamento progresivo aos significados de mensaxes en contextos de comunicación coñecidos, fundamentalmente nas rutinas habituais da aula.

A linguaxe audiovisual e as tecnoloxías da información e da comunicación presentes na vida infantil, requiren un tratamento educativo que, a partir do uso, inicie a nenas e nenos na comprensión das mensaxes audiovisuais e na súa utilización adecuada.

## **Obxectivos**

En relación coa área, a intervención educativa terá como obxectivo o desenvolvemento das seguintes capacidades:

- h) Utilizar a lingua como instrumento de comunicación, de representación, aprendizaxe e gozo, de expresión de ideas e sentimentos e valorar a

lingua oral como un medio de relación cos demais e de regulación da convivencia.

- i) Expresar emocións, sentimentos, desexos e ideas mediante a lingua oral e a través doutras linguaxes, elixindo a que mellor se axuste á intención e á situación.
- j) Comprender as intencións e mensaxes doutros nenos e adultos, adoptando unha actitude positiva cara á lingua, tanto propia coma estranxeira.
- k) Comprender, reproducir e recrear algúns textos literarios mostrando actitudes de valoración, gozo e interese cara a eles.
- l) Iniciarse nos usos sociais da lectura e da escritura explorando o seu funcionamento e valorándoas como instrumento de comunicación, información e gozo.
- m) Achegarse ao coñecemento de obras artísticas expresadas en distintas linguaxes e realizar actividades de representación e expresión artística mediante ou emprego de diversas técnicas.
- n) Iniciarse no uso oral dunha lingua estranxeira para comunicarse en actividades dentro da aula, e mostrar interese e gozo ao participar nestes intercambios comunicativos.

## **AS COMPETENCIAS BÁSICAS**

Na definición que a Lei orgánica de educación (LOE) fai do currículo, atopámonos tanto cos compoñentes tradicionais (obxectivos, contidos, métodos pedagóxicos e criterios de avaliación) coma coas *competencias básicas*. Aínda que non se participa ata o 4º curso de primaria na denominada avaliación de diagnóstico, na que deberá demostrar a adquisición de determinadas competencias, no segundo ciclo de infantil pódese empezar a facilitar o desenvolvemento das competencias básicas establecidas para a educación básica de xeito moderado. A avaliación en primaria non ten consecuencias académicas para os/as alumnos/as, pero o feito de que os seus resultados sirvan de orientación para que os centros adopten decisións relativas ás aprendizaxes dos/as alumnos/as, dános unha idea de como os procesos educativos se ven condicionados por este elemento na liña de ser moito máis funcionais.

Fronte a un modelo educativo centrado na adquisición de coñecementos máis ou menos teóricos, desconectados entre si en moitas ocasións, un proceso educativo baseado na adquisición de competencias incide, fundamentalmente, na adquisición duns saberes imprescindibles, prácticos e integrados, saberes que haberán de ser demostrados polo alumnado (é algo máis ca unha formación funcional). En suma, unha competencia é a



capacidade posta en práctica e demostrada de integrar coñecementos, habilidades e actitudes para resolver problemas e situacións en contextos diversos. De forma moi gráfica e sucinta, chegouse a definir como a posta en práctica dos coñecementos adquiridos, os *coñecementos en acción*, é dicir, *mobilizar* os coñecementos e as habilidades nunha situación determinada (de carácter real e distinta daquela en que se aprendeu), *activar* recursos ou coñecementos que se teñen (aínda que se crea que non se teñen porque se esqueceron).

Hai un aspecto que cómpre salientarmos, sobre o que se pode chamar *carácter combinado* da competencia: o alumnado, mediante o que *sabe*, debe demostrar que o *sabe aplicar*, pero ademais que *sabe ser e estar*. Desta forma vemos como unha competencia integra os diferentes contidos que son traballados na aula (conceptos, procedementos e actitudes), exemplo dunha formación integral do/a alumno/a. En suma, estamos a recoñecer que a institución escolar non só prepara o/a alumno/a no coñecemento de saberes técnicos e científicos, senón que o fai tamén como cidadán/a, de aí que deba demostrar unha serie de actitudes cívicas e intelectuais que implique o respecto aos demais, ser responsable, traballar en equipo...

Tamén é importante outro aspecto: formar en competencias permite facerlle fronte á constante renovación de coñecementos que se produce en calquera área de coñecemento. A formación académica do alumnado transcorre na institución escolar durante un número limitado de anos, pero a necesidade de formación persoal e/ou profesional non remata nunca, polo que unha formación competencial no uso, por exemplo, das tecnoloxías da información e a comunicación permitirá acceder a este instrumento para conseguir a información que en cada momento se precise (obviamente, despois de analizarse a súa calidade). Se ademais temos en conta que moitas veces é imposible tratar en profundidade todos os contidos do currículo, está claro que o alumnado deberá formarse nesa competencia, a de *aprender a aprender*.

No noso sistema educativo considérase que as competencias básicas que debe ter o/a alumno/a cando remata a escolaridade obrigatoria para enfrontarse cos retos da súa vida persoal e laboral son as seguintes:

- Competencia en comunicación lingüística.
- Competencia matemática.
- Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico.
- Competencia no tratamento da información e competencia dixital.
- Competencia social e cidadá.
- Competencia cultural e artística.
- Competencia para aprender a aprender.

- Competencia en autonomía e iniciativa persoal.

### **Contribución da área de Lingua Estranxeira á adquisición das competencias básicas**

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira contribúe á adquisición da *competencia en comunicación lingüística* de xeito directo, completando, enriquecendo e enchendo de novos matices comprensivos e expresivos esta capacidade comunicativa xeral. Unha aprendizaxe da lingua estranxeira, baseada no desenvolvemento de habilidades comunicativas, contribuirá ao desenvolvemento desta competencia básica no mesmo sentido que o fai a primeira lingua.

A achega da lingua estranxeira ao desenvolvemento desta competencia é primordial no discurso oral dado que as habilidades de escoitar, falar e conversar, adquiren unha relevancia singular nesta etapa. Así mesmo, a aprendizaxe da lingua estranxeira mellora a competencia comunicativa xeral ao desenvolver a habilidade para expresarse.

A partir da adquisición da linguaxe, esta convértese en vehículo do pensamento humano, en instrumento para a interpretación e a representación da realidade e na ferramenta de aprendizaxe por excelencia. Esta materia contribúe ao desenvolvemento da *competencia para aprender a aprender* posto que acrecenta a capacidade lingüística xeral conferíndolle novas potencialidades e recursos diferentes para a comprensión e a expresión..

Esta materia é ademais un bo vehículo para o desenvolvemento da *competencia social e cidadá*. As linguas sérvenlles aos/ás falantes para comunicarse socialmente, forman parte da cultura común das diferentes comunidades e nacións. Pero tamén, en boa medida, son vehículo de comunicación e transmisión cultural, e favorecen o respecto, o interese e a comunicación con falantes doutras linguas e o recoñecemento e a aceptación das diferenzas culturais e de comportamento.

As competencias citadas están na actualidade en relación directa coa *competencia en tratamento da información e competencia dixital*. A utilización de recursos dixitais para a aprendizaxe é inherente á materia e este uso cotián contribúe directamente ao desenvolvemento desta competencia.

Esta materia inclúe especificamente un achegamento a manifestacións culturais propias da lingua e dos países nos que se fala e, polo tanto, contribúe a adquirir a *competencia artística e cultural* xa que propicia unha aproximación a obras ou autores que contribuíron á creación artística, como na literatura infantil.

O coñecemento dunha lingua estranxeira tamén contribúe á adquisición da *competencia en autonomía e iniciativa persoal*, en varios sentidos. O currículo fomenta o traballo cooperativo na aula, e o manexo de recursos e habilidades persoais dentro da área “O coñecemento de si mesmo/a e a autonomía persoal”, e isto supón poñer en funcionamento determinados procedementos que permiten o desenvolvemento de iniciativas e toma de decisións no traballo, propiciando así a autonomía e a iniciativa persoal.

Finalmente, e a pesar de que a *Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico* e a *Competencia matemática* non se mencionan especificamente nos obxectivos para Lingua Estranxeira, por mor da natureza dos materiais, pódense atopar moitas oportunidades de empezar a desenvolver tamén estas competencias.

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Aínda que durante a Educación Infantil o que buscamos principalmente é motivar os/as nenos/as máis que indicar os seus logros, o control do progreso é importante para poder facer un seguimento individualizado da aprendizaxe. No primeiro curso do 2º ciclo de infantil, como os/as nenos/as están empezando a aprender, a avaliación pódese basear na observación directa do seu desenvolvemento. É máis importante animalos/as a que participen, premiándoos con eloxios e pequenas recompensas, dedicar tempo a fixar os alicerces da futura aprendizaxe de idiomas con confianza.

O control de progreso é un labor continuo desde o 2º curso do 2º ciclo de infantil. Pódese facer en calquera momento, facendo varias preguntas despois da hora do conto, fixándose nos/as nenos/as mentres traballan na mesa e observando como se desenvolven nas actividades con toda a clase.

Os *criterios de avaliación* pódense dividir en dúas seccións:

### **Actividades de clase**

- Segue as instrucións da clase.
- Intenta comunicarse co profesor/a
- escoita e entende as cancións/rimas.
- Intenta participar nas cancións/rimas (letra, accións ou as dúas cousas).
- Pode seguir o conto.
- Participa nos xogos.
- Completa as fichas.
- Completa os traballos manuais con coidado.
- Responde non-verbalmente ás instrucións.
- Responde verbalmente ás instrucións.
- Recoñece o vocabulario clave da unidade e empeza a nomealo en inglés.

### **Actitude e comentarios xerais**

- Mostra interese en aprender.
- Esfórzase.
- Participa.
- Séntese seguro/a na clase.
- Respecta as rutinas e as normas da clase.
- Desenvolve a psicomotricidade grosa.
- Desenvolve a psicomotricidade fina.
- Coopera cos/as compañeiros/as da clase.
- escoita os/as compañeiros/as da clase.
- Respecta as normas das quendas de palabra.